



AUTOINFORME DE SEGUIMENTO

Grao en Lingua e Literatura inglesas

Curso Académico: Curso 2020-2021

- [Datos da universidade e do título obxecto do seguimento](#)
- [Cumprimento do proxecto establecido](#)
 - Dimensión 1. A xestión do título
 - [Criterio 1. Organización e desenvolvemento](#)
 - [Criterio 2. Información e transparencia](#)
 - [Criterio 3. Sistema de garantía de calidade](#)
 - Dimensión 2. Recursos humanos
 - [Criterio 4. Recursos Humanos](#)
 - [Criterio 5. Recursos materiais e servizos](#)
 - Dimensión 3. Resultados de aprendizaxe
 - [Criterio 6. Resultados da aprendizaxe](#)
 - [Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento](#)
- [Modificacións do plan de estudos](#)
- [Listaxe de evidencias e indicadores](#)
- Plan de Melloras
 - Abertas Curso 2020-2021
 - Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
 - Criterio 2 - Información e transparencia
 - Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento
 - [AM-1](#)
 - [AM-2](#)
 - Finalizadas Curso 2020-2021
 - Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
 - Criterio 2 - Información e transparencia
 - Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento

<u>1. DATOS DO TÍTULO</u>	
Denominación do título	Grao en Lingua e Literatura inglesas
Mencións/Especialidades	---
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s	---
Centro responsable	Facultade de Filoloxía
Centro/s onde se imparte	Facultade de Filoloxía
Rama de coñecemento	Artes e Humanidades
Número de créditos	240 ECTS
Profesión regulada	Non
Modalidade de impartición	Presencial
Curso de implantación	2009/2010
Data acreditación ex ante (verificación)	22/06/2009
Data renovación acreditación	15/09/2017

2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:

Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Como se especifica tanto nos *Informes de Seguimento do Grao en Lingua e Literatura Inglesas* 2016/2017, 2017/2018, 2018/2019 e 2019/2020 como no *Informe de Renovación de la Acreditación do Grao en Lingua e Literatura Inglesas* (IRA GLLI 2015-2016) (p. 3), e no apartado 2 ("Justificación, adecuación de la propuesta y procedimientos", p. 5; e Anexos: Apartado 2, p. 13-15) da *Memoria de Verificación* vixente do título, esta titulación segue respondendo ás demandas da sociedade no momento actual no que a lingua inglesa segue a utilizarse como lingua franca ou internacional nos máis diversos ámbitos da realidade. Esta situación xustifica a pertinencia dunha titulación que dota aos estudantes non só das destrezas necesarias para a comunicación fluída en lingua inglesa, senón tamén dun coñecemento extenso nos aspectos filolóxicos, lingüísticos, literarios e culturais asociados a esta lingua e ás sociedades que a manexan. A titulación fomenta deste xeito a comunicación transcultural, contribuíndo ademais á potenciación de valores de convivencia e tolerancia que permitan a apreciación da diversidade como un ben común e enriquecedor da sociedade. Proba desta actualización constante é a evolución dos contidos dalgúns materias para dar entrada aos fenómenos lingüísticos e literarios actuais, e constátase ademais no interese manifestado polos estudantes nestes aspectos na selección de temas para os seus TFG. A maioría das universidades españolas contan con titulacións similares, feito que avala a relevancia da titulación, e, dentro do ámbito dos estudos de filoloxía na Universidade de Santiago de Compostela, segue a ser a máis popular entre os estudantes, como proban os seguintes datos de matrícula:

EVOLUCIÓN DOS DATOS DE MATRÍCULA

A evolución dos datos relativos á matrícula en xeral confirma o interese do estudantado pola titulación:

- o número de prazas ofertadas mantense estable desde o curso 2011-2012 no que se estableceu unha limitación de 100 prazas ofertadas (IN01G) que se renova anualmente (E5-GLLI-Actas Comisión GLLI 2020-2021 (Acta do 18/01/2021)). Para máis información sobre a implantación desta limitación, consultar os *Informes de Seguimento do GLLI* dos cursos 2010-2011 (pp. 16, 19) e 2011-2012 (p. 16) (<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-filoloxia/calidade/documentacion-sgc>);

- a matrícula mantívose estable no curso 2020-2021 rexistrando un pequeno ascenso dos 483 estudantes rexistrados na titulación en 2019-2020 aos 490 matriculados en 2020-2021 (IN02G). Este dato parece corroborar a tendencia á estabilización no número de estudantes matriculados como suxerimos no *Informe de Seguimento 2018-2019*, o que indica a existencia de certo equilibrio na relación entre os estudantes que acceden cada ano á titulación e os estudantes que cada ano acadan o seu título: como ocorría no caso do *Informe de Seguimento 2019-2020*, o dato de 2020-2021 é semellante aos datos dos cinco últimos anos se temos en conta que no curso 2016-2017 foron 476 os matriculados na titulación, no curso 2017-2018 foron 469 e no curso 2018-2019 fixérono 470. Neste sentido, a recuperación da taxa de graduación que se sitúa xa no 64,84%, mellorando incluso o 60% no curso 2019-20 (IN37G) parece corroborar esta reflexión. O número de estudantes graduados no curso 2020-2021 foi lixeiramente máis baixo ca no curso 2019-20 pasando de 116 a 96, pero segue a ser considerablemente máis alto ca no curso 2028-2019 cando se graduaron 72

estudantes segundo se desprende do Informe de acreditación das cualificacións das materias do plan de estudos (2501099_INF.15_2020-2021). A causa deste descenso foi anunciada no *Informe de Seguimento 2019-2020* cando se anunciaba que o alto número de graduados nese curso suxería “un probable lixeiro descenso no número de matriculados no curso 2020-2021”.

- coma no curso pasado, a matrícula de acceso segue o seu proceso estable pero lixeiramente ascendente pasando de 107 en 2018-2019 a 113 en 2019-2020 e 115 en 2020-2021 (IN03G); en contraste, a matrícula de novo ingreso por preinscrición descendeu case imperceptiblemente no curso 2020-2021, pasando de 105 a 104 (IN04G). Como consecuencia, a variación da matrícula de novo ingreso por inscrición foi nesta ocasión negativa (-0,95) en contraste cos dous cursos anteriores cando fora positiva (6,06 en 2019-2020 e 2,02 en 2018-2019) despois de dous cursos con rexistros levemente negativos: -3,96 en 2017-2018, e -3,81 en 2016-2017 (IN05G). Os datos de matrícula son claramente positivos e o número de solicitudes segue a ser alto, xa que segue ascendendo pasando de 356 en 2018-2019 a 358 en 2020-2021 e de aí a 380 en 2020-2021 (364 procedentes de bacharelato, 9 de formación profesional, 4 titulados universitarios, 1 maior de 25 anos e 2 discapacitados), superando así as 374 solicitudes do curso 2017-2018. O número de solicitudes en primeira opción descendeu lixeiramente pasando de 129 en 2019-2020 a 121 en 2020-2021, aínda así superior as 109 de 2018-2019. En contraste, o número de matriculados en primeira opción ascendeu moi lixeiramente pasando de 91 en 2019-2020 a 92 en 2020-2021 (84 en 2018-2019), o que quere dicir que un 87,6% dos matriculados na titulación tiñana como primeira opción, mellorando o dato de 2019-2020 que fora de 85,8%. Do resto dos matriculados, 9 tiñan esta titulación como segunda opción, 2 como terceira e un como cuarta e quinta (2501099_INF.CIUG_2019-2020 e 2501099_INF.CIUG_2020-2021).

- como efecto dos indicadores anteriores, a relación de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas, ascende tamén lixeiramente con respecto ao ano pasado: a relación pasou así de 83% en 2018-2019 a 89% en 2019-2020 e de aí a 91% en 2020-2021 (IN10G);

- como ocorría no curso 2019-2020 e en contraste cos dous anos anteriores, a taxa de ocupación chega de novo ao 100% e volve a superar esta marca situándose no 104% (IN12G), o que supón un lixeiro descenso d un punto con respecto á taxa do curso anterior (105%);

- a porcentaxe de estudantes estranxeiros ascendeu moi lixeiramente con respecto ao curso anterior, pasando de 1,86% en 2019-2020 a 2,04% en 2020-2021 (IN08G); aínda que non superou o 2,13% rexistrado en 2018-2019, mantívose por encima das porcentaxes correspondentes aos cursos 2015-2016 e 2014-2015. En números absolutos isto supuxo o aumento de un estudante pasando de 9 en 2019-2020 a 10 en 2020-2021, o mesmo número ca o rexistrado en 2018-2019. En contraste, a porcentaxe de estudantes procedentes de fóra de Galicia descendeu pasando de 1,66% en 2019-2020 a 1,02% en 2021, rexistrando o valor máis baixo nos últimos anos (1,7% en 2018-2019; 1,49% do curso 2017-2018; 1,68 en 2016-2017; 1,28 en 2015-2016) (IN09G). En números absolutos isto supuxo un descenso no número de estudantes nacionais de fóra de Galicia pasando de 8 en 2019-2020 a 5 en 2020-2021 (IN09G). Este descenso probablemente teña que ver coa incidencia da COVID-19 que creou unha certa incerteza á hora de planificar os estudos. Polo tanto en ambos os casos os datos non son moi diferentes aos rexistrados no curso 2015-2016, cando o número de estudantes estranxeiros foi 8 (IN08G) e 6 o de estudantes nacionais de fóra de Galicia (IN09G). Parece, por tanto, apuntarse certa tendencia á estabilidade nestes datos, como xa indicabamos nos *Informes de seguimento* anteriores;

- con respecto á porcentaxe de estudantes recibidos pola USC a través de programas de mobilidade sobre o total de matriculados, obsérvase un drástico descenso, especialmente se se ten en conta a espectacular recuperación do curso 2017-2018, no que esta porcentaxe pasaba dun preocupante 3,78% en 2016-2017 a un 9,17% en 2017-2018 (IN18G), o que supoñía en números absolutos o paso de 18 estudantes en 2016-2017 a 43 no curso 2017-2018, preto do mellor dato histórico, rexistrado no curso 2014-2015, con 45 estudantes recibidos, o que supuxera entón un 9,7% (IN18G). No curso 2020-2021 produciuse un descenso serio na porcentaxe que se situou nun 1,63% fronte ao 5,74% de 2019-2020, o que supuxo que se recibiron un total de 8 estudantes estranxeiros na titulación fronte aos 25 do curso anterior (IN18G) (2501099_INF.3_2020-2021). A explicación deste descenso é sen dúbida o efecto da situación de emerxencia sanitaria que afectou seriamente os procesos de intercambio de estudantes. Non contamos con datos actualizados sobre a porcentaxe de estudantes enviados a través de programas de mobilidade (IN17G).

- como xa constatamos nos informes de seguimento de cursos anteriores, a capacidade de captación de alumnado da titulación na comunidade autónoma segue sendo indiscutible se temos en conta que un número importante dos

matriculados de novo ingreso proceden de áreas de influencia doutras universidades que ofrecen titulacións similares: segundo o informe da CIUG, dos 102 estudantes de novo ingreso procedentes da comunidade matriculados na cota xeral, 9 son da provincia de Ourense (7 en 2019-2020; 15 en 2018-2019) e 38 da provincia de Pontevedra (34 en 2019-2020; 28 en 2018-2019) (2501099_INF.CIUG_2020-2021). Do total de estudantes do GLLI, 49 proceden da provincia de Ourense (45 en 2019-2020; 41 en 2018-2019) e 179 da provincia de Pontevedra (161 en 2019-2020; 175 en 2018-2019; 15 de Pontevedra, catro menos ca nos dous cursos anteriores, e 27 de Vigo, dous máis ca no curso 2019-2020). Dos estudantes procedentes da provincia de A Coruña, 6 proceden do municipio de A Coruña (cinco menos ca en 2019-2020) e outros 7 do municipio de Ferrol (11 en 2019-2020) (2501099_INF.16_2020-2021).

ADECUACIÓN DO PERFIL FORMATIVO/EGRESO: SATISFACCIÓN DOS EGRESADOS

En xeral, os resultados das enquisas de satisfacción dos egresados parecen constatar a adecuación do perfil formativo:

- non contamos este ano con indicadores xerais referentes á satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible (IN23G) e cos servizos (IN33G);

-en canto á satisfacción dos egresados coa titulación, o resultado supera o resultado anterior do que dispoñemos referente ao curso 2018-2019 pasando de 3,12 a 3,39 en 2020-2021, valor lixeiramente superior aos rexistrados nos anos anteriores (3,09 en 2017-2018; 3,32 en 2016-2017; 3,36 en 2015-2016) (IN42G);

-o informe da enquisa de satisfacción dos egresados actual só recolle os datos globais da USC e polo tanto non desglosa os resultados por titulación, de xeito que a información aportada non se refire especificamente ao Grao en Lingua e Literatura Inglesas. Por este motivo, os datos cos que contamos sobre os egresados non resultan efectivos ou significativos para a elaboración dunha reflexión pertinente sobre o perfil formativo/egreso do GLLI. Decidimos polo tanto recuperar os datos e a reflexión incluída no *Informe de seguimento 2019-2020* incorporando os datos actuais da media global da USC co resultado seguinte:

No informe da enquisa de satisfacción aos egresados durante o curso 2018-2019 (2501099_INF.09_2019-2020) con respecto á formación recibida, como en anos anteriores, os egresados manifestaron un desequilibrio entre o nivel de satisfacción coa formación teórica e coa formación práctica: no primeiro caso (o relativo á formación teórica) o valor foi de 4, considerablemente superior ao 3,33 de 2018-2019 (3,56 en 2017-2018), e superior tamén ao 3,45 de media da USC en 2019-2020, valor que mellorou moi discretamente na enquisa de satisfacción correspondente ao primeiro semestre de 2020-2021 (3,61) e máis considerablemente na enquisa correspondente ao segundo semestre de 2020-2021 (2,85); no segundo caso (relativo á formación práctica) a valoración en 2019-2020 dentro do ámbito do GLLI foi considerablemente inferior, 2,11, pero melloraba o dato do ano anterior cando fora 1,93 (1,94 en 2017-2018); a valoración media da formación práctica na USC en 2019-2020 fora 2,66, inferior ao dato do primeiro semestre de 2020-2021 (2,95), e lixeiramente superior ao dato do segundo semestre de 2020-2021 (2,50). No informe correspondente ao curso 2019-2020 a valoración da contribución da titulación ao desenvolvemento de distintas capacidades mantívose estable no ámbito do GLLI, e tres dos catro aspectos superaron a media da USC: a "Capacidade de análise" que pasara de 3,39 en 2017-2018 a 3,20 en 2018-2019, ascendeu a 4 en 2019-2020 (fronte a 3,59 de media na USC en 2019-2020, valor que se mantivo estable nas enquisas do primeiro e segundo semestres de 2020-2021 nas que este resultado foi respectivamente 3,52 e 3,67); a "Capacidade de planificación, coordinación e organización" foi valorada cun 3,67 en 2019-2020 fronte ao 3,45 de media da USC, valor que tamén se mantivo estable nas enquisas do primeiro e segundo semestres de 2020-2021 cando os resultados foron 3,57 e 3,44 respectivamente; a "Creatividade" foi valorada cun 2,89 fronte ao 2,53 de media da USC en 2019-2020 (esta valoración media da USC ascendeu moi lixeiramente nas enquisas do primeiro e o segundo semestre de 2020-2021 pasando a ser 2,68 e 2,67 respectivamente). O único aspecto no ámbito do GLLI que non chegara á media da USC en 2019-2020 foi "Traballo en equipo" que acadara un 2,78 fronte ao 3,36 de media na USC (este valor medio da USC tamén se mantivo bastante estable nas enquisas do primeiro e segundo semestres de 2020-2021 cando os resultados foron 3,25 e 3,45 respectivamente). En 2019-2020 a satisfacción dos egresados do GLLI cos docentes fora tamén superior á media da USC: 3,22 fronte a 3,08 (a valoración media da USC mellorou lixeiramente nas enquisas do primeiro e do segundo semestres de 2020-2021 chegando case ao valor obtido no ámbito do GLLI en 2019-2020: 3,16 e 3,21). Aínda que os egresados do GLLI que traballaban (22,22%) e traballaban e estudaban (22,22%) en 2019-2020 valoraron a relación do traballo coa titulación cun 3,5 (3,55 de media na USC; esta valoración descendeu drasticamente nas enquisas do primeiro

e segundo semestres de 2020-2021 pasando a ser respectivamente 1,41 e 1,49), en xeral os egresados do GLLI en 2018-2019 valoraron a utilidade da titulación para o mercado laboral cun 2,89 (3,67 de media na USC en 2019-2020, só lixeiramente inferior nas enquisas do primeiro e segundo semestres de 2020-2021 cando os resultados foron 3,41 e 3,36 respectivamente), dato que resultaba curioso tendo en conta que a porcentaxe de egresados do GLLI traballando por conta allea en 2019-2020 era bastante superior á media da USC (22,22% fronte a 14,29%) (2501099_INF.09_1°S_2020-2021, 2501099_INF.09_2°S_2020-2021; para os datos de 2019-2020 v. 2501099_INF.09_2019-2020).

ADECUACIÓN DO PERFIL FORMATIVO/EGRESO: DATOS DE INSERCIÓN LABORAL

Non contamos con datos actualizados sobre inserción laboral, de xeito que nos remitimos á información e á reflexión incluída no *Informe de Seguimento 2018-2019* (p. 6):

Como se analizará no CRITERIO 7.3, os datos do informe de "Resultados de inserción laboral" (114: 2501099_EIL-SIIU_2018-2019) referidos á cohorte de egresados de 2013-2014 non son óptimos, pero si amosan unha tendencia á estabilidade laboral e ao gradual aumento do número de egresados afiliados á Seguridade Social coa categoría de titulados: no ano 2018, a taxa de afiliación foi de 46,8% e o 86,5% cotizaban no grupo de titulados. O informe de inserción laboral elaborado pola ACSUG corrobora estes datos como se explica no CRITERIO 7.3 (v. CRITERIO 7.3).

Cando analizamos os datos do informe da enquisa dos egresados no *Informe de Seguimento 2019-2020* (correspondente aos egresados en 2018-2019) observamos que, un 22,22% traballaban por conta allea (14,29% de media na USC); a mesma porcentaxe simultaneaba estudos e traballo, e a mesma porcentaxe facía estudos de máster; un 11,11% estaban a cursar outro grao; e o restante 22,22% estaban en outras situacións (2501099_INF.09_2019-2020). Con respecto ao curso 2020-2021, só coñecemos os datos agregados dos egresados en 2019-2020 de toda a USC distribuídos en dous informes, un correspondente aos egresados no primeiro semestre de 2019-2020 e outro correspondente aos egresados no segundo semestre de 2019-2020: entre os egresados da USC no primeiro semestre de 2019-2020, un 20,45% traballan por conta allea (14,29% de media en 2019-2020), o 13,64% simultanea estudos e traballo, o 6,82% fai estudos de mestrado e o 2,27% están a cursar outro grao, o 2,27% traballan por conta propia, o 18,18% prepara oposicións e o 34,09% están en outras situacións; entre os egresados no segundo semestre de 2019-2020, un 17,68% traballan por conta allea (14,29% de media en 2019-2020); o 9,76% simultanea estudos e traballo; o 31,71% fai estudos de mestrado e o 3,05% están a cursar outro grao; o 3,05% traballan por conta propia; o 17,68% prepara oposicións e o 11,89% están en outras situacións. Reiteramos que dado que os datos dispoñibles para os egresados no curso 2019-2020 non están desagregados por titulacións resulta imposible extraer información útil para analizar o grao de inserción laboral dos egresados do GLLI. (2501099_INF.09_1°S_2020-2021, 2501099_INF.09_2°S_2020-2021; para os datos de 2019-2020 (egresados en 2018-2019) v. 2501099_INF.09_2019-2020). Por iso insistiremos ante a ACMP na necesidade de volver a desagregar este informe por titulacións a través dunha acción de mellora (AM-1.1).

1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.
- O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndese co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

OFERTA DE MÓDULOS, MATERIAS, ASIGNATURAS

Como indicamos no *IRA 2015-2016*, en xeral, continúanse a cumprir fielmente os compromisos formulados na *Memoria de Verificación* do título con respecto á estrutura do ensino, á programación e posta en marcha das diferentes materias e

módulos que compoñen o plan de estudos e ás metodoloxías de ensino-aprendizaxe proxectadas. A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na *Memoria de Verificación* e, se é o caso, nas sucesivas modificacións debidamente analizadas no *IRA 2015-2016* (p. 8) e nos sucesivos Informes de seguimento (*Informe de Seguimento 2016/2017*, pp. 7 e 56; *Informe de Seguimento 2017-2018*, p. 7).

TIPOLOXÍA DAS ACTIVIDADES FORMATIVAS

A tipoloxía das actividades formativas no curso 2020-2021 axustouse na medida do posible á descrición exposta na *Memoria de Verificación*, tal e como se explica máis detalladamente no *IRA GLLI 2015-2016* (pp. 9-10), tendo en conta a necesidade de adaptación ás medidas sanitarias decretadas polas autoridades competentes. Como xa se constatou tanto no *IRA* como nos Informes de seguimento do GLLI dos cursos 2010-2011 (pp. 21-22), 2011-2012 (pp. 21-22), 2012-2013 (pp. 21-22), 2013-2014 (p. 17), 2016-2017 (p. 8), 2017-2018 (p. 7), 2018-2019 (p. 7) e 2019-2020 (p. 7) a implantación das titorías programadas segue a constituír un problema organizativo en parte debido a que non son recoñecidas como actividade docente plena no POD.

Como se anuncia máis arriba, durante o curso 2020-2021 producíronse cambios na tipoloxía das actividades formativas para axustalas ás medidas sanitarias decretadas polas autoridades, o que supuxo un grande esforzo por parte do PDI do GLLI. A Facultade de Filoloxía (e polo tanto todas as titulacións que nela se imparten) adoptou estritamente todas as normas recollidas tanto na RESOLUCIÓN REITORAL DO 2 DE SETEMBRO DE 2020 POLA QUE SE DISPOÑEN MEDIDAS FRONTE Á COVID-19 PARA O INICIO DO CURSO 2020-2021 (E4_GLLI_RR 02-09-2020_2020-2021), como nas DIRECTRICES PARA O DESENVOLVEMENTO DUNHA DOCENCIA PRESENCIAL SEGURA. CURSO 2020-2021 (E4_GLLI_Directrices docencia presencial Segura_2020-2021). O Decanato da Facultade de Filoloxía estableceu un protocolo de actuación e unha serie de directrices para a súa aplicación no Centro durante o primeiro semestre; dada a evolución da situación sanitaria, tales directrices tiveron que ser extendidas para a súa aplicación tamén no segundo semestre (E4_GLLI_Avance información sobre actividade académica_2020-2021). Seguindo as medidas establecidas no RR 02-09-2021, a Facultade de Filoloxía adaptou as actividades formativas a un escenario 1 (presencialidade plena) a excepción dos casos nos que tal escenario non era posible sen violar as medidas de seguridade sanitaria: nestes casos recorreuse ás características especificadas nos programas das materias correspondentes para escenario 2. Tendo en conta as restricións de aforo necesarias para manter as medidas de seguridade nas aulas e o número de estudantes matriculados en materias do GLLI, manter a tipoloxía da docencia destas materias supuxo un complexo traballo de adaptación. A Facultade de Filoloxía optou por manter os horarios establecidos e redistribuír as aulas do xeito máis coherente posible tendo en conta a situación extraordinaria. O PDI de cada materia foi o encargado de organizar as actividades docentes atendendo á situación particular de cada materia e sempre intentando garantir o dereito do estudantado a unha docencia adecuada: todas as materias do GLLI teñen un peso de 60 créditos equivalentes a tres horas de clase semanais (distribuídas en sesións interactivas de seminario ou de laboratorio e sesións expositivas) durante un semestre, o que quere dicir que o PDI do GLLI tivo que garantir o desenvolvemento de todas estas sesións utilizando o máximo de docencia presencial posible, complementada con sesións e actividades docentes virtuais asíncronas. Aínda que algunhas materias (principalmente algunha das optativas da especialidade) puideron manter a docencia presencial plena, moitas das materias do GLLI tiveron que levar a cabo reaxustes: en xeral, o PDI das materias do GLLI optou por manter a presencialidade plena nas sesións interactivas (isto é, utilizar as sesións presenciais prioritariamente para docencia interactiva) e adaptar as sesións expositivas a formatos virtuais asíncronos consistentes principalmente na elaboración de vídeos a disposición do estudantado nas aulas virtuais das materias (E4_GLLI_Distribución docencia_1S_2020-2021). Deste xeito, conseguiuase manter a tipoloxía das actividades docentes (sesións expositivas e interactivas de seminario e de laboratorio), pero na maioría dos casos combinando sesións presenciais síncronas e virtuais asíncronas. Como xa avanzamos máis arriba, o mesmo sistema foi aplicado nas materias con docencia no segundo semestre, que por decisión das autoridades sanitarias comezou nun escenario 3 con docencia plenamente virtual. Esta situación estendeuse durante as tres primeiras semanas, pasadas as cales retomouse a sistema vixente no primeiro semestre: escenario 1 combinado con escenario 2 (E4_GLLI_Intsrucción Xerencia 27-01-2021_2020-2021; para unha recompilación das normas establecidas con relación á crise da COVID-19 polos organismos da USC v. <https://www.usc.es/gl/usc/covid19/recompilacion-normativa>).

Tendo en conta estas circunstancias, as aulas virtuais das materias seguiron a constituír unha canle de comunicación fundamental entre o PDI encargado de cada materia e o estudantado, xunto co correo electrónico e a ferramenta Microsoft Teams. Estes foron ademais os medios utilizados principalmente para levar a cabo as sesións de titorías. No caso do estudantado de primeiro, a coordinadora contactou con todos eles a través do e-mail antes da sesión de benvinda

para enviarlles información relativa ao uso do campus virtual e a plataforma Microsoft Teams. Tal información estivo ademais a disposición do estudantado na aula virtual de coordinación de primeiro curso do GLLI.

Con respecto á docencia non presencial, de novo a ferramenta fundamental en todas as materias foi a aula virtual, que habitualmente se complementou co uso doutras ferramentas como e-mail e Microsoft Teams. En todas as materias o profesorado elaborou materiais e actividades específicas para utilizar como parte da docencia non presencial, materiais e actividades que se utilizaron principalmente na aula virtual da materia.

Con respecto á materia tfg, os docentes atenderon aos alumnos e revisaron os tfgs asignados principalmente a través do e-mail e utilizando a ferramenta Microsoft TEAMS para levar a cabo as sesións de tutoría.

PROGRAMACIÓN DAS MATERIAS

Como se pode comprobar consultando os programas das materias (<https://www.usc.gal/gl/estudios/gaos/artes-humanidades/grao-lingua-literatura-inglesas>), as actividades académicas, así como as metodoloxías docentes e os sistemas de avaliación vixentes, buscan garantir a consecución das competencias (básicas, xerais e específicas) da titulación referidas no Apartado 3 da *Memoria de Verificación* (pp. 5-6).

Como xa ocorrera no curso 2019-2020 a programación das materias foi un dos aspectos afectados pola situación sanitaria derivada da incidencia da COVID-19. Por este motivo, os programas de todas as materias tiveron que ser elaborados tendo en conta a posibilidade de flutuacións nesta situación durante o curso 2020-2021, o que levou á necesidade de contemplar tres escenarios potenciais e definir as programacións específicas para cada un deles: escenario 1 (presencialidade total), escenario 2 (combinación de docencia presencial e virtual) e escenario 3 (confinamento total e docencia completamente virtual). Seguindo as instrucións da reitoría manifestadas no documento DIRECTRICES PARA O DESENVOLVEMENTO DUNHA DOCENCIA PRESENCIAL SEGURA. CURSO 2020-2021 (E4_GLLI_Directrices docencia presencial Segura_2020-2021), os programas foron elaborados en base ao escenario 1, e no apartado de "Observacións" engadiuse a información correspondente aos escenarios 2 e 3.

Como ocorrera xa no curso anterior, o alumnado manifestou en 2020-2021 un alto grao de satisfacción nas enquisas de satisfacción coa docencia recibida en aspectos relacionados coa programación: o aspecto "Os contidos desenvolvéronse de acordo co cronograma temporal da materia inicialmente previsto antes da crise da COVID-19" foi o mellor valorado cun 4,30 (4,13 en 2019-2020) (2501099_INF.13_2020-2021).

SATISFACCIÓN COA PLANIFICACIÓN E DESENVOLVEMENTO DAS ENSINANZAS, OBXECTIVOS E COMPETENCIAS

No Informe das enquisas de satisfacción do alumnado sobre a titulación, o grao de satisfacción xeral coa titulación ascendeu lixeiramente con respecto ao ano anterior pasando de 2,58 en 2019-2020 a 2,66 en 2020-2021 (3 no curso 2018-2019). O informe correspondente ao curso 2020-2021 non ofrece información sobre os datos xerais da USC polo que non podemos establecer unha comparativa para este curso. As variacións con respecto á valoración do curso anterior non parecen moi significativas: sete dos aspectos valorados melloraron os seus valores con respecto ao ano anterior e outros sete empeoraron. O aspecto "Os horarios deste curso foron axeitados", que pasara de 3 en 2018-2019 a 2,58 en 2019-2020, mellora no curso 2020-2021 para chegar ao 3,24. Do resto dos aspectos que melloran tres valoracións foron superiores a 3: os trámites de matriculación pasaron de 3,15 en 2019-2020 a 3,52 en 2020-2021; a valoración das infraestructuras e materiais dispoñibles pasou de 2,52 en 2019-2020 a 3,14 en 2020-2021; e a valoración da utilidade do Campus Virtual pasou de 2,97 en 2019-2020 a 3,19 en 2020-2021. Melloraron tamén, aínda que non chegaron ao 3, as valoracións de a información dispoñible, que pasou de 2,45 en 2019-2020 a 2,90 en 2020-2021, os recursos educativos, que pasou de 2,52 en 2019-2020 a 2,76 en 2020-2021, e o calendario de probas de avaliación, que pasou de 2,55 a 2,67 en 2020-2021. O descenso no resto das valoracións non parece moi significativo: "A titulación é equilibrada nos contidos teóricos e prácticos", que pasara de 3 en 2018-2019 a 2,33 en 2019-2020, volve a descender lixeiramente quedando a súa valoración no 2,19 en 2020-2021; a distribución da carga de traballo, que fora valorada en 2019-2020 con 1,94 fronte a 1,67 en 2018-2019, foi agora valorada cun 1,86 (superior ao valor do curso 2018-2019); a valoración da organización da titulación, que pasara de 1,67 en 2018-2019 a 2,45 en 2019-2020, baixa en 2020-2021 a 2,33 (aínda así superior á valoración de 2018-2019); e o atractivo das prácticas ofertadas, que fora valorado cun 2,09 en 2019-2020 fronte a 1,67 no 2018-2019, foi valorado e 2020-2021 cun 1,95, de novo superior á valoración de 2018-2019. Os aspectos peor valorados

foron a organización da carga de traballo (1,86), a orientación profesional (1,95) e a oferta de prácticas (1,95). A Facultade segue a traballar na mellora dos dous últimos aspectos (v. E5-GLLI-Actas Comisión Prácticas Externas 2020-2021). Con respecto á carga de traballo levouse a cabo unha acción de mellora no curso 2021-2022, polo que non contamos aínda con datos sobre a súa efectividade.

De novo, o máis destacable destes resultados segue a ser a súa escasa representatividade dado que aínda que a participación ascendera lixeiramente pasando de 6,25% (3 estudantes) en 2018-2019 a 10,48% en 2019-2020 (non contamos co dato en números absolutos no informe do curso 2019-2020), esta porcentaxe volveu a baixar en 2020-2021 establecéndose no 6,29%. Polo tanto o número de respostas segue a ser baixo, o que nos leva a reflexionar sobre a necesidade de seguir a reforzar o sistema de información ao alumnado sobre esta enquisa e sobre a necesidade de que participen nela (2501099_INF.22_2018-2019 e 2501099_INF.22_2019-2020) (AM-2.1).

Tal e como se constataba no *Informe de Seguimento 2017-2018*, no *Informe de Seguimento 2018-2019* e no *Informe de Seguimento 2019-2020* (<https://www.usc.es/gl/centro/facultade-filoxia/calidade/documentacion-sgc>), os resultados manifestados polo profesorado en aspectos similares son considerablemente máis altos ca os manifestados polos estudantes e non se observan variacións significativas con respecto ao ano anterior [De novo o informe correspondente ao curso 2020-2021 non ofrece datos xerais sobre a USC polo que non se pode realizar unha comparativa]. Todos os aspectos son mellor valorados en comparación co curso anterior agás dous: a valoración sobre o cumprimento coa planificación académica do alumnado que pasa de 3,76 en 2019-2020 a 3,68 en 2020-2021 (3,69 en 2018-2019), e a valoración da calidade docente da titulación, que foi de 4,40, fronte a 4,43 en 2019-2020 e 4,32 en 2018-2019. Ambos descenso non parecen moi significativos. A organización da titulación foi valorada cun 4,20 fronte a 4,10 en 2019-2020 e 4,15 en 2018-2019 (o ítem "O desenvolvemento das ensinanzas na titulación" obtivera un 4 en 2017-2018); a coordinación dos docentes na organización do título foi valorada cun 4,04 fronte a 3,95 en 2019-2020 e 3,54 en 2018-2019 (a "Coordinación entre as materias do plan de estudos" obtivo un 3,53 en 2017-2018); o equilibrio dos contidos teóricos e prácticos obtivo unha valoración de 3,95 fronte a 3,83 en 2018-2019 (3,87 en 2017-2018); os horarios obtiveron unha valoración de 4,12 fronte a 3,62 en 2019-2020 e 3,92 en 2018-2019 (3,6 en 2017-2018); o calendario de probas de avaliación foi valorado cun 4,24 fronte a 3,57 en 2019-2020 e 3,77 en 2018-2019 (4 en 2017-2018); a valoración da distribución da carga de traballo foi de 3,88 fronte a 3,43 en 2019-2020 e 3,62 en 2018-2019; e a adecuación da formación en competencias profesionais foi valorada cun 3,92 fronte a 3,62 en 2019-2020 e 3,54 en 2018-2019 (3,60 en 2017-2018). O grao de satisfacción coa titulación dos docentes foi de 4,24 fronte a 4,10 en 2019-2020 e 4 en 2018-2019; os docentes consideran que o alumnado está satisfeito coa titulación (4,04 fronte a 3,71 en 2019-2020 e 3,62 en 2018-2019), e que asiste regularmente a clase (3,52 fronte a 3,43 en 2019-2020 e 3,54 en 2018-2019); o nivel de implicación na titulación mellora dun xeito bastante contundente pasando de 3,19 en 2019-2020 e 3,46 en 2018-2019 a 3,67. Non se observan polo tanto grandes disparidades entre os valores da titulación en 2020-2021 e os valores de cursos anteriores (2501099_INF.23_2017-2018, 2501099_INF.23_2018-2019 e 2501099_INF.23_2020-2021). No caso do profesorado, a taxa de resposta a esta enquisa, que descendera drasticamente en 2019-2020 con respecto aos anos anteriores pasando de 46,88% en 2017-2018 a 33,33% en 2018-2019 e a 16,41% en 2019-2020, recuperouse lixeiramente no curso 2020-2021 chegando ao 20%. A pesar da posta en marcha da acción de mellora 01 (AM-01) proposta no *Informe de seguimento 2018-2019*, a recuperación na taxa de resposta a esta enquisa segue a ser baixa. Un dos motivos desta baixa participación pode ser debida a que o cómputo total de profesores no GLLI é moi elevado debido ás características propias dos planes de estudos das titulacións de grao impartidas na Facultade de Filoloxía, de xeito que boa parte do PDI implicado na docencia da titulación non imparte materias do maior ou da especialidade do Grao en Lingua e Literatura Inglesas; estas últimas materias son impartidas polo PDI da área de inglés do departamento de filoloxía inglesa e alemá, que é sobre quen recae a inmensa maioría da docencia da titulación e é tamén o profesorado cos que a coordinadora contacta para animalos a participar na enquisa. O feito de que cada profesor teña que dar resposta a unha enquisa por cada titulación na que imparte docencia tampouco axuda, dado que para boa parte do PDI isto supón responder a cinco enquisas iguais correspondentes ás cinco titulacións de grao impartidas na Facultade de filoloxía, aínda que non imparta materias do maior ou da especialidade de catro das titulacións (AM-2.2).

PRÁCTICAS EXTERNAS

A Facultade segue a fomentar este aspecto formativo, como xa se manifestou no *IRA 2015-2016* (p. 9), no *Informe de Seguimento 2016-2017* (p. 9), no *Informe de Seguimento 2017-2018* (p. 9), no que se constata ademais o incremento na oferta de prazas no caso do Grao en Lingua e Literatura Inglesas, no *Informe de Seguimento 2018-2019* (p. 8) e no *Informe de Seguimento 2019-2020* (p. 9-10) (<https://www.usc.es/gl/centro/facultade-filoxia/calidade/documentacion-sgc>).

Como indicamos no *Informe de Seguimento 2018-2019*, en contraste coa ampliación da oferta, a porcentaxe de estudantes egresados que realizara este tipo de prácticas durante os seus estudos descendera drasticamente pasando de 11,84% no curso 2017-2018 a 5,56% en 2018-2019, sendo máis baixa incluso que a do curso 2016-2017 (8,06%). En números absolutos, isto supuxera un descenso de 5 estudantes, pasando de 9 en 2017-2018 a 4 en 2018-2019 (IN22G). No *Informe de Seguimento 2018-2019* tamén se manifestaba que “De manterse, esta tendencia descendente debería de ser obxecto dunha reflexión para tentar frenala” (p. 8). Durante o curso 2019-2020 esta porcentaxe experimentara unha mellora situándose no 6,74%, de xeito que foran 6 os alumnos que realizaran este tipo de prácticas, o que podería indicar un cambio na tendencia descendente e prometer certo optimismo. De todos modos, os temores manifestados no *Informe de Seguimento 2019-2020* sobre a incidencia da COVID-19 e os seus posibles efectos negativos na dinámica das prácticas externas no curso 2020-2021 cumpríronse, e a porcentaxe de estudantes egresados que realizaron este tipo de prácticas durante os seus estudos descendeu a 2,08 (IN22G). A incidencia da COVID-19, que afectara directamente ás prácticas externas do segundo semestre de 2019-2020, pero non tivera efectos no Grao en Lingua e Literatura Inglesas porque todos os estudantes desta titulación realizaron o seu período de prácticas no primeiro semestre, si afectou á realización de prácticas externas no curso 2020-2021, dado que ante a incerteza da situación sanitaria a oferta veuse limitada. Aínda así abriuse algún convenio novo e aprobouse unha modificación dos requisitos esixidos para a realización deste tipo de prácticas para facilitar o acceso do estudantado a esta opción formativa. Esta modificación consistiu nunha redución do número de créditos superados requiridos: ata 2020-2021 para poder matricularse na materia Prácticas en Empresas os estudantes tiñan que ter cursados como mínimo 150 créditos da súa titulación, o que supoñía que só podían realizar as prácticas cando se atopaban na segunda parte do seu plan de estudos. Co fin de incentivar a participación do alumnado nas prácticas, aprobouse rebaixar o número mínimo de créditos esixibles a 120. Isto permite ao estudantado iniciar as prácticas no segundo semestre do terceiro curso (E5-GLLI-Actas Comisión Prácticas Externas 2020-2021 (Acta do 30/04/2021); E5-GLLI-Actas Comisión Títulos de Grao-TFG 2020-2021 (Acta do 07/05/2021))

Non contamos con informes sobre o grao de satisfacción coas prácticas externas correspondentes ao curso 2019-2020, polo tanto a comparativa dos valores de 2020-2021 terá en conta os resultados do curso anterior á crise da COVID-19, 2018-2019. A valoración das prácticas externas nas enquisas de satisfacción dirixidas ao estudantado que realizou este tipo de actividade en 2020-2021 segue a ser moi positivo (2501099_INF.06_2020-2021). De feito, a valoración global dos estudantes pasou de 4,39 en 2017-2018 a 4,78 en 2018-2019 e de aí a 5 en 2020-2021 (IN19G). Non temos datos sobre o número de respostas obtidas na enquisa de satisfacción do alumnado coas prácticas externas, por iso solicitaremos nunha acción de mellora á ACMP que inclúa esta información neste informe no futuro. Tamén aumentou o grao de satisfacción dos titores profesionais con respecto ao curso 2018-2019, pasando 4,40 a 5 en 2020-2021 (4,06 en 2017-2018) (IN20G). Non temos datos sobre o grao de satisfacción dos titores académicos polo que supoñemos que ningún deu resposta á enquisa de satisfacción (IN21G). Este último dato confirma a necesidade de establecer unha acción de mellora solicitando á ACMP que comunique á coordinadora do grao (a) o momento de apertura de todas as enquisas que afecten ao grao e (b) a información pertinente para seguir a animar aos distintos grupos de interese a participar nelas (AM-2.3).

TAMAÑO DOS GRUPOS

Como leva ocorrendo desde o curso 2018-2019, a media de alumnos por grupo expositivo (IN31G) desagregouse en dous datos novos: a “Media de alumnos matriculados en materias (FB e OB) por grupo de teoría (expositivas)” e a “Media de alumnos matriculados en materias optativas por grupo de teoría (expositivas)”. Nos dous casos a media volveu a ascender lixeiramente no curso 2020-2021: a media de alumnos matriculados en grupos expositivos nas materias básicas e obrigatorias no GLLI foi de 65,88 fronte a 62,7 en 2018-2019 e 61,19 en 2018-2019 (IN55G) e a media de alumnos matriculados en grupos expositivos nas materias optativas foi de 33,82 fronte a 30,2 en 2019-2020 e 28,33 en 2018-2019 (IN56G). No curso 2017-2018 a media de alumnos por grupo expositivo fora de 68,75 (IN31G). O tamaño dos grupos de teoría está próximo ás expectativas propostas na *Memoria de Verificación*, que indicaba un número de 75 alumnos nas sesións expositivas (Anexos: Apartado 5, p. 37), especialmente se temos en conta que no caso das materias básicas e no caso de oito das materias obrigatorias os alumnos de GLLI computados no cálculo destes indicadores comparten aula con alumnos doutras titulacións da Facultade. Segundo cálculos baseados nos datos extraídos da proposta de *PDA do Departamento de Filoloxía inglesa e alemá para o curso 2020-2021* (como os argumentados no *IRA GLLI 2016-2017*, p. 12) a media de alumnos matriculados en materias obrigatorias do maior do GLLI é de 82,38 (80,2 en 2019-2020) (I15_GLLI_Proposta PDA_2020-2021), de xeito que o número segue a estar preto das expectativas manifestadas na *Memoria de Verificación* e o estipulado no PAA para o curso 2020-2021 (número máximo de alumnos: 80; constitución de novo grupo: 100) (I15_GLLI_PAA_2020-2021).

A media de alumnos por grupo interactivo pasou de 27,52 en 2018-2019 a 27,86 en 2019-2020 e de aí a 27,43 (19,79 para grupos de laboratorio e 32,96 para grupos de seminario) en 2020-2021 (IN32G). Este tamaño supera a media da USC, que foi de 22,52 no caso dos grupos de docencia interactiva (2501099_MedUSC_2020-2021). No caso das sesións de seminario a media de alumnos (32,96) supera lixeiramente as expectativas da *Memoria de Verificación* (25), pero mantense dentro do tamaño dos grupos interactivos de seminario estipulado no PAA para o curso 2018-2019 (número máximo de alumnos: 30; constitución de novo grupo: 38).

PROGRAMAS DE MOBILIDADE

Como se especificaba no *Informe de Seguimento 2016-2017* (p. 10), no *Informe de Seguimento 2017-2018* (p. 10), no *Informe de Seguimento 2018-2019* (p. 9) e no *IRA GLLI 2015-2016* (<https://www.usc.es/gl/centro/facultade-filoxia/calidade/documentacion-sgc>), con respecto aos programas de mobilidade mantense en xeral a estrutura exposta na *Memoria de Verificación* (Anexos: Apartado 5, p.65) segundo a normativa vixente desde 2012 ([Reglamento de Intercambios Interuniversitarios de estudantes de la USC aprobado en Consello de Goberno de 26 de outubro de 2012](#); DOG 28 de novembro de 2012).

Un total de 16 estudantes do GLLI participaron en programas de mobilidade durante o curso 2020-2021, 23 menos ca no curso anterior. Este drástico descenso foi probablemente condicionado pola situación sanitaria derivada da incidencia da COVID-19. Destes 16 estudantes, 12 participaron no programa ERASMUS, 3 no programa SICUE e 1 nun programa de intercambio por convenio bilateral cunha universidade coreana. Debido aos efectos do BREXIT que levaron á saída das universidades do Reino Unido do programa ERASMUS, ningún estudante puido optar a elixir destinos neste país. Desde o Departamento de filoloxía inglesa e alemá estase animando ao PDI da área de inglés a intentar abrir novos intercambios ERASMUS con universidades doutros países europeos de fala inglesa. Os estudantes participantes neste programa en 2020-2021 repartíronse entre universidades de un total de seis países europeos (2 na República Checa, 3 en Polonia, 1 en Alemaña, 2 en Noruega, 2 en Francia e 2 en Italia (5040_INF.03_2020-2021; I3_GLLI_Mobilidade_2020-2021).

Non contamos con indicadores sobre a mobilidade saínte (IN17G), pero si con indicadores da satisfacción dos estudantes saíntes cos programas de mobilidade: o grao de satisfacción foi de 4,51, superando o último dato dispoñible correspondente ao curso 2018-2019, cando este indicador foi 4,12 (IN15G). Non contamos con informes de satisfacción sobre os programas de mobilidade saínte desagregados por titulacións, de xeito que non podemos argumentar este aspecto como fixemos nos *Informes de seguimento* dos últimos anos: este ano o informe recolle só os datos globais da USC (2501099_INF.04_2020-2021) (v. CRITERIO 7.2). O que si sabemos é que ningún estudante do GLLI deu resposta a esta enquisa, o que indica a necesidade de propoñer unha acción de mellora solicitando á ACMP que informe á coordinadora do GLLI no momento da apertura desta enquisa e se faciliten datos sobre o estudantado invitado a participar para que desde a coordinación se anime á participación (AM-2.3). Durante o curso 2020-2021 o Decanato da Facultade de filoloxía levou a cabo por primeira vez unha enquisa propia entre os estudantes participantes en programas de mobilidade: no Informe da enquisa propia sobre a satisfacción dos estudantes Erasmus saíntes, estes consideraron que a calidade dos estudos nas universidades de acollida era equilibrada coa dos estudos na USC (o 50% dos enquisados considerou que a calidade era semellante, o 33% que era maior na universidade de acollida e o 17% que era maior na USC). A maioría dos enquisados valoraron a oferta académica e a innovación metodolóxica na universidade de acollida por encima destes aspectos na USC: no primeiro caso o 50% dos enquisados manifestaron que a oferta académica na universidade de acollida era de maior utilidade para os seus estudos que a oferta da USC, o 33% que era de utilidade semellante e o 17% que era de menos utilidade; con respecto ao segundo aspecto, o 67% dos enquisados consideraron que a innovación metodolóxica e o uso de ferramentas informáticas era maior na universidade de acollida e o 33% que era semellante; o 66,7% dos enquisados consideran que a estadía contribuíu moitísimo á súa formación académica (I4_GLLI_Enquisa ERASMUS SAÍNTE_2020-2021).

A porcentaxe de estudantes entrantes descendeu drasticamente sen dúbida tamén debido de novo á incidencia da COVID-19, e se situou en 1,63: no curso 2018-2019 a porcentaxe fora de 5,74% e no curso 2019-2020 pasara a ser de 5,18% sendo aínda superior á porcentaxe no curso 2016-2017 (3,78%). En números absolutos, o descenso supuxo o paso de 27 estudantes en 2018-2019 a 25 en 2019-2020, e de aí a 8 no curso 2020-2021 (IN18G). Destes oito estudantes sete chegaron a través do programa ERASMUS e un por convenio bilateral cunha universidade de Rusia: dos sete estudantes participantes no programa ERASMUS, catro procedían de universidades italianas, un dunha universidade rusa e un indefinido. (5040_INF.03_2019-2020; I3_GLLI_Mobilidade_2020-2021).

Aínda que contamos co informe de satisfacción sobre os programas de mobilidade entrante (2501099_INF.05_2020-2021), este recolle os datos correspondentes a toda a USC, e ningún dos estudantes de intercambio entrante no Grao en Lingua e Literatura Inglesas deu resposta a esta enquisa como se desprende do propio informe (p. 3-4 "Titulación en la USC"). Tamén neste caso contamos co Informe da enquisa propia elaborado polo Decanato da Facultade de filoloxía sobre a satisfacción dos estudantes Erasmus entrantes que, como analizaremos nos criterios correspondentes (CRITERIOS 4.1, 5.1, 6.1 e 7.2), amosa niveis de satisfacción altos en diversos aspectos relacionados cos estudos na Facultade de Filoloxía da USC (I4_GLLI_Enquisa ERASMUS ENTRANTE_2020-2021).

1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.
- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

MECANISMOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

Como se explica detalladamente no *IRA GLLI 2015-2016*, o GLLI da USC conta con diversos mecanismos de coordinación docente que se estruturan seguindo as directrices estipuladas na *Memoria de Verificación* (Anexos: Apartado 5, pp. 40-41). Tal coordinación artúllase arredor dos seguintes cargos e comisións: coordinación de materias, coordinación de cursos, coordinación do GLLI, Comisión do GLLI, Comisión de Títulos de Grao e Comisión de Calidade do Centro (*IRA GLLI 2015-2016*, p. 13-14). Durante o curso 2020-2021 a Comisión de Títulos de Grao pasou a ser a Comisión de TFG.

COORDINACIÓN DE CADA MATERIA

Todas as materias impartidas por máis dun profesor no GLLI contan cun coordinador. Como xa indicamos no *Informe de Seguimento 2018-2019* e reiteramos no *Informe de Seguimento 2019-2020*, debido ás modificacións nos cuestionarios das enquisas de satisfacción coa docencia recibida e das enquisas de satisfacción coa docencia impartida non contamos con información sobre o grao de satisfacción con este tipo de coordinación. Os últimos datos cos que contamos son de 2017-2018 cando as valoracións da coordinación das materias foron altas: no caso da enquisa de satisfacción coa docencia recibida a valoración en 2017-2018 foi de 3,80, lixeiramente superior á valoración en 2016-2017, cando fora de 3,51 (2501099_INF.13_2017-2018), e no caso da enquisa de satisfacción coa docencia impartida a valoración foi 4,35 en 2017-2018 e 4,33 en 2016-2017 (2501099_INF.14_2017-2018). Como constatamos no *Informe de Seguimento 2017-2018* estas valoracións resultan especialmente significativas tendo en conta o alto número de materias do GLLI que teñen que ser impartidas por máis dun profesor por causa do número de alumnos, de restricións impostas polo horario ou da propia natureza da materia. Precisamente por este motivo, no *Informe de Seguimento 2018-2019* propuxemos unha acción de mellora consistente na consulta á ACMP sobre a posibilidade de reincorporar no cuestionario das enquisas algunha pregunta que poda darnos información sobre este aspecto (AM-2), pero non recibimos unha resposta, probablemente debido a que como consecuencia da incidencia da COVID-19 a ACMP tivo que estar pendente de asuntos de máis relevancia. Pensamos que sería boa idea retomar esta acción de mellora no momento actual (AM-3.2).

COORDINACIÓN DE DISTINTAS MATERIAS E NIVEIS

O GLLI conta cun coordinador por cada curso que se encarga de velar pola coordinación horizontal das materias. Dada a

distribución das materias no plan de estudos e o esforzo por parte da secretaría da Facultade por evitar solapamentos nos horarios, normalmente a coordinación horizontal non causa problemas e os coordinadores actúan cando se detecta algunha situación extraordinaria puntual.

Con respecto á coordinación vertical, os programas son revisados anualmente pola comisión do GLLI para evitar solapamentos e repeticións, tal e como establece o [Regulamento das titulacións oficiais de grao e mestrado na USC](#) aprobado polo Consello de Goberno o 28 de xullo de 2017 no seu artigo 3.8 (d).

No informe da enquisa de satisfacción coa docencia impartida, a valoración da coordinación entre as distintas materias e niveis descendeu lixeiramente, pasando 3,85 en 2019-2020 a 3,69 en 2020-2021, aínda así superior á valoración de 3,55 en 2018-2019 (2501099_INF.14_2020-2021). Propoñemos unha acción de mellora co obxecto de paliar este lixeiro descenso (AM-6). A enquisa de satisfacción do profesorado coa titulación ofrece unha valoración da coordinación dos docentes na organización do título máis elevada, 4,04, superior ao dato do curso anterior, 3,95 (3,54 en 2018-2019) (2501099_INF.23_2020-2021).

COORDINACIÓN DAS PRÁCTICAS EXTERNAS

Como ven sendo habitual desde que se puxera en marcha no curso 2016-2017, a Comisión de prácticas externas na Facultade de Filoloxía é a encargada, entre outras tarefas, de coordinar aqueles aspectos relacionados con este tipo de actividade. Co obxecto de mellorar todo o proceso asociado á realización de prácticas externas, durante o curso 2020-2021 esta comisión encargouse de coordinar:

- a elaboración do calendario e a convocatoria de prácticas externas para o curso 2021-2022 (v. <https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-filoloxia/practicas> e E5-GLLI-Actas Comisión Prácticas Externas 2020-2021);
- a supervisión do desenvolvemento do proceso de selección de estudantes e a súa asignación de prácticas externas;
- a renovación da oferta de prácticas externas;
- a modificación do número de créditos requiridos para poder solicitar este tipo de prácticas.

A Guía para titores académicos, titores profesionais e alumnos elaborada por esta comisión serve para favorecer a coordinación dos distintos axentes implicados nas prácticas externas, xa que esta guía estipula e delimita con claridade as obrigas de cada axente, entre as que figuran manter un contacto entre eles (https://pro-assets-usc.azureedge.net/cdn/ff/nllow8Ho3KNOiHW7dUNnZq-M3f_J_HcljNSVtXg9JkE/1635401151/public/paragraphs/links/2021-07/Guia_practicas_externas_2021-2022.pdf).

Os datos dos Informes das enquisas de satisfacción relacionadas coas prácticas externas están analizados no CRITERIO 7.2 (2501099_INF.08_2020-2021, 2501099_INF.07_2020-2021, 2501099_INF.06_2020-2021).

1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos.

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

PERFIL DE INGRESO

Os estudantes matriculados no GLLI cumpren debidamente cos requisitos establecidos pola lei e normativa vixentes, segundo o estipulado nos Apartados 4.1 e 4.2 da *Memoria de Verificación* (p. 6; e Anexos: Apartado 3, pp. 26-27).

Como xa constatamos en informes anteriores, o nivel académico dos estudantes de novo ingreso segue en aumento. Como xa ocorrera no curso 2019-2020, en 2020-2021 ningún estudante accedeu á titulación cunha nota inferior a sete. Se

en 2019-2020 os grupos máis abundantes foron os de estudantes con notas entre 8 e 9 (24), entre 9 e 10 (22), entre 10 e 11 (22, dous máis ca no curso anterior) e entre 11 e 12 (20, sete máis ca no curso anterior), en 2020-2021 o grupo máis abundante foi o de estudantes con nota entre 9 e 10 (27), seguido do grupo con nota entre 11 e 12 (18), e os grupos con notas entre 8 e 9 (17) e entre 10 e 11 (15). Resulta ademais digno de mención que 11 dos estudantes de novo ingreso tiñan unha cualificación entre 12 e 13 (6 en 2019-2020), e 6 tiñan cualificacións superiores a 13 (2 en 2019-2020). Como no curso 2019-2020, isto supón que 50 dos estudantes de novo ingreso foron admitidos con cualificacións superiores a 10 (2501099_INF.CIUG_2020-2021).

O Informe de procedencia xeográfica do alumnado (2501099_INF.16_2020-2021) deixa constancia do cumprimento dos principios do distrito único e aberto, como se recolle no Apartado 4.2 da *Memoria de Verificación* (p. 6). Como xa anunciamos no apartado 1.1, a procedencia dos estudantes matriculados no GLLI está repartida maioritariamente entre 41 municipios da provincia de Pontevedra, 14 da provincia de Ourense, 21 da provincia de Lugo e 56 da provincia de A Coruña (v. CRITERIO 1.1). Os estudantes procedentes de fora da comunidade autónoma foron catro: 2 de Castilla y León, 1 de Cantabria, e 1 do Reino Unido (2501099_INF.16_2020-2021). Tal información vese corroborada no Informe e avaliación do estudantado de novo ingreso na Facultade de Filoloxía, elaborado coas respostas ao cuestionario respondido polo alumnado de primeiro curso no acto de benvida na Facultade de Filoloxía, en setembro de 2020. Grazas a este informe sabemos, ademais, que o 84% (87% en 2019-2020) dos participantes nesta enquisa cursaron a modalidade de bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais, o 10% (12% en 2019-2020) procedían da modalidade de Ciencias, e o 3% de Artes (1% en 2019-2020) (E3_GLLI_Enquisa e Informe Alumnado Primeiro_2020-2021).

1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

As diferentes normativas e regulamentos aprobados en cursos anteriores e recollidos nos correspondentes informes de seguimento e/ou renovación da acreditación dos títulos, tanto as xerais da USC, como as particulares da Facultade de Filoloxía, aplicáronse de forma axeitada durante o curso 2019-2020 pero a situación da pandemia obrigou a revisar e modificar aspectos fundamentais da docencia (entre os que destacamos a docencia non presencial e o sistema de avaliación)(para consultar as normas establecidas con relación á crise da COVID-19 polos organismos da USC v. <https://www.usc.es/gl/usc/covid19/recompilacion-normativa>).

Durante os cursos 2020-2021 aprobáronse ou modificáronse as seguintes normativas:

- Aprobeuse o Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Santiago de Compostela aprobado pola Xunta de Facultade o 24/01/2020 e ratificado polo Consello de Goberno o 07/02/2020. A aplicación do Regulamento de Réxime Interno non se realizou ata a renovación dos membros que se realizou no curso 2020-2021.
- Normativa de Traxallo de Fin de Grao das titulacións de Grao en Filoloxía Clásica, Grao en Lingua e Literatura Españolas, Grao en Lingua e Literatura Galegas, Grao en Lingua e Literatura Inglesas e Grao en Linguas e Literaturas Modernas da Universidade de Santiago de Compostela aprobado polo Consello de Goberno do 25/02/2021 (<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-filoloxia/tfg>). A entrada en vigor desta nova normativa representou un intento de dar resposta ao descontento existente entre o PDI con respecto á carga de traballo que supón a titorización e avaliación dos tfg especialmente en titulacións como o GLLI. A situación extraordinaria debida á incidencia da COVID-19 nos cursos 2019-2020 e 2020-2021 permitiu poñer en práctica un sistema de avaliación extraordinario que daba máis peso á avaliación do titor. Dada a boa acollida deste sistema entre o estudantado, e tendo en conta que a reforma da normativa de tfg era tamén un dos elementos no programa do equipo decanal, procedeuse a elaborar unha nova normativa. Esta normativa non entrou en vigor ata o curso 2021-2022, polo tanto non contamos con datos para poder analizar a súa incidencia.

- Modificación da Memoria do Grao en Filoloxía Clásica, Grao en Lingua e Literatura Españolas, Grao en Lingua e Literatura Galegas, Grao en Lingua e Literatura Inglesas e Grao en Linguas e Literaturas Modernas: modificación do número de créditos mínimos necesarios para cursar as prácticas en empresas que pasa de 150 ECTS a 120 ECTS superados aprobado por Consello de Goberno o 25/06/2021. Esta modificación ten como obxectivo permitir que o estudiantado teña a opción de participar no programa de prácticas externas non só no cuarto curso senón tamén no terceiro curso, algo que resultaba imposible na situación anterior. Deste xeito búscase animar ao estudiantado a facer este tipo de prácticas eliminando unha posible coincidencia co período de elaboración do tfg.

Non entrou en vigor ningunha outra normativa ou regulamento de relevancia para o desenvolvemento do GLLI.

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

2.1.- A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.

Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.
- Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O medio de difusión pública máis importante na Universidade de Santiago é internet e a través deste medio inténtase dar satisfacción á demanda de información dos distintos grupos de interese. Desde a páxina web da USC accédese á páxina web da Facultade de Filoloxía, onde, como se deixou constancia por extenso no *IRA GLLI 2015-2016*, no *Informe de Seguimento 2016-2017*, no *Informe de Seguimento 2017-2018*, e no *Informe de Seguimento 2019-2020* se pode atopar información diversa sobre os estudos e servizos ofertados polo centro (v. *IRA 2015-2016*, pp. 22-24; *Informe de Seguimento 2016-2017*, pp. 18-19; *Informe de Seguimento 2017-2018*, p. 14; *Informe de Seguimento 2019-2020* p.13).

A información relevante para todos os grupos de interese actualízase convenientemente e está publicada na web da Facultade de Filoloxía e na da USC.

Neste curso producíronse modificacións importantes na presentación e nos procedementos de publicación de información na web da Facultade de Filoloxía, dado que se iniciou un proceso de renovación deste espazo. Accédese á páxina como se facía con anterioridade a través da páxina web da USC na opción Centros. Desde a páxina principal ofrécense acceso a diversos contidos (<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-filoloxia>):

- Catro lapelas na marxe superior dan acceso a información sobre o centro, os estudos ofertados (titulacións de grao e máster), a organización académica (calendario, horario, PAT, prácticas, mobilidade, tfg, tfm) e calidade (calidade, política de calidade, órganos do SGC, indicadores, documentación do SGC).
- Na columna da dereita un enlace conecta coa intranet (de acceso restrinxido para a comunidade universitaria), á biblioteca e a diversos vídeos informativos sobre os estudos ofrecidos na Facultade de Filoloxía.
- Na metade inferior, no primeiro nivel ofrécense acceso ao folleto explicativo sobre as titulacións de grao, as táboas de validacións, adaptación e recoñecementos, o concurso literario Mazarelos e os exames CAPLE. No segundo nivel recóllense novas e a axenda.
- No nivel seguinte poden atoparse enlaces directos aos estudos de grao e máster ofrecidos no centro.
- Finalmente ofrécense enlaces aos distintos grupos de investigación con sé na Facultade de Filoloxía.

Coma no curso 2019-2020, desde a coordinación do GLLI durante o curso 2020-2021 seguimos a intentar potenciar o uso da aula virtual de coordinación como vía de comunicación co alumnado e profesorado do GLLI, unha cuestión que seguiu a ser de especial importancia dadas as restricións sanitarias vixentes durante o curso. A través do foro de novas púxose en coñecemento dos distintos grupos de interese información variada sobre tfg, enquisas, empregabilidade, sesións informativas, obradoiros, etc. A aula virtual de coordinación 2020-2021 foi organizada en cinco apartados: Medidas COVID-19, TFG, Conferencias, Charlas e cursos, Enquisas de satisfacción (publicación do calendario de enquisas de satisfacción e dos resultados das enquisas de satisfacción do estudantado), Intercambios e lectorados. En cada un destes apartados colgáronse documentos de interese recibidos pola coordinación do GLLI para a súa difusión. En moitas ocasións a información recibida na coordinación para a súa difusión afecta só aos estudantes dun nivel

concreto, pero desde a aula de coordinación do GLLI só resulta operativo enviar a información a todos os alumnos dado que os coordinadores/as non temos acceso ás aulas de coordinación de cada curso (só temos acceso ás aulas de coordinación dos cursos nos que impartimos docencia). Isto implica certa saturación na recepción de información por parte de estudantes e profesores que adoitan recibir en moitas ocasións comunicacións que non van dirixidas a eles, o que ás veces contribúe a dificultar a transmisión da información. Por iso no *Informe de Seguimento 2018-2019* propuxéramos como unha acción de mellora solicitar aos servizos informáticos certas melloras no sistema e procurar dar a coñecer esta aula entre o alumnado e profesorado promovendo o seu uso (AM-3). Probablemente como resultado desta tarefa, o número de participantes nesta aula virtual de coordinación que nunca accederon a ela descendeu de 400 (dun total de 665 participantes) en 2018-2019 a 273 (dun total de 656 participantes) en 2019-2020 e a 197 (dun total de 635 participantes) en 2020-2021.

De xeito similar utilizouse (a) a aula virtual de tfg, na que a coordinadora de tfg puxo a disposición do alumnado información sobre a Defensa de tfg, o Procedemento de tfg, Formularios, e Enquisas de satisfacción, (b) a aula virtual de coordinación de primeiro curso do GLLI, na que se ofreceu información sobre o acceso ao CV, o uso da ferramenta Microsoft Temas, e o funcionamento dos módulos complementarios e optativos, e (c) a aula virtual de coordinación de segundo do GLLI, na que se colgou tamén información sobre este último aspecto.

A satisfacción coa información pública dispoñible manifestada polos estudantes na enquisa de satisfacción coa titulación seguiu mellorando con respecto ao curso anterior pasando de 2,45 en 2019-2020 a 2,90 en 2020-2021 (2,00 en 2018-2019). A pesar dos esforzos investidos pola Facultade na organización de sesións relacionadas coa orientación laboral, a valoración deste aspecto non pasou do 1,95 (1,97 en 2019-2020) (2501099_INF.22_2020-2021).

A valoración da información pública manifestada polo profesorado na enquisa de satisfacción coa titulación foi lixeiramente máis baixa ca no curso anterior pasando de 4,43 en 2019-2020 a 4,36 en 2020-2021 (4,46 en 2018-2019, similar á valoración obtida no curso 2017-2018 polo ítem "Información dispoñible dos obxectivos xerais e competencias do plan de estudos", que fora de 4,14) (2501099_INF.23_2017-2018, 2501099_INF.23_2018-2019, 2501099_INF.23_2019-2020; 2501099_INF.23_2020-2021).

Polo que respecta á enquisa realizada aos estudantes que defenderon o seu TFG en 2019-2020, nunha escala de 1 a 5, o 14,3% dos enquisados valoraron a información administrativa e os documentos recollidos na web do centro cun 5; o 40% fixérono cun 4; o 25,7 cun 3; o 11,4 cun 2 e o 8,6 cun 1. O resultado indica polo tanto un nivel de satisfacción elevado neste aspecto, xa que a maioría dos estudantes manifestaron unha satisfacción de nivel 4 ou máis. Lixeiramente máis baixa foi a valoración da información obtida nas sesións orientativas: o 12,9% valoraron este aspecto cun 5, o 25,8% fixérono cun 4; o 22,6% cun 3; o 29% cun 2 e o 9,7 cun 1 ([14. GLLI Informe Satisfacción TFG 2020-2021](#)).

O informe sobre a enquisa de satisfacción dos estudantes entrantes cos programas de mobilidade refírese ao conxunto da USC e ningún dos estudantes que deu resposta cursou estudos no GLLI. Aínda así podemos considerar que a valoración da información deste informe podería ser extrapolable ao GLLI dado que se trata de datos que non atinxen especificamente a cada titulación senón ao conxunto da USC: o informe constata que a valoración da información dispoñible na web da USC (3,73) é lixeiramente superior á valoración da información nas universidades de orixe (3,53). A valoración da información sobre as validacións tamén foi de 3,53, e lixeiramente máis baixa foi a valoración da información sobre a avaliación: 3,27 (5040_INF.05_2020-2021).

Algo semellante ocorre co Informe sobre a enquisa de mobilidade saínte: este informe refírese tamén ao conxunto da USC e ningún dos estudantes que deu resposta cursou estudos no GLLI. Tamén coma no caso anterior consideramos que a valoración da información deste informe podería ser extrapolable ao GLLI dado que se trata de datos que non atinxen especificamente a cada titulación senón ao conxunto da USC: en contraste co informe sobre mobilidade entrante, o informe de mobilidade saínte constata que a valoración da información dispoñible na web da USC (3,47) é lixeiramente inferior á valoración da información nas universidades de acollida (3,67). A valoración da información sobre as validacións foi idéntica á valoración feita polo estudantado de mobilidade entrante: 3,53 (2501099_INF.04_2020-2021).

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analizala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando o seu seguimento.

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvóléronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvolveuse de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvolveuse de acordo ao establecido.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Durante o curso 2020-2021, os mecanismos para a recollida de información, análise, proposta de accións de mellora e seguimento das mesmas seguiron levándose a cabo como se fixera habitualmente sempre tendo en conta as circunstancias especiais asociadas á situación sanitaria extraordinaria.

As comisións de cada un dos títulos, as Comisións de Títulos de Grao/Máster e a Comisión de Calidade do Centro levaron a cabo o seguimento do desenvolvemento e mellora do título en cuestión (v. actas correspondentes).

Desde a Facultade realizáronse catro enquisas de elaboración propia:

- (1) Enquisa aos estudantes de primeiro curso de grao co fin de coñecer a súa procedencia xeográfica, cales son os seus intereses e motivacións para cursar un grao na Facultade (E3_GLLI_Enquisa e Informe Alumnado Primeiro_2020-2021)
- (2) Análise do proceso de elaboración e defensa do TFG: enquisas aos estudantes que defenden o seu TFG para recoller información sobre a súa satisfacción cos resultados e procedemento en xeral. Esta enquisa foi adaptada ás circunstancias e ás novas modalidades de avaliación por mor da pandemia (I4_GLLI Informe Satisfacción TFG 2020-2021).
- (3) Análise de diversos aspectos no ámbito da mobilidade Erasmus entrante na Facultade de Filoloxía (I4_GLLI_Enquisa ERASMUS ENTRANTE_2020-2021)
- (4) Análise de diversos aspectos no ámbito da mobilidade Erasmus saínte na Facultade de Filoloxía (I4_GLLI_Enquisa ERASMUS SAÍNTE_2020-2021)

O centro procurou contribuír a un aumento na participación nas enquisas de satisfacción distribuídas pola ACMP a través de anuncios (información sobre o proceso de avaliación e as datas das enquisas) na pantalla informativa na entrada da Facultade, letreiros, correos à lista de distribución do profesorado, publicacións na aula virtual dos coordinadores dos títulos.

Como xa se fixera nos cursos 2017-2018, 2018-2019 e 2019-2020 a coordinación do título utilizou con frecuencia a aula virtual de coordinación para difundir información e documentos a todo o profesorado e estudantado implicado na docencia/discencia do título. Desde o GLLI utilizouse a aula virtual de coordinación principalmente para:

- animar aos estudantes a participar nas enquisas de satisfacción,
- transmitir información sobre as diversas sesións de orientación celebradas no centro,

- transmitir información sobre os módulos complementario e optativo,
- transmitir información sobre o acceso á ferramenta TEAMS para o estudantado de primeiro curso,
- transmitir información sobre os cursos de formación para realización de TFG, empregabilidade etc. ofrecidos polo centro,
- transmitir información sobre o proceso do TFG,
- poñer en coñecemento dos alumnos os resultados globais das enquisas de satisfacción coa docencia recibida,
- comunicación de información sobre intercambios e lectorados,
- comunicación das resolucións reitorais, acordos, convocatorias, etc derivados da incidencia da COVID-19.

Todos os procedementos de avaliación, elaboración e aprobación das programacións docentes e de queixas e reclamacións desenvolvéronse consonte o establecido no SGIC e as normas correspondentes.

Ao longo do curso 2020-2021 non se recibiu ningunha reclamación relativa ao GLLI nin no Decanato nin na Oficina de Análise e Reclamacións.

3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

Reflexión/comentarios que xustifican a valoración:

No curso 2020-2021 fíxose o seguimento de todos os títulos de grao e mestrado adscritos á Facultade seguindo o calendario establecido pola USC. Todos os informes foron aprobados o 15/04/2021 na Comisión de Calidade do Centro (E5-GLLI-Actas Comisión Calidade 2019-2020).

Polo que se refire á Memoria de Calidade do curso, onde se inclúe o Plan de Melloras a nivel de centro, foi elaborada pola Comisión de Calidade do Centro e aprobada en reunión ordinaria celebrada o 12/05/2021 (E5-GLLI-Actas Comisión Calidade 2019-2020) e foi aprobada pola Xunta de Facultade do Centro o 11/06/2021.

Tanto as Memorias de Calidade do Centro como os Informes de Seguimento dos distintos títulos, do curso 2019-2020 e anteriores, son accesibles en <https://www.usc.gal/ql/centro/facultade-filoloxia/calidade/documentacion-sgc>

3.3.- O SGC implantado revísase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O SGC revísase periodicamente, de acordo ao establecido na documentación que o conforma.

Durante o curso 2020-2021 despois da proclamación definitiva de candidatas/os electas/os (proceso electoral de representantes nas Xuntas de Centro, abril 2021), aplicouse o novo sistema de Comisións de Facultade (Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Santiago de Compostela aprobado pola Xunta de Facultade o 24/01/2020 e ratificado polo Consello de Goberno o 07/02/2020).

Ademais, a Comisión de Calidade está a realizar os axustes na documentación do centro co obxectivo de acadar a acreditación institucional seguindo os procedementos do Manual de Proceso da Facultade de Filoloxía e do Manual do Sistema de Garantía da Facultade de Filoloxía elaborados e aprobados pola Comisión de Calidade da Facultade de Filoloxía o 27/02/2020, aprobados pola Comisión Permanente da Facultade de Filoloxía o 27/02/2020 e aprobados pola Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno 30/09/2020.

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grao, a prácticas externas e asociado ao Tránsito Fin de Grao ou Tránsito Fin de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Como levamos indicando nos Informes de seguimento de cursos anteriores, debido á complexidade das modalidades de estudos ofertadas pola Facultade de Filoloxía, o cómputo do profesorado implicado na docencia do GLLI (e do resto das titulacións de grao impartidas na Facultade de Filoloxía) resulta especialmente complexo, dado que na titulación participan un elevado número de profesores de materias básicas, complementarias ou optativas da modalidade Minor que son impartidas como materias do Maior doutras titulacións, e profesores de materias básicas transversais que son impartidas en todas as titulacións do centro, como foi explicado detalladamente no *IRA GLLI 2015-2016* (pp.10-11 e 30-32). Froito da reflexión contida neste documento foi a conclusión de que resulta máis axeitado concentrarnos na análise dos profesores da área de Filoloxía Inglesa do Departamento de Filoloxía Inglesa e Alemá, xa que eles imparten maioritariamente as materias do Maior do GLLI.

No documento E15: Plan de ordenación docente aparecen rexistrados 34 docentes, dos que só 23 poden ter experiencia investigadora ou docente reconecida. Os restantes 11 son: 3 profesores lectores e 8 contratos predoutorais do Ministerio (4) e da Xunta (4). Polo tanto, dúas materias de formación básica, as materias do Maior do GLLI –agás a titorización de 10 TFG por PDI das áreas básicas transversais- e as materias optativas de especialización listadas no documento E15: Plan de ordenación docente recaen nun total de 25 profesores: 3 profesores lectores, 1 profesor contratado doutor, 1 profesor interino (no documento E15: Plan de ordenación docente aparecen rexistrados 2 profesores interinos porque a primeira profesora interina causou baixa e foi substituída por unha segunda profesora, pero en ningún traballaron as dúas simultaneamente), 2 profesores axuntes doutores, 5 catedráticos de universidade e 13 profesores titulares (no documento E15: Plan de ordenación docente aparecen rexistrados 14 profesores titulares porque durante o curso 2020-2021 un profesor titular cambiou á categoría de catedrático e aparece computado nas dúas categorías, como suxire a anotación incluída ao final do documento). Estes 25 profesores encárganse das 34 materias ofertadas no GLLI: 20 materias do Maior (4 destas materias ofrécense como parte do módulo complementario en Estudos Ingleses I para as outras catro titulacións de grao da Facultade e outras 4 ofrécense como parte do módulo optativo do Minor en Estudos Ingleses II para as outras catro titulacións de grao da Facultade), 2 materias básicas obrigatorias (que ademais se ofrecen como materias básicas para as outras catro titulacións de grao do centro) e 12 materias optativas da especialidade (2501099_E15_2020-2021). Os profesores da área de Filoloxía Inglesa (agás os tres lectores) encargáronse en 2020-2021 da titorización de 120 dos

129 TFG matriculados no GLLI (E5-GLLI-Actas Comisión Titulos de Grao-TFG 2020-2021; actas das reunións 02/11/2020 e 22/02/2021). Algúns destes profesores teñen docencia asignada noutros graos e facultades da USC. Como conclusión, podemos manter que, como xa se indicou no *IRA GLLI 2015-2016*, no *Informe de Seguimento 2016-2017*, no *Informe de Seguimento 2017-2018*, e no *Informe de Seguimento 2019-2020* este número de profesores é axeitado para o encargo docente, e, a pesar das xubilacións producidas desde a elaboración da *Memoria de Verificación* e grazas á contratación de dous novos profesores axudantes doutores no curso 2020-2021, acérase aos números suxeridos neste documento, onde se falaba de 34 profesores da área de Filoloxía Inglesa (29 profesores e 5 lectores) para levar a cabo os labores docentes do GLLI. Debido á peculiaridade das titulacións impartidas na Facultade de Filoloxía, non contamos con indicadores da ratio de estudantes por profesor, xa que o medio de cómputo deste indicador resultaba inadecuado para estas titulacións. En contraste co que ocorrera nos últimos anos, no curso 2020-2021 produciuse a contratación de dous novos profesores axudantes doutores, o que contribuíu a relaxar lixeiramente a carga docente do PDI resultante de varios anos seguidos de xubilacións sen reposición de persoal. Estas dúas contratacións contribúen ademais a frear o avellentamento do cadro de persoal.

EXPERIENCIA DOCENTE E INVESTIGADORA DO PDI

Agás no caso do indicador referente á porcentaxe de PDI con sexenios sobre o PDI total que ascende lixeiramente, os indicadores referentes a experiencia docente e investigadora descenderon moi lixeiramente no curso 2020-2021:

- a porcentaxe de PDI con sexenios sobre o PDI total pasa de 88,89% en 2019-2020 a 89,66% en 2020-2021 (87,23% en 2018-2019), e mantense, polo tanto, nun valor superior á media da USC, que foi de 85,47% (2501099_MedUSC_2020-2021) e moi semellante á media da Facultade de Filoloxía que foi de 89,96 (IN24G; IN24C);

- a porcentaxe de PDI funcionario sobre PDI total pasa de 72,82% en 2019-2020 a 71,70% en 2020-2021 (73,83% en 2018-2019) e segue sendo, polo tanto, superior á media da USC, que foi de 58,56% (2501099_MedUSC_2020-2021) e moi semellante á media da Facultade de Filoloxía que foi de 71,59% (IN26G; IN26C);

- a porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total pasa de 89,32% en 2019-2020 a 85,85% en 2020-2021 (89,72% en 2018-2019), e mantense nun nivel superior á media da USC, que foi de 84,17% (2501099_MedUSC_2020-2021) e de novo semellante á media da Facultade de Filoloxía que foi de 87,78% (IN25G).

Estes valores están calculados sobre o PDI total da titulación, é dicir, incluíndo aos profesores de materias transversais, básicas, complementarias e optativas do Minor que non pertencen ao Maior do GLLI, de xeito que se computan un total de 78 (80 en 2019-2020) membros do PDI con sexenios sobre un total de 87 (90 en 2019-2020) (entendemos que só computan aqueles membros de PDI que poden optar a ter sexenios), 76 (75 en 2019-2020) membros do PDI funcionarios sobre un total de 106 (103 en 2019-2020) e 91 (92 en 2019-2020) membros do PDI doutores sobre un total de 106 (103 en 2019-2020). No caso dos profesores da área de Filoloxía Inglesa do Departamento de Filoloxía Inglesa e Alemá encargados das materias do Maior do GLLI, as porcentaxes elevaríanse considerablemente. Estes 22 profesores acumulan no curso 2020-2021 49 sexenios de experiencia investigadora e 106 quinquenios de experiencia docente, o que supón o mesmo número de sexenios ca no curso 2019-2020 e 1 quinquenio menos ca no curso 2019-2020 (107) (2501099_E15_2020-2021). Estes datos certifican a elevada experiencia docente e investigadora do PDI encargado das materias do Maior do GLLI e optativas de especialización, pero tamén corroboran o proceso de avellentamento do cadro de persoal, limitado pola incorporación en 2019-2020 de dúas novas profesoras axudante doutor. Os datos de experiencia investigadora e docente melloran considerablemente os reflectidos na *Memoria de Verificación*, onde aparecen rexistrados 38 sexenios obtidos polos 23 profesores (PDI funcionario) de Filoloxía Inglesa (Anexos: Apartado 6, p. 183), fronte aos 49 rexistrados polos 22 (+1) profesores (18 PDI funcionario + 1 Profesor contratado doutor+1 (+1) Profesores interinos+2 Axudantes doutores) encargados da docencia das materias da área de Filoloxía Inglesa do GLLI en 2020-2021. Con respecto á experiencia docente, na *Memoria de Verificación* os 23 profesores titulares en Filoloxía Inglesa que impartían docencia na licenciatura sumaban un total de 72 quinquenios (Anexos: Apartado 6, p. 181), número que se ten incrementado significativamente no curso 2020-2021, no que os 22 (+1) profesores (18 PDI funcionario, 1 profesor contratado doutor, 1 (+1) profesores interinos e 2 profesores axudante doutor) da área de Filoloxía Inglesa con docencia en materias da área de Filoloxía Inglesa da titulación alcanzaron un total de 106 quinquenios de docencia.

Como conclusión, estes resultados referentes á experiencia docente e investigadora do PDI a cargo da docencia do GLLI son, en xeral, positivos, especialmente se prestamos atención ao PDI encargado da docencia das materias da área de Filoloxía Inglesa, e melloran os datos expostos na *Memoria de Verificación*. Sen embargo, a evolución positiva destes datos tamén confirma o progresivo avellentamento do cadro de persoal (*IRA GLLI 2015-2016* p. 33), que no curso 2020-2021 veuse lixeiramente ralentizado pola contratación de dúas profesoras axudante doutor.

VALORACIÓN DO LABOR DOCENTE

Coma en cursos anteriores, proba da boa saúde do labor docente no GLLI son os resultados das enquisas de satisfacción coa docencia recibida e coa docencia impartida:

- o grao de satisfacción dos estudantes coa docencia recibida descendeu case imperceptiblemente con respecto ao curso anterior, pasando de 4 en 2019-2020 a 3,95 en 2020-2021 (3,99 en 2018-2019) (IN46G). De novo a enquisa volveu a cambiar o que dificulta o establecemento dunha comparativa clara cos resultados dos cursos anteriores. Ademais, debido á incidencia da COVID-19, para o curso 2019-2020 contaramos con dous informes desta enquisa, un correspondente a materias do primeiro semestre e outro correspondente a materias do segundo semestre. O aspecto mellor valorado foi "Os contidos desenvólense de acordo co cronograma temporal da materia", que obtivo unha valoración de 4,30 lixeiramente máis baixa que no primeiro semestre do curso 2019-2020 cando fora 4,50, pero mellorando o dato do segundo semestre (4,13) e do curso 2018-2019 (4,20); os outros dous aspectos valorados por encima de 4 foron aqueles vinculados á relación do alumnado e o PDI: a capacidade e dispoñibilidade do profesor para resolver dúbidas que se lle presentan obtivo un 4,18 en 2020-2021 fronte a 4,46 no primeiro semestre de 2019-2020 e 3,65 no segundo (4,28 do curso 2018-2019) e a comunicación co docente obtivo un 4,06, de novo un valor algo máis baixo que o 4,31 do primeiro semestre de 2019-2020, pero superior ao 3,65 do segundo semestre (4,17 en 2018-2019). No informe da enquisa de satisfacción coa docencia recibida en 2020-2021 inclúese unha cuestión sobre a capacidade do docente para resolver dúbidas relacionadas coa materia valorado cun 3,74. O restos dos aspectos foron valorados moi preto do 4: "Organiza ben as clases e explica con claridade facilitando a comprensión da materia" obtivo un 3,91 fronte ao 4,16 do primeiro semestre de 2019-2020 e ao 3,74 do segundo (3,95 en 2018-2019); "Os recursos didácticos empregados reforzan a comprensión da materia" obtivo un 3,90 fronte ao 4,08 obtido no primeiro semestre de 2019-2020, pero mellorando o 3,68 do segundo semestre e igualando o valor do curso 2018-2019; "Globalmente estou satisfeito co/coa profesor/a da materia" obtivo un 3,89, moi preto do 3,95 obtido no primeiro semestre de 2019-2020 e superior ao 3,68 do segundo semestre; "O/A docente motiva a participación crítica e activa do alumnado no desenvolvemento da clase" obtivo un 3,88, de novo un valor lixeiramente inferior ao 4,11 obtido no primeiro semestre de 2019-2020, pero un pouco superior ao 3,75 do segundo semestre (3,97 en 2018-2019); a mesma valoración, 3,88, obtivo o aspecto referente aos materiais subministrados, lixeiramente por encima da valoración do segundo semestre de 2019-2020 que fora de 3,59; moi similar foi a valoración da carga de traballo, 3,87, que mellora a valoración do segundo semestre do curso 2019-2020 cando fora de 3,68; "O/A docente mellorou o meu nivel de partida en relación á materia" foi valorado cun 3,78, lixeiramente máis baixo que o 4 obtido no primeiro semestre de 2019-2020, pero mellorando o 3,52 do segundo semestre (3,82 en 2018-2019) (2501099_INF.13_1S_2019-2020, 2501099_INF.13_2S_2019-2020, 2501099_INF.13_1S_2020-2021). A boa relación entre o alumnado e os docentes vese confirmada polos resultados das enquisas aos estudantes que defenderon o seu TFG no curso 2020-2021, onde queda constancia de que o aspecto "Globalmente estou satisfeito/a coa miña relación co/a titor/a" figura entre os mellor valorados: o 74,3% (fronte a 54,2% en 2019-2020) dos enquisados déronlle a valoración máxima a este aspecto (5), o 11,4% (12,5% en 2019-2020) déronlle unha valoración de 4, o 5,79% (4,2% en 2019-2020) valorou este aspecto cun 2, e un 5,75% (12,5% en 2019-2020) cun 1 (I4_GLLI Informe Satisfacción TFG 2020-2021)

- o grao de satisfacción do PDI coa docencia impartida mantívose practicamente igual ao do curso anterior, pasando de 4,10 en 2019-2020 a 4,08 en 2020-2021 (4,14 en 2018-2019) (IN47G). Coma no caso da enquisa de satisfacción coa docencia recibida, neste caso os resultados referentes á relación cos alumnos e á organización das clases son especialmente positivos: superan o 4 tanto a valoración dos aspectos "Organizo e estrutura ben as miñas clases" (4,53 fronte a 4,65 en 2019-2020 a 4,49 en 2018-2019) e "Informo axeitadamente ao meu alumnado dos criterios de avaliación da materia" (4,78 fronte a 4,95 en 2019-2020 e 4,84 en 2018-2019), como a valoración de "Amósome accesible ao meu alumnado nas clases e titorías" (4,88 fronte a 4,96 en 2019-2020 e case imperceptiblemente inferior ao 4,9 acadado pola "Relación creada co alumnado nas clases e titorías" no curso 2017-2018), a valoración da corrección no trato cos estudantes (4,93 fronte a 4,96 en 2019-2020, lixeiramente superior ao 4,9 acadado pola

“Relación creada co alumnado nas clases e titorías” no curso 2017-2018) e a valoración do aspecto “Mantiven unha comunicación axeitada cos alumnos...” (4,67). O aspecto “En xeral, estou satisfeito co meu labor como docente” tamén superou a valoración de 4 (4,34). Próximas ao 4 están as valoracións do coñecemento do nivel de comprensión do alumnado (3,92, practicamente igual ao 3,93 de 2019-2020 e lixeiramente superior ao 3,82 de 2018-2019 (3,95 de 2017-2018)) e do “Traballo realizado polo alumnado” (3,64, inferior ao 3,97 de 2019-2020, que fora lixeiramente superior ao 3,79 de 2018-2019 e ao 3,76 de 2017-2018). A valoración da participación do alumnado nas clases foi de 3,38 considerablemente máis baixa que o 3,79 de 2019-2020 (3,6 de 2018-2019) e a valoración da coordinación entre as distintas materias e/ou niveis do título foi de 3,69 (3,85 en 2019-2020, 3,55 de 2018-2019). Con respecto á docencia virtual como consecuencia das medidas de seguridade sanitarias decretadas polas autoridades a raíz da incidencia da COVID-19, o profesorado valorou o desenvolvemento deste tipo de docencia cun 3,76 (3,57 en 2019-2020) e o desenvolvemento das probas de avaliación cun 3,59 (3,52 en 2019-2020). Na nova enquisa non temos información sobre a valoración da coordinación entre os distintos profesores da materia, dato que no caso de moitas das materias do GLLI sería preciso coñecer, motivo polo que se propuxo unha acción de mellora (AM-2) no *Informe de Seguimento 2018-2019*, pero non se obtivo resposta probablemente porque a incidencia da COVID-19 obrigou a concentrar esforzos en aspectos máis relevantes (2501099_INF.14_2020-2021). Propoñemos retomar esta acción de mellora (AM-3.2).

como xa indicamos máis arriba, este ano a enquisa de satisfacción dos egresados non está desagregada por titulacións, polo que descoñecemos o grao de satisfacción medio co profesorado da titulación entre este grupo de interese: en 2019-2020 este valor fora de 3,22, lixeiramente superior á valoración do curso 2018-2019 que fora de 3 e á do curso 2017-2018 que foi de 2,94 (2501099_INF.09_2019-2020). Entre o conxunto de egresados da USC o grao de satisfacción co profesorado das distintas titulacións foi de 3,16 na enquisa correspondente ao primeiro semestre de 2020-2021, e 3,21 na enquisa correspondente ao segundo semestre de 2020-2021 (2501099_INF.09_1ºS_2020-2021; 2501099_INF.09_2ºS_2020-2021)

-no informe da enquisa propia elaborada polo Decanato da Facultade de filoloxía sobre satisfacción do estudiantado Erasmus entrante, os enquisados amosaron un alto grao de satisfacción co PDI do centro: con respecto á accesibilidade do profesorado, o 27,3 % dos enquisados valorou este aspecto cun 5 (moi accesible), outro 27,3% valorouno cun 4 e outro 27,3% valorouno cun 3: ningún estudante optou polo valor 1 (inaccesible). Con respecto á competencia do profesorado, o 18,2% dos enquisados valoraron este aspecto cun 5 (moi competente), o 45,5% cun 4, e o 27,3 cun 3 (I4_GLLI_Enquisa ERASMUS ENTRANTES_2020-2021)

Como xa se adiantou no CRITERIO 1.2, a media de alumnos por grupo de teoría para o curso 2020-2021 segue a aparecer desagregada en dous datos novos: a “Media de alumnos matriculados en materias (FB e OB) por grupo de teoría (expositivas)” e a “Media de alumnos matriculados en materias optativas por grupo de teoría (expositivas)”. A media de alumnos matriculados en grupos expositivos nas materias básicas e obrigatorias no GLLI foi de 65,88 (62,7 en 2019-2020 e 61,19 en 2018-2019) (IN55G) e a media de alumnos matriculados en grupos expositivos nas materias optativas foi de 33,82 (30,02 en 2019-2020 e 28,33 en 2018-2019) (IN56G). Os dous datos resultan próximos á expectativa manifestada na *Memoria de Verificación* (75 como media de alumnos por grupo de teoría). Como xa indicamos máis arriba, os alumnos do GLLI comparten oito das materias do maior do GLLI con alumnos doutros graos que fan estas materias como parte dos módulos complementario e optativo das súas titulacións, e os estudantes do GLLI comparten ademais as materias dos seus módulos complementarios e optativos de minor con estudantes do resto das titulacións, o que supón que o número real de alumnos nos grupos sexa algo máis alto do que estes indicadores poñen de manifesto (v. CRITERIO 1.2). A media de alumnos por grupo de docencia interactiva foi 27,43 (27,86 en 2019-2020 e 27,52 en 2018-2019): 19,79 (21,75 en 2019-2020 e 23,71 en 2018-2019) en grupos de laboratorio e 32,96 (31,87 en 2019-2020 e 29,68 en 2018-2019) en grupos de seminario (IN32G). Esta media segue próxima á proposta na *Memoria de Verificación* (25 alumnos por grupo de docencia interactiva) (Anexos: Apartado 5, p. 37), e se mantén dentro do estipulado no PAA para o curso 2020-2021 (I15_GLLI_PAA_2020-2021). As valoracións positivas acadadas nas enquisas de satisfacción coa docencia recibida e a docencia impartida nos aspectos referentes á relación entre o PDI e o alumnado parecen confirmar que o tamaño dos grupos é correcto.

OFERTA DE FORMACIÓN DOCENTE

A USC conta cun programa propio de formación e innovación docente que ofrece cursos orientados a mellorar a calidade da docencia con especial referencia a aspectos como as TIC aplicadas á docencia, estratexias de ensino-

aprendizaxe, avaliación, etc. A porcentaxe de participación do PDI do GLLI neste tipo de actividades aumentara drasticamente no curso 2019-2020, e mantívose alto no curso 2020-2021 pasando de 49,22% en 2019-2020 a 44,44% en 2020-2021 (18,94% en 2018-2019). O aumento foi xeneralizado en todas as titulacións da Facultade, sen dúbida debido á necesidade de adaptarse a sistemas de docencia virtual a consecuencia da incidencia da COVID-19 (5040_I6-I7_2020-2021). Como xa indicamos no Informe de seguimento 2019-2020, este dato confirma o compromiso do profesorado da titulación por adaptarse do mellor xeito posible á situación que obrigou a todos os docentes a recorrer a novas ferramentas tecnolóxicas. Proba da novidade que sigue sendo para moitos docentes o uso destas ferramentas é que unha das valoracións máis baixas no informe da enquisa de satisfacción coa docencia impartida foi a outorgada ao aspecto "Valora a túa experiencia previa no uso das tecnoloxías para a docencia e avaliación en remoto": 3,42 (3,33 en 2019-2020). A valoración da satisfacción xeral media coas actividades formativas segue a ser alta, 4,49, lixeiramente superior á dos anos anteriores (4,46 en 2019-2020, 4,23 en 2018-2019 e 4,3 en 2017-2018) no conxunto do PDI da USC (5040_INF.10_2020-2021). Proba do alto grao de satisfacción do PDI con estas actividades formativas é que o 92,07% dos enquisados manifestan que lles recomendarían aos seus compañeiros que se matriculasen nestes cursos (5040_INF.10_2020-2021). Todos os valores da enquisa de satisfacción son superiores a 4, destacando o 4,66 (4,52 en 2019-2020 e 4,54 en 2018-2019) do proceso de inscrición e matrícula, o 4,56 (4,48 en 2019-2020 e 4,43 en 2018-2019) da planificación e organización dos cursos (horarios, número de prazas, etc), e o 4,51 (4,46 en 2019-2020 e 4,39 en 2018-2019) dos materiais didácticos utilizados, que volven a estar entre os aspectos mellor valorados coma no curso anterior. En contraste co curso anterior, cando as instalacións foron un dos aspectos peor valorados, nesta ocasión obteñen un meritorio 4,57. Con respecto á valoración dos contidos, a "Adecuación dos contidos ás necesidades de formación" foi valorada cun 4,38 (4,35 en 2019-2020 e 4,23 en 2018-2019), o carácter innovador e actualizador dos contidos foi valorado tamén cun 4,38 (4,35 en 2019-2020 e 4,21 en 2018-2019) e a aplicación dos contidos ao labor docente foi valorado cun 4,48 (4,43 en 2019-2020 e 4,11 en 2018-2019) (5040_INF.10_2020-2021). Podemos concluír que a oferta de actividades docentes para o PDI da Facultade de Filoloxía é suficiente e sobradamente satisfactoria.

MOBILIDADE DO PROFESORADO/ PROFESORES/AS INVESTIGADORES/AS VISITANTES/

Segundo o índice I10 "Porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título" un total de 31 profesores do GLLI participaron en programas de mobilidade no curso 2019-2020 (o último do que temos datos), o que supón un 3,23% sobre o total do PDI implicado na titulación, incluíndo ao PDI doutras especialidades que imparten materias dos módulos básicos, complementarios e optativos de minor no GLLI. Esta porcentaxe, que supera a dos dous cursos anteriores, non parece moi significativa ou incluso exacta: descoñecemos o modo de cómputo pero si podemos afirmar que 31 profesores non supoñen o 3,23% do PDI total do GLLI, dado que de ser así o total do profesorado do título sería de case mil docentes (5040_I10_2020-2021).

ACTIVIDADES DE DIFUSIÓN DA ACTIVIDADE INVESTIGADORA CELEBRADAS NA FACULTADE

A pesar das limitacións impostas polas medidas sanitarias derivadas da incidencia da COVID-19, durante o curso 2020-2021 celebráronse numerosos eventos (moitos deles virtuais), que inclúen congresos e simposios, seminarios, conferencias, cursos e xornadas.

NO MARCO DO SEFORIN:

- Conferencia de João Paulo Silvestre: "Dictionaries as networks: Castilian and Italian sources in Portuguese bilingual lexicography" (27/10/2020)
- Conferencia de María Isabel García Pérez: "Identidade e perfil dixital do investigador. Ferramentas de procura e difusión da produción académica e científica en Internet" (24/11/2020)
- Conferencia de Carolina Amador-Moreno: "Irish English discourse markers in perspective" (26/11/2020)
- Curso de Carlos Eduardo Deoclécio: "Noticias sociolingüísticas do portugués brasileiro" (23, 24, 25, 30/11/2020 1,2/12/2020)
- IX simposio da Asetel "Pensar los medios: géneros, dispositivos y estrategias" (28-29/1/2021)

ACTIVIDADES ORGANIZADAS POLO PDI DO GLLI:

Congresos, conferencias, seminarios, obradoiros
--

Conferencias	Data de realización
Katherine Grimes (Ferrum College), 'Harry Potter and the Hero Myth'.	08/10/2020
Barbara Korte (University of Freiburg), 'Victorian Periodicals & Travel Writing'.	04/12/2020
Daniel M. Ambrona Carrasco (Universidad de Valencia) 'Staging Richard III Today'.	10/12/2020
Ulla Connor and Matthew Hume (Indiana University-Purdue University Indianapolis IUPUI) "Academic Writing in English".	10/02/2021
Dra Marta Paulos Nova (F.E.A. de O.R.L. en el Sistema Sanitario público y privado) "El aparato fonador: una perspectiva desde la medicina".	08/03/2021
Margarita Carretero González (Universidad de Granada; Fellow of the Oxford Centre for Animal Ethics), "Más allá de las fábulas: los otros animales en los estudios literarios".	14/05/2021
Seminarios, obradoiros	data de realización
Obradoiro "Harry Potter and Moral Development", impartido por Katherine Grimes (Ferrum College. Universidade de Santiago de Compostela.	06/10/2020
Seminario "ZOE: Literatura, Ecofeminismo e Configuracións Animais". Facultade de Filoloxía. Universidade de Santiago de Compostela, 12 de novembro, 2020.	12/11/2020
Seminario "Virginia Woolf Beyond Words", Facultade de Filoloxía, Universidade de Santiago de Compostela.	05/03/2021
Seminario e obradoiro "Verse-Music and the Ring of Ideas: Christopher Norris on Poetry and Poetics", Facultade de Filoloxía, Universidade de Santiago de Compostela.	03-06/05-2021
Obradoiro "Researching Political Discourse: Populism and New Media", impartido por Ruth Breeze (Universidad de Navarra). Facultade de Filoloxía. Universidad de Santiago de Compostela.	03-04/02/2021
Seminarios de investigación en liña (a través de Microsoft Teams) da Rede de Investigación "English Linguistics Circle", organizados polo grupo de investigación SPERTUS (Coordinador: Ignacio Palacios Martínez) e os demais grupos que conforman a devandita rede (VLCG, coordinadora: Teresa Fanego (USC); PCC, coordinadora: Isabel Fraga (USC); LVTC, coordinador: Javier Pérez Guerra (UVigo); e MMTAFL, coordinadora: Rosa Alonso (UVigo).	
2020	
· 22nd ELC Research Seminar (27 outubro 2020). Conferenciante invitada: Lucía Loureiro-Porto (Universitat de les Illes Balears), "Democratization, prescriptivism and gender-neutrality: the good, the bad and the ugly?"	27/10/2020
· 23rd ELC Research Seminar (11 novembro 2020). Conferenciante invitada: Ana Rita Sá Leite Dias (Universidade de Santiago de Compostela), "On the syntactic vs. lexical nature of grammatical gender: the Gender Acquisition and Processing (GAP) hypothesis"	11/11/2020
· 24th ELC Research Seminar (26 novembro 2020). Conferenciante invitada: Carolina Amador-Moreno (University of Bergen / Universidad de Extremadura), "Sure he does be always telling me my heart is too near my mouth: Irish English discourse markers in perspective"	26/11/2020
· 25th ELC Research Seminar (15 decembro 2020). Conferenciante invitada: Noelia Castro Chao (Universidade de Santiago de Compostela), "Pathways to English complement clauses: from adverbial subordination to complementation in object territory"	15/12/2020
2021	
· 26th ELC Research Seminar (28 xaneiro 2021). Conferenciante invitada: Iria de Dios Flores (USC), "Negative Polarity Item illusions: experimental and theoretical insights"	28/01/2021
· 27th ELC Research Seminar (22 febreiro 2021). Conferenciante invitado: José Antonio Sánchez Fajardo (University of Alicante), "Don't take it out on words, blame the suffixes: On the morphopragmatic properties of pejorative suffixation in English"	22/02/2021

4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación exixido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos

á contratación e mellora do persoal de apoio.

- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O centro conta co persoal necesario e perfectamente cualificado para levar a cabo os seus labores. O número de PAS na Facultade de Filoloxía é de 23, un menos ca no curso anterior, e deles 15 contan cunha experiencia superior aos 10 anos de servizo (5040_E16_2020-2021). O mesmo que xa indicamos nos informes de anos anteriores, o cadro de persoal de administración e servizos é suficiente para atender as necesidades fundamentais do centro. Ao igual que en anos anteriores a Facultade reitera a necesidade dun/dunha técnico informático/a que se encargue do mantemento do equipamento técnico.

BIBLIOTECA

O persoal da Biblioteca está composto por:

- Dirección da Biblioteca: 1
- Axudantes Biblioteca: 3
- Auxiliares Biblioteca: 6

O persoal auxiliar da Biblioteca resulta suficiente para desenvolver as súas funcións e atender a todos os usuarios, tanto persoal docente e investigador como aos alumnos. En contraste, o persoal técnico co que conta nestes momentos a Biblioteca, resulta insuficiente para poder ofrecer todos os servizos necesarios, realizar as tarefas propias do posto e que sexa posible levar a cabo todas as melloras que ten previstas a Biblioteca, tanto de apoio á aprendizaxe como no eido do apoio a investigación. Todo o persoal da Biblioteca conta co nivel de cualificación esixido. Na actualidade, na Biblioteca, realízanse tarefas de proceso técnico dos fondos bibliográficos, labores de información, referencia e difusión, así como formación de usuarios e asesoramento ao PDI. A Institución ofrece posibilidades ao persoal da Biblioteca para actualizar os seus coñecementos e mellorar a súa formación, mediante a realización de distintos cursos.

SATISFACCIÓN DO PAS

En contraste co informe da enquisa de satisfacción do PAS da Facultade de Filoloxía de 2019-2020 que só rexistrara unha resposta, o informe do curso 2020-2021 rexistrou 15 respostas, de xeito que neste caso os resultados si resultan significativos. Debido a esta situación a comparativa dos valores que segue está feita tendo en conta os valores do curso 2018-2019.

A satisfacción media do PAS da Facultade de Filoloxía no curso 2020-2021 foi 3,84 algo máis alta que a do curso 2018-19 que fora de 3,75 e a do curso 2017-2018, que fora de 3,67, e resulta así ser lixeiramente máis alta que a satisfacción media do PAS na USC, que foi 3,67. No informe da enquisa de satisfacción do curso 2020-2021 non se observa ningunha variación representativa con respecto aos valores medios de satisfacción media do PAS na USC. O máis destacable é que case todos os valores do PAS da Facultade de Filoloxía superan ou son moi similares aos valores medios da USC. Tres dos valores superan o 4: "A miña formación é importante para manter a calidade do meu traballo" foi o aspecto mellor valorado obtendo un 4,26 (3,87 media da USC), seguido moi preto por "O meu lugar de traballo é accesible e non percibo dificultades no seu acceso" que obtivo un 4,25 (3,93 de media na USC), e pola valoración dos recursos necesarios para o desenvolvemento das función que acadou un 4,01 (3 en 2017-2018 e 4 en 2018-2019) (3,79 foi a media na USC). Especialmente positiva é a valoración do lugar de traballo: o aspecto "O meu posto de traballo está en boas condicións (mantemento das instalacións ou do mobiliario, por exemplo)" foi valorado cun 3,94 (3,80 de media na USC) e o aspecto "O meu lugar de traballo é seguro (non percibo pouca salubridade ou toxicidade no ambiente, etc)" obtivo un 3,91 (3,93 de media na USC). "A comunicación entre o persoal da unidade e o/as usuarios/as é axeitada" foi valorada cun 3,97 (3,83 en 2017-2018 e 4 en 2018-2019) (3,80 de media na USC). Tamén son altas as valoracións dos aspectos relacionados co equipo de traballo: "Coñezo as miñas funcións e as miñas responsabilidades están claramente definidas" foi valorado cun 3,95 (3,73 de media na USC); o aspecto "Síntome parte dun equipo de traballo" acadou un 3,88 (3,53 de media na USC); o aspecto "As miñas opinións e aportacións son tidas en conta á hora de mellorar a miña unidade" foi valorado cun 3,85 (3,80 de media na USC); o

aspecto "Sinto que a persoa responsable da unidade coordina e dirixe correctamente ao equipo de traballo" obtivo un 3,75 (3,80 de media na USC): este aspecto mellorou considerablemente con respecto ao resultado de 2018-2019 cando descendera drasticamente pasando de 4,33 en 2017-2018 a 3 en 2018-2019. O aspecto peor valorado foi a coordinación con outras unidades da universidade, que obtivo un 3,12, resultando aínda así un valor superior ao da media da USC que foi de 2,73. Un 71,43% dos PAS enquisados declarou que puido desenvolver as súas obrigas en remoto; un 57,14% valorou que os recursos para realizar o traballo en remoto foron axeitados, pero só un 33,33% indicou que a súa formación para traballar en remoto era axeitada. Con respecto á información sobre o impacto da COVID-19 nas súas obrigas, esta foi axeitada para un 93,33%, e os mecanismos para trasladar dúbidas relacionadas coa incidencia da COVID-19 foron axeitados para o 71,34% (5040_INF.21_2020-2021).

OFERTA DE ACTIVIDADES FORMATIVAS PARA O PAS

A satisfacción global media manifestada polo PAS da USC cos cursos de formación recibidos segundo o Informe da enquisa de satisfacción do PAS coas actividades formativas desenvolvidas foi de 7,64 (sobre 10) idéntica á valoración do curso 2019-2020 e moi similar ao 7,84 do curso 2018-2019 (5040_INF.11_2020-2021). Como no curso anterior, todos os valores do Informe da enquisa de satisfacción do PAS coas actividades formativas desenvolvidas de 2020-2021 son positivos e non houbo grandes cambios con respecto ao curso anterior: os aspectos mellor valorados son o número de alumnos (8,15/10 moi similar ao 8,36/10 de 2019-2020, ao 8,25/10 de 2018-2019, e ao 4,32/5 en 2017-2018), os horarios (7,84 fronte a 8,03/10 en 2019-2020, 8,14/10 en 2018-2019 e 4,10/5 en 2017-2018), a consecución dos obxectivos (7,75/10) e os contidos teóricos (7,76). O peor valorado foron as aulas e instalacións (6,87), algo que contrasta co informe do curso 2019.2020 cando este aspecto figuraba entre os mellor valorados (7,83/10; 7,9/10 en 2018-2019 e 4,23/5 en 2017-2018) e os contidos prácticos (6,91). A adecuación da duración do curso aos contidos, que fora o aspecto peor valorado en 2019-2020 (7,08) obtivo en 2020-2021 unha valoración lixeiramente superior (7,16). Aínda que os valores foron en xeral lixeiramente máis baixos ca os do curso anterior, o 86,97 % (81,33% en 2019-2020) dos PAS da USC recomendaría os cursos a outras persoas (5040_INF.11_2019-2020).

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título.

5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, ...
- Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistenciais e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), ...
- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais,... son suficientes e están actualizados.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,...) e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante oríéntano no funcionamento da institución.
- Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analízase e revísase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).
- No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Ofrécense a continuación datos referidos ás actuacións e melloras correspondentes ao curso 2020-2021, que complementan ou actualizan a información incluída nos informes de seguimento e renovación da acreditación dos cursos anteriores (espazos, biblioteca, melloras nos equipamentos e infraestruturas docentes, campus virtual, accesibilidade e prevención de riscos e servizos de orientación e atención ao estudantado).

BIBLIOTECA:

Datos correspondentes a 2021:

- Total de títulos de monografías: 168.953
- Total de volumes de monografías: 208.895
- Volumes de monografías ingresados. 2.255
- Títulos de publicacións periódicas. 2.584
- Títulos de publicacións periódicas en curso de recepción: 342

- Total de documentos catalogados: monografías 2.255
- Volumes prestados no centro: 35.168
- Volumes de Filoloxía prestados na BUSC: 31.596
- Cursos impartidos: 2 (50 horas e 151 asistentes)
- Redes sociais: Pinterest, Facebook e Instagram

MELLORAS NO EQUIPAMENTO E INFRAESTRUCTURAS

Durante o curso 2020-2021 as melloras máis significativas (renovación de equipamento informático, adquisición de mobiliario, acondicionamento e mantemento dos espazos) foron as seguintes:

- reparacións diversas no edificio: substitución baixantes da cuberta, reparación falso teito, pintura en varios espazos da Facultade;
- obra de montaxe e desmontaxe de andamio;
- mamparas segundo orzamento 874 de 30/09/2020 MEDIDAS COVID-19;
- deseño, elaboración e colocación de paneis de vinilo na Facultade medidas Covid-19;
- obras de impermeabilización na terraza da biblioteca;
- instalación dunha toma dobre para 2 pantallas informativas no hall da Facultade de Filoloxía;
- instalación dunha caixa de toma de teléfono no corredor dos gabinetes 409 e 410;
- fabricación e montaxe de 26 soportes de aceiro para suxeición de portas dentro das Medidas anti Covid;
- instalación dunha toma sinxela na sala Covid na F. Filoloxía. Outra máis no gabinete da vicedecana Rosa Marta Gómez Pato. Medidas anti Covid;
- revisión e mantemento da megafonía das aulas;
- renovación de computadora PC e monitor Decanato;
- renovación de estantes e papeleiras;
- adquisición de micrófonos de solapa para docencia;
- equipamento informático diverso (1 computadora de mesa e 3 monitores);
- 2 Monitores Samsung QM49R con soporte e instalación no vestíbulo da Facultade;
- micrófonos sen fíos e amplificadores para a docencia;
- proxectores Maxell;
- mesa de dirección, caixoneira e estantes, máis 5 bancos de exterior;
- impresora para a biblioteca;
- subministración de material eléctrico para mantemento de instalación;
- substitución vidro roto na aula C01 da Facultade de Filoloxía;
- control de pragas na Facultade de filoloxía no 2021;
- reparación: Mackioe Onyx Producer 2-2;
- interface de audio USB con 2 entradas e 2 saídas de audio.
- conectorizado do cableado existente en mesa e patch de mesa de ponentes;
- reparación de estores enrolábeis colocados en diversos locais da Facultade;
- material de ferraxaría para mantemento na Facultade: Barra antipánico para porta;
- impresora "Epson Multifunción WorkForce Pro WF-3820DWF" (CAPLE) provas CAPLE;
- amplificador para aula;
- obra de acondicionamento de despachos na zona da Biblioteca da Facultade de Filoloxía;
- obra de instalación de soporte de teito para cámara e canalización para cabos eléctricos na aula C1;
- traballo de instalación de cabo eléctrico en chan de madeira e posterior arranxo no salón de graos da Facultade e arranxo da rampla de acceso.

PAT

No marco do PAT da Facultade de Filoloxía organizáronse os seguintes eventos:

- sesión de benvinda aos estudantes de grao de novo ingreso (21/09/2020);
- sesión de benvinda e orientación para estudantes de mestrados (por mestrado);
- actos de recepción dos estudantes alleos (25/9/2020 e 5/2/2021);
- sesión informativa sobre o TFG para estudantes de cuarto curso (30/09/2020);

- actividades formativas para a elaboración e defensa dos TFG: Obradoiros (MSTeams) (25/11, 9/12, 16/12 /2020);
- sesión informativa sobre as convocatorias de programas de mobilidade de estudantes (24/11/2020);
- sesión informativa sobre o programa de prácticas externas para os estudantes dos títulos de grao da Facultade (7/10/2020);
- sesión informativa sobre a oferta de módulos complementarios e optativos dos títulos de grao, para estudantes de 1º e 2º dos diferentes graos (27/04/2021);
- sesión informativa sobre a oferta dos Mestrados do Centro, para o estudantado que está a cursar o último ano de Grao (28/4/2021);
- charlas da Área de Orientación Laboral e Emprego dirixidas especificamente ao alumnado da Facultade de Filoloxía:

- +“Oportunidades de prácticas a nivel autonómico, nacional e internacional”.
(6/5/2021)
- +“Elabora o teu CV e carta de presentación” (11/5/2021).

PARTICIPACIÓN DA FACULTADE DE FILOLOXÍA NO MARCO DO PROGRAMA *A Ponte entre o ensino medio e a USC*

PARTICIPACIÓN DO PROFESORADO DA FACULTADE DE FILOLOXÍA NO PROGRAMA *CHARLAS TEMÁTICAS*

- ANA ISABEL BOULLÓN AGRELO Profesora Titular de Universidade da Área de Filoloxías Galega e Portuguesa
Charla: “Por qué nos chamamos así? Os apelidos galegos”
 - IES DIONISIO GAMALLO (Ribadeo – Lugo)
 - IES PLURILINGUE FONTEXERIA (Muros - A Coruña)
 - IES DO MILLADOIRO (Ames - A Coruña)
- FRANCISCO XOSÉ DUBERT GARCÍA Profesor Titular de Universidade da Área de Filoloxías Galega e Portuguesa
Charla: “Linguas en contacto”
 - IES PAZO DA MERCÉ (As Neves – Pontevedra)
 - IES GONZALO TORRENTE BALLESTER (Pontevedra)
 - IES PLURILINGÜE ROSALÍA DE CASTRO (Santiago de Compostela - A Coruña)
 - IES de SOUTOMAIOR (Soutomaior – Pontevedra) • IES Nº 1 (Ribeira - A Coruña)
- MARÍA BELÉN MÉNDEZ NAYA Profesora Titular de Universidade da Área de Filoloxía Inglesa
Charla: “A journey through time: The history of English vocabulary”
 - IES AS LAGOAS (Ourense) • IES CAMILO JOSÉ CELA (Padrón - A Coruña)
 - IES ARCEBISPO XELMIREZ I (Santiago de Compostela - A Coruña)
 - IES XESÚS TABOADA CHIVITE (Verín – Ourense)
 - IES AS LAGOAS (Ourense)
- VICTOR MILLET SCHRÖDER Catedrático de Universidade da Área de Filoloxía Alemá
Charla: “Filoloxías con futuro, tradicionais e dixitais”
 - IES MONTE CASTELO (Burela – Lugo)
- XULIO SOUSA FERNÁNDEZ Profesor Titular de Universidade da Área de Filoloxías Galega e Portuguesa
Charla: “Como cambia o significado das palabras?”
 - IES MONTE DA VILA (O Grove – Pontevedra)
 - IES CAMILO JOSÉ CELA (Padrón - A Coruña)
 - IES CARLOS CASARES (Viana do Bolo – Ourense)
 - IES DO MILLADOIRO (Ames - A Coruña)
 - IES AS LAGOAS (Ourense)

PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA *ENCUNTROS DO ENSINO MEDIO E DA USC*

A situación sanitaria impediu a celebración destes encontros presenciais. A Universidade organizou uns encontros virtuais cun formato similar aos encontros que tiveran lugar no curso 2019-2020 (proporcionáronse vídeos e información relacionada coas titulacións, así como unha ligazón para que os estudantes de medias puideran interactuar, mediante videoconferencia sincrónica, con profesorado e estudiantado dos distintos graos). A páxina de entrada foi: <https://www.usc.gal/gl/encontros-virtuais>, e o acto inaugural dos Encontros tivo lugar o 23 de marzo. O total de visitas foi de 13.540.

As sesións de videoconferencia correspondentes ás titulacións da Facultade de Filoloxía tiveron lugar de acordo co seguinte calendario e horario:

Grao de Lingua e Literatura Inglesas
Martes 23 de marzo, de 17:00 a 18:00h.

Grao en Linguas e Literaturas Modernas (Mención en Lingua e Literatura Francesas)
Mércores, 24 de marzo, de 10:00 a 11:00h.

Grao en Linguas e Literaturas Modernas (Mención en Filoloxía Románica)
Mércores, 24 de marzo, de 17:00 a 18:00h

Grao de Lingua e Literatura Galegas
Martes 23 de marzo, de 16:00 a 17:00h.

Grao de Lingua e Literatura Españolas
Xoves, 25 de marzo, de 18:00 a 19:00h

Grao en Linguas e Literaturas Modernas (Mención en Lingua e Literatura Italianas)
Mércores 24 de marzo, de 16:00 a 17:00h.

PARTICIPACIÓN NO CURSO DE TITORES PARA ALUMNADO MATRICULADO EN ESTUDOS DE GRAO

Matriculáronse tres alumnos/as (un acabou a formación).

GRAO DE SATISFACCIÓN COS RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS

En xeral, o grao de satisfacción dos distintos grupos de interese cos recursos materiais e servizos no curso 2020-2021 foi alto.

Con respecto ao grao de satisfacción do alumnado, no informe da enquisa de satisfacción coa docencia recibida tanto a valoración dos "Recursos didácticos empregados polo PDI" (3,90) como a do "Material de apoio" (3,88) foron positivas, lixeiramente inferiores aos valores recollidos neste informe para o primeiro semestre do curso 2019-2020 (4,08 e 4,05 respectivamente), pero superiores aos valores recollidos neste informe para o segundo semestre de 2019-2020 (3,68 e 3,59 respectivamente), e moi similares aos valores do curso 2018-2019 (3,90 e 3,92 respectivamente). Non se observan, polo tanto, discrepancias significativas (2501099_INF.13_1S_2019-2020, 2501099_INF.13_2S_2019-2020, 2501099_INF.13_1S_2020-2021). De novo, os resultados referentes aos recursos materiais e servizos do Informe da enquisa de satisfacción do alumnado coa titulación son máis baixos ca os anteriores, pero melloraron os valores recollidos no curso anterior: os recursos educativos foron valorados cun 2,76 (2,52 en 2019-2020 e 2,67 en 2018-2019), as infraestruturas e materiais dispoñibles foron valorados cun 3,14, mellorando substancialmente os resultados dos cursos anteriores (2,52 en 2019-2020 e 3 en 2018-2019) e o campus virtual obtivo un 3,19 (2,97 en 2019-2020 e 4 en 2018-2019) (2501099_INF.22_2020-2021).

No caso do PDI, practicamente todos os valores son superiores ás valoracións feitas polos estudantes:

- o PDI valorou os "Recursos educativos" cun 4,44, mellorando considerablemente o 3,86 do informe do curso 2019-2020 e incluso o 4,31 do curso 2018-2019 (2501099_INF.23_2020-2021) e moi superior ao 2,76 (2,52 en 2019-2020 e 2,67 en 2018-2019) do alumnado (2501099_INF.22_2020-2021);
- o PDI valorou as aulas e o seu equipamento cun 4,36, mellorando tamén o valor do curso 2019-2020 que fora de 3,76, e moi preto do 4,38 de 2018-2019 (2501099_INF.23_2020-2021), e de novo moi superior ao 3,14 (2,52 en 2019-2020 e 3 en 2018-2019) de valoración na enquisa do alumnado (2501099_INF.22_2020-2021);
- o PDI valorou o campus virtual cun 4,72, mellorando as valoracións de 2019-2020 (4,38) e de 2018-2019 (4,54) (2501099_INF.23_2020-2021), de novo moi superior ao 3,19 (2,97 en 2019-2020 e 4 en 2018-2019) de valoración na enquisa do alumnado (2501099_INF.22_2020-2021).

O PDI tamén manifestou un alto grao de satisfacción cos recursos materiais e servizos na Enquisa de satisfacción coa docencia impartida, onde a valoración do "Material e servizos de apoio á docencia da universidade" foi de 4,32, mellorando polo tanto o 4,03 de 2019-2020, o 4,29 de 2018-2019 e o 4,17 de 2017-2018 (2501099_INF.14_2020-2021).

No informe da enquisa propia elaborada polo Decanato da Facultade de Filoloxía sobre a satisfacción dos estudantes Erasmus entrantes, o servizo da Facultade de Filoloxía mellor valorado foi a cafetería: o 36,4% dos enquisados valoraron este aspecto cun 5, o 45,4% cun 4 e o 18,2% cun 3 (non se rexistraron respostas inferiores a 3); os seguintes aspectos mellor valorados foron o servizo de reprografía (o 30% dos enquisados valorou este aspecto cun 5, o 10% cun 4, o 40% cun 3 e só o 20% cun 2; non houbo valoracións inferiores a 2) e o asesoramento na biblioteca (o 18,2% valoraron este aspecto cun 5, o 45,5% cun 4 e o 36,4% cun 3; non houbo valoracións inferiores a 3); o equipamento das aulas foi valorado cun 5 polo 18,2% dos enquisados, cun 4 polo 36,4%, cun 3 por outro 36,4% e cun 2 por tan só o 9,1% dos enquisados; a información de conserxería foi valorada cun 5 polo 18,2% dos enquisados, cun 4 polo 27,3%, e cun 3 polo 54,5% (ningún valor foi inferior a 3); finalmente a información ofrecida no Decanato foi valorada cun 5 polo 18,2% dos enquisados, cun 4 polo 27,3%, cun 3 polo 45,5% e cun 1 polo 9,1%, sendo este o único aspecto que acadou algún 1 na valoración dos materiais e servizos no centro. A valoración deste último aspecto resulta un pouco sorprendente se temos en conta que o grao de satisfacción coa RAM foi de 5 para o 50% dos enquisados e 3 para o outro 50% (I4_GLLI_Enquisa ERASMUS ENTRANTE_2020-2021).

No informe da enquisa propia elaborada polo Decanato da Facultade de Filoloxía sobre a satisfacción dos estudantes Erasmus saíntes, os enquisados valoraron favorablemente o acceso aos servizos nas universidades de acollida: o aspecto mellor valorado foi o acceso á biblioteca (o 66,7% valorou este aspecto cun 5, o 16,7% cun 4 e outro 16,7% cun 3) seguido polo equipamento das aulas (o 50% valorou este aspecto cun 5, o 16,7% cun 4 e outro 16,7% cun 3). O acceso a internet foi valorado cun 5 polo 40% dos enquisados, cun 4 polo 40% e cun 3 polo restante 20%, e o acceso a equipamento informático foi valorado cun 5 polo 16,7%, cun 4 polo 33,3% e cun 3 polo 50% (I4_GLLI_Enquisa ERASMUS SAÍNTE_2020-2021).

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:

Estándar: Os resultados de aprendizaxe alcanzados polos titulados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES da titulación.

Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polos estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

6.1.- Os estudantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título.

Aspectos a valorar:

- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos.
- Os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo e adecúanse ao nivel MECES.
- Os resultados de aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

ACTIVIDADES ACADÉMICAS, METODOLOXÍAS DOCENTES, SISTEMAS DE AVALIACIÓN

Os programas e guías docentes das materias (E4), suxeitos a renovación, revisión e aprobación anual como aparece reflectido nas actas das reunións da Comisión de Calidade, os Consellos de Departamento e as Xuntas de Facultade encargadas de tales labores, recollen a información relativa ás actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación de cada unha das materias (E5-GLLI-Actas Comisión Calidade 2020-2021, E5-GLLI-Actas Comisión GLLI 2020-2021, E5-GLLI-Actas Comisión Prácticas Externas 2020-2021, E5-GLLI-Actas Comisión Títulos de Grao-TFG 2020-2021). É importante sinalar que o aspecto mellor valorado nas enquisas de satisfacción do alumnado coa docencia recibida no curso 2020-2021 foi “Os contidos desenvolvéronse de acordo co cronograma temporal da materia inicialmente previsto antes da crise da Covid-19” que foi valorado cun 4,30 (2501099_INF.13_2020-2021).

Como queda explicado no apartado 1.2 do presente informe, as actividades académicas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación de algunhas das materias do GLLI sufriron modificacións para adaptarse aos escenarios decretados polas autoridades para facer fronte á situación derivada da implantación de medidas sanitarias extraordinarias causadas pola incidencia da COVID-19. Un exemplo das modificacións que afectaron ás metodoloxías docentes para adaptalas ás directrices indicadas nos documentos (a) RESOLUCIÓN REITORAL DO 2 DE SETEMBRO DE 2020 POLA QUE SE DISPOÑEN MEDIDAS FRONTE Á COVID-19 PARA O INICIO DO CURSO 2020-2021 (E4_GLLI_RR_02-09-2020_2020-2021), (b) DIRECTRICES PARA O DESENVOLVEMENTO DUNHA DOCENCIA PRESENCIAL SEGURA. CURSO 2020-2021 (E4_GLLI_Directrices docencia presencial Segura_2020-2021) e (c) o protocolo establecido polo Decanato da Facultade de Filoloxía (E4_GLLI_Avance información sobre actividade académica_2020-2021) pode ser consultado tanto no documento E4_GLLI_Distribución docencia_1S_2020-2021, como no apartado Observacións na programación de cada materia: seguindo as instrucións específicas indicadas nos documentos anteriores, as posibles modificacións ocasionadas polos potenciais cambios de escenario aparecen reflectidas no apartado “Observacións” da programación de cada materia. (<https://www.usc.es/gl/estudios/graos/artes-humanidades/grao-lingua-literatura-inglesas>).

Como xa indicamos máis arriba, no informe da enquisa de satisfacción coa docencia recibida, os estudantes manifestaron un alto grao de satisfacción na súa valoración do aspecto “Os contidos desenvolvéronse de acordo co cronograma temporal da materia inicialmente previsto antes da crise da COVID-19” (4,30) (2509011_INF.13_2020-2021), o que podería indicar o éxito das medidas de adaptación adoptadas con respecto á tipoloxía e metodoloxía docente, explicadas no apartado 1.2. Os profesores valoraron a súa satisfacción coa docencia en liña cun 3,76 (3,57 en 2019-2020) e a súa satisfacción cos sistemas de avaliación en remoto cun 3,59 (3,52 en 2019-2020). Aínda que

positivas, estas valoracións figuran entre as máis baixas no Informe da enquisa de satisfacción coa docencia impartida, o que pon de manifesto de novo unha clara preferencia pola docencia e os sistemas de avaliación presenciais (2509011_INF.14_2020-2021).

RESULTADOS DA APRENDIZAXE

O apartado correspondente da *Memoria de Verificación* do título (Apartado 8.2: "Procedimiento general de la Universidad para valorar el progreso y los resultados del aprendizaje de los estudiantes") identifica cales son os indicadores que a titulación, e a USC no seu conxunto, emprega para valorar o progreso e os resultados da aprendizaxe dos estudantes. Tales indicadores son:

- Taxa de graduación*.
- Taxa de eficiencia*.
- Taxa de éxito*.
- Taxa de abandono do sistema universitario*.
- Taxa de interrupción dos estudos*.
- Taxa de rendemento*.
- Media de alumnos por grupo*.
- Créditos de prácticas en empresas.
- Créditos cursados por estudantes do título noutras Universidades no marco de programas de mobilidade.
- Créditos cursados por estudantes doutras Universidades no título no marco de programas de mobilidade.
- Resultados de inserción laboral.
- Resultados dos recursos humanos.
- Resultados dos recursos materiais e servizos.
- Resultados da retroalimentación dos grupos de interese (medidas de percepción e análise de incidencias).
- Resultados da mellora do SGIC. (*Memoria de Verificación*, Apartado 8.2, pp. 254-255).

Dado que os nove últimos puntos son analizados nos correspondentes apartados deste *Autoinforme de Seguimento*, prestaremos agora atención ás seis primeiras taxas, tendo en conta que a taxa de eficiencia dos titulados foi extinguida no curso 2014-2015, debido a que penalizaba os títulos cuxos alumnos se matriculaban en materias a maiores das necesarias para graduarse; no curso 2015-2016 foi substituída polo Ministerio por unha nova taxa de eficiencia (rendemento dos egresados; IN53G), complementada por dúas novas taxas: taxa de éxito dos egresados (IN50G) e taxa de idoneidade na graduación (IN51G).

-**Taxa de rendemento** (Relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios que superaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios en que se matricularon). A taxa de rendemento global do GLLI no curso 2020-2021 descendeu con respecto ao resultado do curso 2019-2020 pasando de 88,02% a 80,73%, pero aínda así mellora o dato do último curso anterior á crise da COVID-19, 2018-2019, cando esta taxa fora de 79,17% (78,03% en 2017-2018) (IN34G), situándose moi lixeiramente por debaixo da media da USC (80,97%), pero xa moi preto dela (2501099_MedUSC_2020-2021). A titulación mellora a taxa de rendemento media da Facultade de Filoloxía (77,92%) e sitúase como a terceira mellor taxa no conxunto das cinco titulacións impartidas no centro (IN34CG). A pesar do descenso con respecto ao curso anterior, o dato da taxa de rendemento é moi positivo se temos en conta as circunstancias excepcionais que caracterizaron os procesos de avaliación da primeira oportunidade do segundo semestre e da segunda oportunidade dos dous semestres no curso 2019-2020. Este é o motivo de que insistamos na mellora con respecto ao último curso no que o proceso de avaliación foi o ordinario. Na desagregación por cursos non se observan discrepancias importantes, dado que a taxa varía só entre o 77,97 % do primeiro curso como a máis baixa (86,51% do segundo curso en 2019-2020) e o 82,74% do cuarto curso como a máis alta (90,11% tamén do cuarto curso en 2019-2020). Estes valores melloran os datos do curso 2018-2019, cando o valor máis baixo foi 73,10% no segundo curso e o máis alto 82,15 no terceiro curso (IN34G). Na desagregación por materias a taxa de rendemento máis baixa entre as materias da área de Filoloxía Inglesa corresponde de novo a *Introdución á literatura norteamericana*, con 57,57 %, valor considerablemente máis baixo ca o valor do ano anterior (65,03%), pero superior ao valor de 2018-2019 (50%), seguida de *Introdución á literatura inglesa* cunha taxa de 65,49%, neste caso un valor máis baixo ca o dos dous cursos anteriores: 82,17% en 2019-2020 e 75,81% en 2018-2019. En xeral as taxas da maioría das materias empeoraron con respecto ao curso anterior no que se dispuxeron medidas extraordinarias para a avaliación das materias, pero superaron os valores do último curso anterior á incidencia da COVID-19. Hai só dúas

materias ademais das dúas anteriores que non chegaron ao 70%, pero chegaron a unha taxa moi cercana: *Historia e cultura dos países de fala inglesa* (69,09) e *Literatura inglesa 2* (69,05). En contraste hai dez materias que superan o 90% na súa taxa de rendemento no curso 2020-2021. A taxa de rendemento máis alta entre as materias do Maior do GLLI é a de *Lingua Inglesa I*, que foi de 94,95% e *Técnicas de expresión oral*, que foi de 94,12%. Entre as materias optativas de especialización a taxa de rendemento máis alta correspondeu a *Teatro Inglés e Análise de texto do inglés antigo e medio*, cun 100%, e as máis baixas foron as de *Cultura e tradición en USA e Commonwealth* cun 81,25% (82,33% en 2019-2020; esta materia tivo unha taxa de éxito do 100%) e *Introdución ao estudo do inglés para fins académicos* cun 80,95% (84,21% en 2019-2020). A materia Traballo de Fin de Grao ten en 2020-2021 unha taxa lixeiramente máis baixa ca no curso 2019-2020 (72,18% fronte 74,17% en 2019-2020), pero segue mellorando substancialmente o dato do curso 2018-2019 (52,94%). A espectacular mellora na taxa de rendemento do TFG nos cursos 2019-2020 e 2020-2021 podería ir ligada ao establecemento dun sistema extraordinario de avaliación por titor ademais do sistema de avaliación habitual por tribunal. A nova Normativa de tfg da Facultade de Filoloxía elaborada durante o curso 2020-2021 con entrada en vigor no curso 2021-2022 normaliza a posibilidade de escolla entre dous sistemas de avaliación (avaliación por titor e avaliación por titor+tribunal). Esperamos que a nova Normativa contribúa a manter esta mellora. Entre as materias que non forman parte do Maior do GLLI a taxa de rendemento máis baixa foi o 0,00% de *Lingua latina 1*, o 33,33% de *Introdución á gramática galega*, e o 42,86% de *Lingua francesa 4*. En contraste 25 destas materias tiveron unha taxa de rendemento do 100% (2501099_INF.18_2020-2021).

-Taxa de éxito (Relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios que superaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios aos que se presentaron). A taxa de éxito no curso 2020-2021 foi 89%, de novo algo máis baixa que a taxa de 2019-2020 (93,75%), pero superando a de 2018-2019 (87,85%) e a de 2017-2018 (87,27%) (IN35G), así como a taxa media da USC, que foi 87,92% (2501099_MedUSC_2020-2021). Convértese así no segundo grao con mellor taxa de éxito entre os impartidos na Facultade de Filoloxía por debaixo do Grao en Lingua e Literatura Españolas (94,35%) e superando a media do centro (87,28) (IN35CG). Na desagregación por cursos, a taxa de éxito máis baixa corresponde ao primeiro curso (84,64%) (91,19% no segundo curso en 2019-2020; 80,38% no segundo curso de 2018-2019); no resto dos cursos a taxa é considerablemente máis alta: 88,07% en segundo, 88,77% en terceiro e 95,52% en cuarto (IN35G). Nos datos desagregados por materias obsérvase que entre as materias da área de Filoloxía Inglesa, ningunha taxa de éxito baixa do 70% en 2020-2021 agás *Introdución á literatura norteamericana*, cun 67,14% (71,54% en 2019-2020) e só dúas baixan do 80%: *Literatura inglesa 2* cun 76,99% (91,11% en 2019-2020) e *Historia e cultura dos países de fala inglesa* cun 71,70% (94,12% en 2019-2020). Dez das materias da área de Filoloxía Inglesa obteñen unha taxa do 100%, nove delas son materias optativas da modalidade Maior plus impartidas en terceiro e cuarto, e unha é unha materia obrigatoria do maior: *Literatura Inglesa 3*. Entre as materias doutras áreas cursadas como parte dos módulos básico, complementario ou optativo do Minor, a taxa de éxito máis baixa foi o 33,3% de *Introdución á gramática galega*; o resto das materias agás tres superaron con folgura o 70%. 44 (54 en 2019-2020 e 44 en 2018-2019) foron as materias doutras áreas nas que se acadou unha taxa de éxito do 100% (2501099_INF.17_2020-2021).

-Taxa de eficiencia (rendemento dos egresados) (Relación porcentual entre o número total de créditos que superou un estudante ao longo da titulación na que egresou e o número total de créditos nos que se matriculou). En contraste co que ocorrera no curso 2019-2020 cando esta taxa descendera considerablemente pasando de 88,89 en 2018-2019 a 81,60 en 2019-2020, no curso 2020-2021 houbo unha recuperación considerable e a taxa quedou situada no 87,26%, preto do valor obtido en 2018-2019 (IN53G).

-Taxa de éxito dos egresados (Relación porcentual entre o número total de créditos que superou un estudante ao longo da titulación na que foi egresado e o número total de créditos aos que se presentou). Esta taxa experimentou en 2020-2021 unha recuperación importante despois do considerable descenso experimentado en 2019-2020 con respecto ao curso anterior, pasando de 88,92% en 2018-2019 a 81,6 en 2019-2020: en 2020-2021 superou en case 10 puntos a taxa do ano anterior situándose en 91,36% (IN50G). A considerable mellora desta taxa e da anterior corrobora a reflexión incluída no Informe de seguimento 2019-2020, cando se afirmou: "Tendo en conta a evolución favorable da maioría das taxas no curso 2019-2020, esperamos que este dato mellore nos vindeiros cursos. A explicación deste descenso xunto co da taxa anterior, así como do aumento na duración dos estudos está probablemente relacionado co feito de que 32 dos estudantes egresados no curso 2019-2020 non o fixeron dentro da súa cohorte de ingreso como se explica máis abaixo na reflexión sobre a taxa de graduación" (p. 33). Esta taxa sitúase en terceiro lugar na comparativa co resto das titulacións da Facultade de Filoloxía e supera moi lixeiramente a media do centro (90,94%) (IN50CG).

-Taxa de idoneidade na graduación (Relación porcentual entre os estudantes que finalizaron os estudos no tempo previsto no plan de estudos ou antes e a súa cohorte de ingreso. A mosca información sobre o grao de eficacia do alumnado e da institución con relación á súa actividade académica). Esta taxa descendeu lixeiramente, pasando de 38,30% en 2019-2020 a 35,16% en 2020-2021 (37,63% en 2018-2019), pero mantense moi por encima do 19,42% de 2017-2018 (IN51G). Por este motivo, o GLLI pasa a ter a mellor taxa de idoneidade entre os graos impartidos na Facultade de Filoloxía (IN51CG).

-Taxa de abandono

(a) Taxa de abandono durante o primeiro curso (Relación porcentual entre os estudantes dunha cohorte de ingreso matriculados no título no curso académico X, que non se matricularon nos cursos X+1 e X+2, e o número total de estudantes desa cohorte de entrada que accederon no curso académico X). A taxa de abandono durante o primeiro curso en 2020-2021 mantívose exactamente igual ca no curso 2019-2020, cando descendera drasticamente despois do relativo aumento experimentado en 2018-2019, pasando de 15,38% en 2018-2019 a 8,24% en 2019-2020 e 2020-2021. Igual ca no curso 2019-2020, en números absolutos isto supuxo que abandonaron 7 estudantes (dunha cohorte de 85) (ING40G). As taxas de 2019-2020 e 2020-2021 son as mellores entre as taxas rexistradas nos últimos anos (15,38% en 2018-2019, 9,57 en 2017-2018, 17,20% en 2016-2017 e 16,50% en 2015-2016). Esta taxa mellora tamén substancialmente o resultado da media da USC (15,96%) (2501099_MedUSC_2020-2021). Ademais segue a ser con diferenza a máis baixa entre as titulacións da Facultade de Filoloxía e moi inferior á media do centro (20,85%) (IN40CG). Probablemente este bo resultado é debido ao alto número de estudantes que acceden á titulación como a súa primeira opción, o que corrobora a capacidade de captación de estudantes, o atractivo e a vixencia da titulación, como xa se argumentou no CRITERIO 1.1.

(b) Taxa de abandono RD 1393/2007 (Relación porcentual entre os estudantes dunha cohorte de novo ingreso que deberon obter o título no ano académico anterior e que non se matricularon nin nese curso académico nin no anterior). En contraste coa taxa anterior, esta superou lixeiramente a taxa do curso 2019-2020, pasando de 13,83% a 18,68% (IN41G), pero seguiu mellorando considerablemente a taxa de 27,96% en 2018-2019, e manténdose por debaixo das estimacións propostas na *Memoria de Verificación* da titulación renovadas seguindo indicacións da ACSUG durante o curso 2017-2018 (a previsión orixinal amosada na *Memoria de Verificación* baseada nos datos da antiga licenciatura en Filoloxía Inglesa era do 20% (Anexos: Apartado 8, p. 203), pero tal previsión foi axustada ao 25% seguindo a suxestión de actualizar estes datos proposta pola ACSUG no seu *Informe provisional de evaluación de la solicitud de modificación de plan de estudios* (I12_GLLI_Informe Provisional ACSUG Modificación Memoria_2017-2018; I12_GLLI_Memoria Actualización Resultados_2017-2018)). En números absolutos, o ascenso supuxo que en 2020-2021 se computou o abandono de 4 estudantes máis que en 2019-2020: en 2018-2019 abandonaron os estudos 26 estudantes dunha cohorte de 93 estudantes, en 2019-2020 fixérono tan só 13 dunha cohorte de 94 e en 2020-2021 fixérono 17 estudantes dunha cohorte de 91. A do GLLI é con diferenza a taxa de abandono máis baixa entre as titulacións impartidas na Facultade de Filoloxía (IN41CG). A taxa de abandono do GLLI é ademais considerablemente mellor que a media da USC (21,63%) (2501099_MedUSC_2020-2021).

-Duración media dos estudos (Duración media, en anos, na que os estudantes tardan en superar os créditos correspondentes ao plan de estudos). A duración media dos estudos retoma a tendencia descendente que se romperá en 2019-2020 pasando de 5,39 a 4,95 en 2020-2021 (IN38G). Esta tendencia está probablemente relacionada cos bos resultados acadados no resto das taxas. A duración media é lixeiramente inferior á media na USC (5,07) (2501099_MedUSC_2020-2021). Neste caso, o dato do GLLI está lixeiramente por encima da media das titulacións impartidas na Facultade de filoloxía (4,89) (IN38CG).

-Taxa de graduación (Relación porcentual entre os estudantes que finalizaron os estudos no tempo previsto no plan

de estudos ou nun ano académico máis e a súa cohorte de ingreso). A taxa de graduación situouse no curso 2020-2021 no 64,84%, o que supón unha considerable mellora con respecto aos cursos anteriores, cando esta taxa foi do 60,64% (2019-2020), 50,54% (2018-2019), 42,72% (2017-2018), e 50% (2016-2017) (IN37G). O resultado de 2020-2021 supera tamén a media da USC (62,06%) e sitúase por encima da estimación formulada na *Memoria de Verificación* despois do proceso de actualización dos datos suxerido pola ACSUG no seu *Informe provisional de evaluación de la solicitud de modificación de plan de estudios* (45%) (I12_GLLI_Informe Provisional ACSUG Modificación Memoria_2017-2018; I12_GLLI_Memoria Actualización Resultados_2017-2018); orixinarmente, a estimación baseada nos datos da licenciatura en Filoloxía Inglesa era do 40% (Anexos: Apartado 8, p. 203). O valor desta taxa do GLLI supera o do resto das titulacións impartidas na Facultade de Filoloxía, e polo tanto a media da Facultade (45,97%) (IN37CG). En números absolutos, esta taxa de graduación supón que no curso 2020-2021 se graduaron 59 estudantes dunha cohorte de 91 (2 estudantes máis que no curso 2019-20, cando a cohorte era de 94 estudantes) (IN37G). Como xa indicamos no *Informe de seguimiento 2017-2018*, "cómpre puntualizar que dado que esta taxa só computa aqueles estudantes que se gradúan na súa cohorte de ingreso ou na súa cohorte+1, o resto dos estudantes graduados, é dicir os que non se gradúan na súa cohorte de ingreso ou na súa cohorte+1 non computan a efectos desta taxa" (p. 33). Para completar a información ofrecida por esta taxa cómpre polo tanto indicar que foron 96 (89 en 2019-2020) os estudantes que realmente se graduaron durante o curso 2020-2021 como se desprende do Informe acreditación de cualificacións das materias do plan de estudos, segundo o cal 33 estudantes obtiveron un aprobado, 40 notable, 23 sobresaínte (no documento dispoñible non figuran as matrículas de honra) na materia Traballo de Fin de Grao, que determina a obtención do título de graduado (2501099_INF.15_2020-2021). Dado que a taxa de graduación só computa a 59 estudantes, os 37 graduados restantes non reflicten positivamente como tales nos resultados da titulación, pero probablemente si o fan negativamente nos cálculos das taxas de rendemento e éxito dos egresados e no cálculo da duración dos estudos. Esta situación non afecta só ao GLLI, pero debería de terse en conta polo menos a existencia deste contraste entre a taxa de graduación vixente e o número real de graduados para obter unha información máis completa.

-Taxa de avaliación (Relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios aos que se presentaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios matriculados). A taxa de avaliación no curso 2020-2021 descendeu moi lixeiramente con respecto ao curso 2019-2020, pasando de 93,90% a 90,71%, resultando así lixeiramente superior á taxa do último curso anterior á incidencia da COVID-19 (2018-2019) que fora de 90,12% (89,41% en 2017-2018), e aínda que se mantén lixeiramente por debaixo da media da USC (92,09%), a diferenza é case imperceptible (IN36G; 2501099_MedUSC_2020-2021) . É a terceira taxa máis alta entre as das titulacións impartidas na Facultade de Filoloxía e mantense por encima da media da Facultade (89,28%) (IN36CG). Este lixeiro descenso pode explicar relativamente o descenso que afecta tamén á taxa de rendemento. Nos datos desagregados por cursos segue a observarse que, como nos cursos 2017-2018, 2018-2019 e 2019-2020, a taxa de avaliación máis baixa en 2020-2021 corresponde a cuarto curso (86,62%), probablemente como consecuencia do requisito de ter aprobadas o resto das materias para poder defender o TFG, o que motiva que todos aqueles estudantes que si cumprían os requisitos para matricularse no TFG pero non conseguiron aprobar todas as materias non poidan defendelo (Artigos 4.2 e 4.4 do *Regulamento TFG e TFM da USC*: <https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-filoloxia/tfg>). De feito, na desagregación por materias, a taxa de avaliación máis baixa entre as materias da área de Filoloxía Inglesa corresponde á materia Traballo de Fin de Grao (72,93%, lixeiramente máis baixa que a taxa de 2019-2020 que fora de 75%, pero aínda así moi superior á taxa do curso 2018-2019, 56,62%, probablemente debido ás medidas extraordinarias de defensa de tfg aprobadas por motivo da incidencia da COVID-19 no curso 2020-2021). Maníféstase así, de novo, a negativa incidencia deste aspecto da Normativa de Permanencia da USC na dinámica académica. O resto das materias da área de Filoloxía Inglesa superaron o 80,00%, agás *Introdución á literatura inglesa* cunha taxa de 79,65%. Dúas materias optativas da modalidade Maior plus obteñen un 100% na taxa de avaliación: *Teatro inglés* e *Análise de texto do inglés antigo e medio*. Entre as materias básicas doutras áreas de coñecemento, *Lingua española 2* ten a taxa de avaliación máis baixa cun 81,01%, seguida por *Lingua italiana 2* cun 82,76%. Do resto destas materias, sete acadaron unha taxa de 100%. Entre as materias dos módulos complementario e optativo do Minor, a taxa máis baixa (agás o 0,00% de *Literatura latina 1*) correspondeu a *Tradución directa e inversa: alemán* cun 50% e a *Literatura española do século XVII: teatro e prosa* cun 58,33%. Entre estas materias, foron 30 as que acadaron unha taxa do 100% (2501099_INF.19_2020-2021).

Tendo en conta estes resultados, podemos afirmar que se teñen acadado os resultados da aprendizaxe previstos na *Memoria de Verificación* e adecuados ao nivel MECES, algo que foi posible grazas á contribución decisiva das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificacións. Así o suxiren os resultados

obtidos nas enquisas de satisfacción coa docencia recibida e satisfacción dos egresados:

(A) No caso da enquisa de satisfacción dos estudantes coa docencia recibida, os estudantes valoraron moi positivamente aspectos relacionados non só cos resultados da aprendizaxe, senón tamén cos resultados do programa formativo e o cumprimento da programación:

- o aspecto “Os contidos desenvolvéronse de acordo co cronograma temporal da materia inicialmente previsto antes da crise da COVID-19” foi o mellor valorado na enquisa de satisfacción coa docencia recibida e obtivo un 4,30. Este aspecto é o máis parecido na nova enquisa ao ítem “Cumpre co programa e o plan de traballo previsto” que se utilizou en enquisas ata 2019-2020, cando foi valorado cun 4,52. (Na enquisa actual non se inclúen os aspectos “Explica a programación da materia e os criterios de avaliación ao comezo da súa actividade docente” e Os/As alumnos/as sabemos de antemán cales van ser os criterios que utiliza o/a docente para a corrección de exames e/ou traballos” que foran valorados no curso 2019-2020 cun 4,32 e 4 respectivamente, ambos valores lixeiramente superiores aos do curso 2018-2019 (2501099_INF.13_1S_2019-2020)) (2501099_INF.13_1S_2020-2021);

- o ítem “Motiva a participación crítica e activa” obtivo en 2020-2021 unha valoración de 3,88 (4,05 no primeiro semestre de 2019-2020 e 3,75 no segundo), moi lixeiramente inferior ao valor do último curso anterior á incidencia da COVID_19 (3,97) (2501099_INF.13_1S_2019-2020, 2501099_INF.13_2S_2019-2020 e 2501099_INF.13_1S_2020-2021). Este aspecto está directamente relacionado co descritor 2b dos que definen as características das cualificacións do nivel MECES 2, no que se sitúan os estudos de grado segundo o artigo 6 “Nivel de grado”, apartado 2 do Real Decreto 1027/2011, de 15 de xullo, polo que se establece o Marco Español de Cualificaciones para la Educación Superior, publicado en BOE, 3 de agosto de 2011 (de aquí en adiante citado como art. 6.2 RD 1027/2011): “b) poder, mediante argumentos o procedimientos elaborados y sustentados por ellos mismos, aplicar sus conocimientos, la comprensión de estos y sus capacidades de resolución de problemas en ámbitos laborales complejos o profesionales y especializados que requieren el uso de ideas creativas e innovadoras” (p. 87915);

- o ítem “Organiza ben as clases e explica con claridade favorecendo a comprensión da materia” acadou en 2020-2021 unha valoración de 3,93 lixeiramente inferior ao valor do curso 2019-2020, que foi de 4,16, e practicamente o mesmo que o valor do curso 2018-2019, que foi de 3,95 (3,84 en 2017-2018)(2501099_INF.13_1S_2020-2021).

(B) Nos Informes de seguimento anteriores os resultados da enquisa de satisfacción dos egresados servían para confirmar o nivel de cumprimento dos criterios MECES, pero dado que este ano tal informe só amosa os resultados globais da USC sen desagregar os resultados por titulación, non consideramos oportuno utilizar estes datos para avaliar o nivel de cumprimento dos criterios MECES de cada titulación específica.

(C) As respostas obtidas nas enquisas realizadas aos estudantes que defenderon o seu TFG no curso 2020-2021 amosan resultados similares aos anteriores con respecto á valoración das competencias adquiridas a través da realización deste traballo. Con respecto á contribución do TFG á adquisición das competencias xerais especificadas na *Memoria de Verificación*:

- o 51,4% dos enquisados valoraron cun 5 e 14,3% cun 4 a contribución da titulación ao “Desenvolvemento do plurilingüismo e da conciencia intercultural global compatible coa identidade local” (3,05 en 2019-2020, 3,45 en 2018-2019, 3,43 en 2017-2018);

- o 45,7% dos enquisados valoraron cun 5 e o 28,6% cun 4 a contribución da titulación ao “Desenvolvemento da sensibilidade estética, da conciencia histórica e da capacidade creativa a través do coñecemento e valoración da literatura, a cultura e a civilización anglosaxona” (3,35 en 2019-2020, 3,53 en 2018-2019, 3,63 en 2017-2018). Esta capacidade podería estar directamente relacionada co descritor 2b dos que definen as características das cualificacións do

nivel MECES 2 (art. 6.2 RD 1027/2011): “b) poder, mediante argumentos o procedimientos elaborados y sustentados por ellos mismos, aplicar sus conocimientos, la comprensión de estos y sus capacidades de resolución de problemas en ámbitos laborales complejos o profesionales y especializados que requieren el uso de ideas creativas e innovadoras)” (p. 87915);

- o 42,9% dos enquisados valorou cun 5 e o 35,3% cun 4 a contribución da titulación a “Capacidade de interpretar e expresar con claridade e precisión datos e argumentacións” que obtivera un 3,75 en 2019-2020, 3,81 en 2018-2019 (4 en 2017-2018). Esta capacidade podería estar directamente relacionada co descriptor 2e dos que definen as características das cualificacións do nivel MECES 2 (art. 6.2 RD 1027/2011): “e) saber comunicar a todo tipo de audiencias (especializadas o no) de maneira clara y precisa, conocimientos, metodoloxías, ideas, problemas y soluciones en el ámbito de su campo de estudio” (p. 87915);
- o 40,0% dos enquisados valorou cun 5 e o 20,0% cun 4 a contribución da titulación á “Capacidade de imaxinar e desenvolver proxectos individuais e colectivos con creatividade, confianza, responsabilidade e sentido crítico” que acadara un 3,6, en 2019-2020 e 2018-2019 (3,9 en 2017-2018). Esta capacidade podería estar directamente relacionada cos descritores 2b, 2d e 2e dos que definen as características das cualificacións do nivel MECES 2 (art. 6.2 RD 1027/2011): “b) poder, mediante argumentos o procedimientos elaborados y sustentados por ellos mismos, aplicar sus conocimientos, la comprensión de estos y sus capacidades de resolución de problemas en ámbitos laborales complejos o profesionales y especializados que requieren el uso de ideas creativas e innovadoras;... d) ser capaces de desenvolverse en situaciones complejas o que requieran el desarrollo de nuevas soluciones tanto en el ámbito académico como laboral o profesional dentro de su campo de estudio; e) saber comunicar a todo tipo de audiencias (especializadas o no) de maneira clara y precisa, conocimientos, metodoloxías, ideas, problemas y soluciones en el ámbito de su campo de estudio” (p. 87915);
- o 37,1% dos enquisados valorou cun 5 e o 34,3% cun 4 a contribución da titulación á “Conciencia e xestión eficaz de capacidades e estratexias propias...” que acadara un 3,54 en 2019-2020 (3,49 en 2018-2019, 3,56 en 2017-2018). Esta capacidade está relacionada co descriptor 2f dos que definen as características das cualificacións do nivel MECES 2 (art. 6.2 RD 1027/2011): “f) ser capaces de identificar sus propias necesidades formativas en su campo de estudio y entorno laboral o profesional y de organizar su propio aprendizaje con un alto grado de autonomía en todo tipo de contextos (estructurados o no)” (p. 87915);
- o 31,4% dos enquisados valorou cun 5 e o 37,1% cun 4 a contribución da titulación á “Utilización da lingua inglesa como medio oral e escrito (nivel C2)” que obtivera un 3,5 en 2019-2020, 3,94 en 2018-2019 e 3,9 en 2017-2018;
- o 29,4% dos enquisados valorou cun 5 e o 35,3% cun 4 a contribución da titulación á “Análise crítica da realidade sociocultural xeral e dos países de fala inglesa en particular” que acadara un 3,5 en 2019-2020, 3,78 en 2018-2019 e 3,73 en 2017-2018. Esta capacidade está directamente relacionada cos descritores 2a e 2c dos que definen as características das cualificacións do nivel MECES 2 (art. 6.2 RD 1027/2011): “a) haber adquirido conocimientos avanzados y demostrado una comprensión de los aspectos teóricos y prácticos y de la metodología de trabajo en su campo de estudio con una profundidad que llegue hasta la vanguardia del conocimiento; ...; c) tener la capacidad de recopilar e interpretar datos e informaciones sobre las que fundamentar sus conclusiones incluyendo, cuando sea preciso y pertinente, la reflexión sobre asuntos de índole social, científica o ética en el ámbito de su campo de estudio” (p. 87915);
- o 28,6% dos enquisados valorou cun 5 e o 25,7% cun 4 a contribución da titulación ao “Tratamento de información nunha segunda lingua (nivel B2) así como da súa literatura e cultura” (3,75 en 2019-2020, 3,7 en 2018-2019 e en 2017-2018);
- o 25,7% dos enquisados valorou cun 5 e o 31,4% cun 4 a contribución da titulación á “Habilidade

para buscar, obter e procesar información...” que obtivera un 3,75 en 2019-2020, 3,8 en 2018-2019 e 3,76 en 2017-2018. Esta capacidade está directamente relacionada co descritor 2c dos que definen as características das cualificacións do nivel MECES 2 (art. 6.2 RD 1027/2011): “c) tener la capacidad de recopilar e interpretar datos e informaciones sobre las que fundamentar sus conclusiones incluyendo, cuando sea preciso y pertinente, la reflexión sobre asuntos de índole social, científica o ética en el ámbito de su campo de estudio” (p. 87915).

Con respecto ás competencias específicas mencionadas na *Memoria de verificación*, as valoracións foron as seguintes:

- o 40,0% dos enquisados valorou cun 5 e o 20,0 % cun 4 a contribución da titulación á “Capacidade para situar a produción literaria dos países de fala inglesa no contexto social, cultural e político no que foi escrita” que obtivera un 3,52 en 2019-2020;
- o 34,3% dos enquisados valorou cun 5 e outro 34,6% cun 4 a contribución da titulación ao “Coñecemento dos acontecementos históricos e das características culturais que condicionaron e condicionan o desenvolvemento da lingua e a produción literaria en lingua inglesa”, que obtivera un 3,6 en 2019-2020;
- o 34,3% dos enquisados valorou cun 5 e o 31,4% cun 4 a contribución da titulación á “Capacidade de utilizar a lingua inglesa ao nivel C2 correspondente ao Marco Común Europeo de Referencia, nos rexistros oral e escrito”, valorado cun 3,42 en 2019-2020;
- o 25,7% dos enquisados valorou cun 5 e o 28,6% cun 4 a contribución da titulación á “Capacidade de describir de maneira especializada a lingua inglesa, nos distintos niveis de análise lingüística” que en 2019-2020 obtivera un 3,4 (I4_GLLI_Informe Satisfacción TFG_2020-2021).

(D) No informe da enquisa de elaboración propia sobre a satisfacción dos estudantes Erasmus entrantes, os enquisados fixeron as seguintes valoracións:

- o 9,1% dos enquisados valorou cun 5, o 36,4% cun 4 e o 18,2% cun 3 a relevancia da orientación práctica e a aplicación a problemas no ámbitos dos seus estudos na USC. Esta capacidade podería estar directamente relacionada cos descritores 2b e 2d dos que definen as características das cualificacións do nivel MECES 2 (art. 6.2 RD 1027/2011): “b) poder, mediante argumentos o procedimientos elaborados y sustentados por ellos mismos, aplicar sus conocimientos, la comprensión de estos y sus capacidades de resolución de problemas en ámbitos laborales complejos o profesionales y especializados que requieren el uso de ideas creativas e innovadoras;... d) ser capaces de desenvolverse en situaciones complejas o que requieran el desarrollo de nuevas soluciones tanto en el ámbito académico como laboral o profesional dentro de su campo de estudio” (p. 87915);
- o 9,1% dos enquisados valorou cun 5, o 18,2% cun 4 e o 36,4% cun 3 a relevancia da aprendizaxe autónoma na USC. Esta capacidade está indirectamente relacionada co descritor 2f dos que definen as características das cualificacións do nivel MECES 2 (art. 6.2 RD 1027/2011): “f) ser capaces de identificar sus propias necesidades formativas en su campo de estudio y entorno laboral o profesional y de organizar su propio aprendizaje con un alto grado de autonomía en todo tipo de contextos (estructurados o no)” (p. 87915);
- o 54,5% dos enquisados valorou cun 4 e o 27,3% cun 3 a relevancia da capacidade de redacción de textos e a exposición pública no ámbito dos seus estudos na USC. Esta capacidade podería estar directamente relacionada co descritor 2e dos que definen as características das cualificacións do nivel MECES 2 (art. 6.2 RD 1027/2011): “e) saber comunicar a todo tipo de audiencias (especializadas o no) de manera clara y precisa, conocimientos, metodologías, ideas, problemas y soluciones en el ámbito de su campo de estudio” (p. 87915);

- o 18,2% dos enquisados valorou cun 5, o 45,5% cun 4 e o 9,1% cun tres a relevancia do traballo en equipo na USC;
- o 36,4% dos enquisados valou cun 4 e o 45,5% cun 3 a relevancia da avaliación continua na USC (I4_GLLI_Enquisa ERASMUS ENTRANTES_2020-2021).

SEGUIMIENTO DOS RESULTADOS

Como se pode observar tanto nos sucesivos *Informes de Seguimento* da titulación coma no *Informe de Renovación da Acreditación* do GLLI de 2015-2016 (IRA GLLI 2015-2016), os indicadores dos resultados da aprendizaxe son escrupulosamente analizados anualmente e tidos en conta nun intento constante de perfeccionar o plan de estudos da titulación (para un seguimento dos resultados anteriores ao curso 2016-2017, véxase *IRA GLLI 2015-2016* pp. 52-53) (<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-filoloxia/calidade/documentacion-sgc>). A reflexión incluída no epígrafe anterior "Resultados da aprendizaxe" do presente *Autoinforme de Seguimento* é proba do proceso de cumprimento dos compromisos acerca das taxas de resultado establecidos no documento de *Alegaciones y plan de mejoras del Graduado o Graduada en Lengua y Literatura Inglesas* (<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-filoloxia/calidade/documentacion-sgc>). A evolución favorable en xeral das taxas de resultados no curso 2020-2021 confirma os efectos das medidas tomadas en cursos anteriores froito do seu seguimento.

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO:

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de demanda.
- Indicadores de resultados.
- Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

INDICADORES DE DEMANDA

Como xa se observou no CRITERIO 1.1 ao analizar o interese académico e a actualización da titulación, e no CRITERIO 1.4 ao analizar o perfil de ingreso, os indicadores de demanda da titulación seguen unha liña crecente pero tendente á estabilización, e son incluso máis altos ca os manifestados nas expectativas fixadas na *Memoria de Verificación*. Neste senso os indicadores amosan, por tanto, datos maioritariamente positivos:

- Número de prazas ofertadas: como se vén facendo desde o curso 2011-2012, no que entrou en vigor a limitación de prazas do GLLI (v. *Informe de Seguimento 2010-2011*, pp. 16, 21), o número de prazas ofertadas no curso 2020-2021 foi de 100 (IN01G). A evolución positiva nos resultados da titulación confirma o acertado desta limitación. Se temos en conta que foron 121 os alumnos que solicitaron esta titulación como primeira opción (129 en 2019-2020 e 109 en 2018-2019) e 92 deles (91 en 2019-2020 e 84 en 2018-2019) finalmente se matricularon, a oferta parece en xeral adecuada á demanda (2501099_INF.CIUG_2020-2021).

- Matrícula: o número de estudantes matriculados no GLLI aumentou lixeiramente no curso 2020-2021, pasando de 483 en 2019-2020 a 490 en 2020-2021 (470 en 2018-2019) (IN02G). Obsérvase unha evidente e lóxica tendencia á estabilidade no número de matriculados, especialmente se temos en conta que tende a haber certo equilibrio entre a matrícula de novo ingreso e o número de egresados.

- Matrícula de novo ingreso e matrícula de inicio de estudos: como consecuencia da limitación de prazas, tanto a matrícula de novo ingreso como a de inicio de estudos mantívose próxima a 100: a matrícula de acceso en 2020-2021 foi de 115 estudantes, dous máis ca en 2019-2020 (107 en 2018-2019) (IN03G), e a matrícula de novo ingreso por preinscrición foi lóxicamente un pouco máis baixa, situándose en 104 estudantes, un menos ca no curso 2019-2020 (99 en 2018-2019) (IN04G). Os datos seguen por tanto a confirmar que a demanda xustifica a oferta de prazas.

- Variación da matrícula de novo ingreso por preinscrición: a variación deste tipo de matrícula foi moi lixeiramente negativa en 2020-2021 (-0,95) xa que a matrícula de novo acceso por preinscrición baixou de 105 estudanes en 2019-2020 a 104 en 2020-2021 (IN05G) (v. CRITERIO 1.1).

- Notas de acceso: a nota media de acceso aumentou no curso 2020-2021, pasando 9,96 en 2019-2020 a 10,16, superando así por primeira vez o 10 (9,54 en 2017-2018, 9,83 en 2018-2019) (IN06G) (10,197 foi a nota media dos alumnos procedentes de bacharelato e 8,317 foi a nota media dos alumnos procedentes de Formación Profesional) (2501099_INF.CIUG_2020-2021). A porcentaxe de estudantes que accederon á titulación con nota superior a 6 mantívose no 100% (IN07G). A nota de corte xeral situouse no 7,720 (2501099_INF.CIUG_2020-2021). Estes datos suxiren unha evidente mellora no nivel académico do perfil de ingreso real, como sinalamos nos CRITERIOS 1.1 e 1.4, e parecen tamén confirmar a existencia dunha demanda constante de admisión na titulación, dado que o nivel

académico de acceso foi incrementándose nos últimos anos. De feito, ningún dos alumnos matriculados por preinscripción no curso 2020-2021 tiña unha nota inferior a 7 (2501099_INF.CIUG_2020-2021).

- Porcentaxe de estudantes estranxeiros e nacionais de fóra de Galicia: a titulación mantén un moderado nivel de demanda entre estudantes estranxeiros e nacionais de fóra de Galicia, como suxire a evolución destas porcentaxes. A porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados en 2019-2020 foi de 2,04% lixeiramente superior á do curso 2019-2020 que fora de 1,86% (2,13% en 2018-2019, 2,35% en 2017-2018) (IN08G), mentres que a porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre o total de matriculados foi de 1,02%, a máis baixa desde 2015 (1,66% en 2019-2020, 1,70% en 2018-2019, 1,49% en 2017-2018) (IN09G). Como xa suxerimos no apartado 1.1, entre os alumnos procedentes de Galicia é interesante subliñar a alta demanda asociada a poboacións máis próximas a outros centros universitarios onde se ofrecen estudos similares á titulación de GLLI (2501099_INF.16_2020-2021).

- Relación de estudantes preinscritos en primeira opción matriculados por primeira vez sobre as prazas ofertadas: a relación de estudantes preinscritos en primeira opción matriculados por primeira vez sobre as prazas ofertadas en 2020-2021 (91%) segue a corroborar o alto nivel de demanda da titulación: este dato mellora o do curso 2019-2020, que fora 89%, o do curso 2018-2019 que fora de 83%, e o do curso 2017-2018, que fora 85% (IN10G). O feito de que o número de solicitudes en primeira opción sexa o máis alto e o número vaia progresivamente decrecendo nas solicitudes en segunda, terceira etc opción corrobora tamén o atractivo e o índice de demanda da titulación (2501099_INF.CIUG_2020-2021). O Informe sobre o cuestionario pasado ao alumnado de primeiro curso na sesión de benvida na Facultade de Filoloxía indica que dun total de 91 enquisados 16 (18%) estarían interesados en cursar o GLLI ademais do grao no que están matriculados (neste resultado hai que ter en conta que sendo a titulación maioritaria en número de alumnos da Facultade de Filoloxía, seguramente moitos dos enquisados eran xa alumnos desta titulación, de xeito que non podían escollela como posible segunda titulación) (E3_GLLI_Enquisa e Informe Alumnado Primeiro_2020-2021).

- Taxa de ocupación: a taxa de ocupación descendeu moi lixeiramente con respecto ao curso anterior, pasando de 105% en 2019-2010 a 104% en 2020-2021 (97% en 2017-2018, 99% en 2018-2019) (IN12G).

RESULTADOS

Como xa foi manifestado e analizado no CRITERIO 6.1, os indicadores de resultados en xeral melloraron con respecto ao último curso anterior á crise da COVID-19, e concordan, ou melloran, coas expectativas expresadas na *Memoria de Verificación*:

- a taxa de rendemento descendeu con respecto ao curso anterior, pero aínda así mellorou todos os rexistros anteriores, pois pasou de 78,03% en 2017-2018 a 79,17% en 2018-2019, de aí a 88,02% en 2019-2020, e de aí a 80,13% en 2020-2021 (IN34G) e achégase á media da USC, que foi de 80,97% (2501099_MedUSC_2020-2021);

- a taxa de éxito tamén descendeu no curso 2020-2021, pero mellorou os datos dos cursos anteriores: pasou de 87,27% en 2017-2018 a 87,85% en 2018-2019, de aí a 93,74% en 2019-2020, e de aí a 89,00 en 2019-2020 (IN35G). Ademais a taxa actual supera a taxa media da USC, que foi de 87,92% (2501099_MedUSC_2020-2021);

- a taxa de avaliación pasou de 89,41% en 2017-2018 a 90,12 en 2018-2019, de aí a 93,90% en 2019-2020, e de aí a 90,71 en 2020-2021 (IN36G), moi preto da media da USC, que foi de 92,09% (2501099_MedUSC_2020-2021);

- a taxa de graduación mellorou o dato de 2019-2020: pasou de 42,72% en 2017-2018 a 50,54% en 2018-2019, de aí a 60,64% en 2019-2020, e de aí a 64,84 en 2020-2021 (IN37G) superando a media da USC, que foi de 62,06% (2501099_MedUSC_2020-2021);

- a taxa de abandono durante o primeiro curso mantívose idéntica á do curso anterior, 8,24%: pasara de 9,57% en 2017-2018 a 15,28 en 2018-2019, e de aí a 8,24% en 2019-2020 (IN40G) mellorando substancialmente a media da USC, que foi de 15,96% (2501099_MedUSC_2020-2021);

- a taxa de abandono RD 1393/2007 aumentou no curso 2020-2021 pasando de 13,83% en 2019-2020 a 18,68% en 2020-2021, pero aínda así mantense por debaixo dos valores dos cursos anteriores: pasara de 29,13% en 2017-2018

a 27,96% en 2018-2019 (IN41G). Esta taxa tamén mellora a media da USC, que foi de 21,63% (2501099_MedUSC_2020-2120);

- a duración media dos estudos descendeu en 2020-2021 e pasou de 5,39 en 2019-2020 a 4,95 (4,89 en 2017-2018, 4,69 en 2018-2019) (IN38G), mellorando así a media da USC, que foi de 5,07 (2501099_MedUSC_2020-2120).

No CRITERIO 6.1 inclúese unha análise máis exhaustiva dos indicadores de resultados da aprendizaxe desagregados por cursos e materias cando é preciso.

INDICADORES DE RESULTADOS E ACCIÓNS DE MELLORA

Estes resultados son tidos en conta á hora de mellorar a posta en práctica do plan de estudos. Dada a evolución positiva das taxas de resultado, non se considerou necesario establecer accións de mellora neste sentido no *Informe de seguimento* 2019-2020, como tampouco se fará no presente Informe de seguimento.

7.2.- Os índices de satisfacción dos estudantes, do profesorado, dos egresados e doutros grupos de interese son adecuados.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de satisfacción co persoal académico, persoal de apoio, recursos, prácticas externas, proceso formativo, mobilidade, etc.
- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

SATISFACCIÓN DO ALUMNADO COA DOCENCIA RECIBIDA

O grao de satisfacción do alumnado coa docencia recibida descendeu case imperceptiblemente con respecto ao curso anterior, pasando de 4 en 2019-2020 a 3,95 en 2020-2021 (IN46G), de xeito que este valor non supón variacións importantes con respecto aos cursos anteriores (3,83 en 2014-2015; 3,93 en 2015-2016; 3,84 en 2016-2017; 3,88 en 2017-2018; 3,99 en 2018-2019). Debido á incidencia da COVID-19 no curso 2019-2020 contamos con dous informes: un correspondente ao nivel de satisfacción do alumnado coa docencia recibida no primeiro semestre, no que a valoración global fora de 4,15 (2501099_INF.13_1S_2019-2020), e outro correspondente ao grao de satisfacción coa docencia recibida no segundo semestre, no que a valoración global fora algo máis baixa: 3,77 (2501099_INF.13_2S_2019-2020). O dato do curso 2020-2021 é inferior á valoración do primeiro semestre de 2019-2020, pero supera á do segundo semestre. Todos estes datos amosan o alto grao de satisfacción do alumnado coa docencia recibida especialmente en modo presencial, pero supoñen tamén un recoñecemento do esforzo levado a cabo polo PDI nas inesperadas circunstancias que afectaron á docencia do segundo semestre de 2019-2020 e á do curso 2020-2021 debido ás medidas de seguridade sanitaria decretadas polas autoridades. Con respecto ao informe do curso 2020-2021, o aspecto mellor valorado polos alumnos foi "Os contidos desenvólvense de acordo co cronograma temporal da materia" que acadou un 4,30 manténdose así nun rango de valores similares aos dos cursos anteriores (4,50 no primeiro semestre de 2019-2020, 4,13 no segundo semestre de 2019-2020 e 4,20 en 2018-2019). De novo o segundo aspecto mellor valorado foi "Resolve as dúbidas que se lle formulan", que acadou un 4,18, manténdose tamén dentro dun rango similar aos resultados dos cursos anteriores (4,46 no primeiro semestre de 2019-2020, 4,14 no segundo semestre de 2019-2020, 4,28 en 2018-2019 e 4,20 en 2017-2018). Curiosamente o aspecto acerca da resolución de dúbidas relacionadas coa materia obtivo unha valoración máis baixa, 3,74; dado que é a primeira vez que se desdobra esta pregunta na enquisa, non temos datos específicos sobre este aspecto nos cursos anteriores. O desdoblamento desta pregunta tal e como está presentado na enquisa pode contribuir a certa confusión, por iso propoñemos unha acción de mellora solicitando unha maior claridade a este respecto (AM-3.1). O terceiro aspecto mellor valorado foi "De xeito global, a comunicación co/a docente foi Axeitada" que obtivo un 4,06 mellorando o 3,91 do segundo semestre de 2019-2020; este aspecto é similar a "Ten unha actitude receptiva que facilita a comunicación" que obtivera un 4,31 no primeiro semestre de 2019-2020 (4,17 en 2018-2019 e 4,17 en 2017-2018), o que parece indicar que se segue unha dinámica similar á dos ítems anteriores. Moi preto do 4 están outros seis aspectos, dous deles relacionados con materiais e recursos didácticos e outros dous coa organización da materia; outro refírese á valoración global da docencia e outro á participación activa do estudantado na clase. O aspecto "Os recursos didácticos empregados reforzaron a comprensión da materia" obtivo un 3,90, mellorando o 3,68 do segundo

semestre de 2019-2020, lixeiramente máis baixo ca o 4,08 obtido no primeiro semestre de 2019-2020, pero idéntico ao valor do curso 2018-2019 que fora 3,9. Con respecto ao material de apoio para a preparación da materia, a valoración foi 3,88 en 2020-2021, lixeiramente máis baixa que no primeiro semestre de 2019-2020 (4,05) e moi semellante á valoración do curso 2018-2019 (3,92). Entre os aspectos organizativos, "O/A docente organiza ben as clases e explica con claridade facilitando a comprensión da materia" obtivo un 3,93 en 2020-2021, lixeiramente máis baixo que o 4,16 acadado no primeiro semestre de 2019-2020, pero superior á valoración do segundo semestre de 2019-2020 (3,74) e moi semellante aos datos de 2018-2019 e 2017-2018 (3,95 e 3,84 respectivamente). A grao de adecuación da carga de traballo (tarefas, lecturas, etc.) aos contidos e créditos da materia obtivo en 2020-2021 un 3,87, mellorando o dato do segundo semestre de 2019-2020 (3,68). Con respecto á valoración global do/a profesor/a ("Globalmente estou satisfeito co/coa profesor/a da materia") obtivo en 2020-2021 un 3,89, inferior ao 4,11 do primeiro semestre de 2019-2020, pero superior ao 3,68 do segundo semestre de 2019-2020, e moi similar aos valores dos cursos anteriores á crise da COVID-19 (3,95 en 2018-2019 e 3,85 en 2017-2018). Tamén moi preto do 4 sitúase a valoración do aspecto "O/A docente motivou a participación crítica e activa do alumnado no desenvolvemento da clase" que obtivo un 3,88, lixeiramente inferior ao 4,05 do primeiro semestre de 2019-2020, pero superior ao 3,75, do segundo semestre, unha valoración que fora especialmente positiva tendo en conta as dificultades asociadas a promover a participación no caso da docencia non presencial; novamente, a valoración de 2020-2021 é moi semellante ás valoracións dos cursos anteriores á crise da COVID-19 (3,97 en 2018-2019 e 3,84 en 2017-2018). Finalmente o aspecto "A/O docente mellorou o meu nivel de partida na materia" obtivo un 3,78, lixeiramente inferior ao 4 acadado no primeiro semestre de 2019-2020 (2501099_INF.13_1S_2019-2020; 2501099_INF.13_2S_2019-2020; 2501099_INF.13_1S_2020-2021). Como en cursos anteriores, cómpre salientar as boas valoracións dos aspectos que se refiren ao cumprimento da programación docente e, especialmente, os que se refiren á boa relación establecida entre docentes e alumnado, o que subliña a boa saúde das relacións entre estes dous grupos de interese no caso do GLLI. Como xa comentamos no *Informe de seguimento 2019-2020*, os datos de 2020-2021 e de 2019-2020 parecen indicar unha clara preferencia pola docencia presencial, pero tamén supoñen un certo recoñecemento ao esforzo dos docentes por manter unha comunicación fluída cos alumnos/as e por intentar que a programación das materias e o ritmo da docencia non se vise drasticamente afectada nin pola situación de confinamento en 2019-2020, nin polas restricións que aínda afectaron á docencia en 2020-2021. Cómpre engadir que todo isto non tería sido posible sen a colaboración e boa disposición do alumnado. En xeral, as valoracións de 2020-2021, cando en moitas das materias impartidas no Grao en Lingua e Literatura Inglesas a docencia tivo que adaptarse ao modelo híbrido asociado ao escenario 2 de semipresencialidade debido á imposibilidade de manter unha presencialidade total (escenario 1) ante a necesidade de manter as medidas de seguridade pertinentes, parecen corroborar a preferencia pola docencia presencial mencionada máis arriba: todos estes valores sitúanse nunha posición intermedia lixeiramente por debaixo dos valores do primeiro semestre de 2019-2020 (docencia plenamente presencial) e lixeiramente por encima dos valores do segundo semestre de 2019-2020 (docencia plenamente virtual).

A taxa de resposta en 2020-2021 descendeu lixeiramente con respecto ao curso 2019-2020 pasando de 48,8% a 45,78% (nos cursos anteriores o índice evolucionara pasando de 38,58% en 2015-2016 a 42,88% en 2016-2017, a 43,75% en 2017-2018 e a 47,29% en 2018-2019) (IN48G). No curso 2020-2021 mantivéronse as Accións de Mellora consolidadas como boas prácticas dirixidas a promover a participación nestas enquisas, segundo o compromiso establecido no documento *Alegaciones y plan de mejoras del Graduado o Graduada en Lengua y literatura inglesas* en resposta ao *Informe provisional de evaluación para la renovación de la acreditación* (pp. 7-8) (<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-filoloxia/calidade/documentacion-sgc>).

Os alumnos do GLLI que defenderon o seu TFG no curso 2020-2021 tamén amosaron un alto grao de satisfacción coa relación establecida cos titores do TFG: o 74,3 % dos enquisados valoraron este ítem cun 5 e o 11,4 cun 4 (3,87 en 2019-2020 e 2018-2019, 4 en 2017-2018). Tamén valoraron positivamente o seu grao de satisfacción global coa realización do TFG (o 40,0% dos enquisados valoraron este aspecto cun 5 e o 37,1% cun 4; a valoración fora 3,92 en 2019-2020, 3,8 en 2018-2019, 3,74 en 2017-2018), co sistema de avaliación empregado (o 22,9% valoraron este aspecto cun 5 e o 40,0% cun 4; a valoración fora 4,3 en 2019-2020, 3,79 en 2018-2019, 3,62 en 2017-2018) e coa información recibida sobre o TFG (o 11,4% dos enquisados valoraron este aspecto cun 5 e o 31,1% cun 4; a valoración fora 3,37 en 2019-2020, 3,49 en 2018-2019, 3,22 en 2017-2018). No curso 2020-2021 a valoración da satisfacción coa información foi a seguinte: o 14,3% dos enquisados valoraron cun 5, o 40,0% cun 4 e o 25,7% cun 3 a "Utilidade da información administrativa recollida na web" (3,7 en 2019-2020, 3,44 en 2018-2019 e 3,57 en 2017-2018); o 12,9% dos enquisados valoraron cun 5, o 25,8% cun 4 e o 22,6% cun 3 as "Xornadas informativas" (3,17 en 2019-2020). A valoración da satisfacción manifestada polos estudantes nesta enquisa con respecto ás competencias adquiridas foi

analizada no CRITERIO 6.1 (14 GLLI Informe Satisfacción TFG 2020-2021).

SATISFACCIÓN DO ALUMNADO COA TITULACIÓN

A porcentaxe de participación do alumnado nesta enquisa volveu diminuír con respecto ao curso anterior pasando de 10,48% en 2019-2020 a 6,29% en 2020-2021, unha porcentaxe similar á do curso 2019-2019 que fora de 6,25%, de xeito que segue a ser baixa o que non permite garantir a representatividade dos seus resultados. O problema da baixa taxa de participación nas enquisas é un mal xeneralizado e a pesar dos esforzos levados a cabo a distintos niveis non parece ter unha solución doada. No caso do GLLI chama a atención a forte diferenza entre a taxa de participación nas enquisas de satisfacción coa docencia recibida e na enquisa de satisfacción coa titulación. Proponemos neste informe a realización dunha acción de mellora informativa que serva para aclarar entre o estudantado a diferenza entre estes dous tipos de enquisa, dado que sospeitamos que pode haber un solapamento que leve ao estudantado a confundilas (AM-2.1). Os valores máis baixos son de novo os acadados nos aspectos referentes á distribución da carga de traballo (1,86 en 2020-2021 fronte a 1,94 en 2019-2020) e á orientación profesional e laboral (1,95 en 2020-2021 fronte a 1,97 en 2019-2020): neste sentido cómpre indicar que no plan de estudos o número de créditos está distribuído equitativamente en cada semestre de cada curso, e tanto o centro como a USC organizan actividades de orientación laboral, como xa se indicou no CRITERIO 5. Proponemos como acción de mellora dedicar un espazo da aula virtual de coordinación á orientación laboral e empregabilidade, no que colgaremos a información recibida na coordinación do GLLI sobre este aspecto, xunto co Boletín de Información Profesional elaborado mensualmente pola Vicerreitoría de igualdade, cultura e servizos (AM-4). Para intentar mellorar a distribución da carga de traballo propuxéramos no *Informe de seguimento 2019-2020* unha acción de mellora consistente na comunicación por parte dos coordinadores de curso a cada profesor da idoneidade de comunicar ao alumnado as datas de entregas de traballos, probas, etc de avaliación continua coa máxima antelación posible. A efectividade desta acción de mellora non será evidente ata coñecer os resultados do curso 2021-2022. Volvendo aos valores da enquisa de satisfacción coa titulación, tampouco chegou ao 2 a valoración da oferta de prácticas externas (1,95), que tamén fora pobremente valorada no curso 2019-2020 (2,05). Neste sentido cabe destacar que esta oferta veuse moi sensiblemente limitada durante estes cursos debido á incidencia da COVID-19. Aínda así, quedaron prazas sen cubrir de xeito que no caso do GLLI a oferta segue a superar a demanda, e desde a Facultade se segue a traballar na mellora desta oferta que a partir do curso 2021-2022 inclúe a posibilidade de que o propio estudantado propoña convenios con empresas para a realización destas prácticas e incluírá tamén a posibilidade de elaborar propostas de prácticas de autoemprego (E20_GLLI_Oferta-de-prazas_2020-2021, E20_GLLI_PRÁCTICAS EXTERNAS_2020-2021, I11_GLLI_Distribución Prácticas Externas_2020-2021; E5-GLLI-Actas Comisión Prácticas Externas 2020-2021, actas das reunións 02-12-2020 e 08-04-2021). Outros dous aspectos asociados á organización da titulación que baixaron moi lixeiramente a súa valoración foron “En xeral, considero que a titulación está ben organizada”, que foi valorado cun 2,33 en 2020-2021 moi preto do 2,45 acadado en 2020-2021 e “A titulación é equilibrada nos seus contidos teóricos e prácticos”, que acadou un 2,19, tamén moi preto do 2,33 de 2019-2020. Practicamente o resto dos ítems melloraron a súa valoración con respecto ao curso anterior: (a) aspectos asociados á información como “Consideras que a información dispoñible sobre a túa titulación é axeitada” (2,90 en 2020-2021 fronte a 2,45 en 2019-2020), (b) aspectos asociados a recursos materiais como “Os recursos educativos dispoñibles son axeitados” (2,76 en 2020-2021 fronte a 2,52 en 2019-2020), “As infraestruturas e materiais dispoñibles no centro son axeitados” (3,14 en 2020-2021 fronte a 2,52 en 2019-2020), (c) aspectos relacionados con horarios como “O calendario de probas de avaliación é razoable” (2,67 en 2020-2021 fronte a 2,55 en 2019-2020), “Os horarios deste cursos foron axeitados” (3,24 en 2020-2021 fronte a 2,58 en 2019-2020); con respecto a estes últimos aspectos os resultados son especialmente satisfactorios se temos en conta as dificultades implícitas na organización dos horarios no marco do GLLI dado que moitas das materias tiveron que organizarse en modo semipresencial combinando docencia presencial e virtual. O aspecto “En xeral, síntome satisfeito/a coa titulación neste curso” descendeu moi lixeiramente na súa valoración pasando de 2,58 en 2019-2020 a 2,52 en 2020-2021. Os ítems relacionados coas cuestións administrativas foron tamén ben valorados, especialmente “Cal é a túa valoración dos trámites de Matriculación” (3,52 en 2020-2021 fronte a 3,15 en 2019-2020); o ítem “Valora a atención prestada polo persoal de administración e servizos” acadou en 2020-2021 un 2,95, preto do 3 pero sensiblemente inferior á valoración do curso 2019-2020 (3,30). Descoñecemos este ano tamén a media da USC nos aspectos valorados nesta enquisa de satisfacción coa titulación polo que non podemos facer una comparativa (2501099_INF.22_2020-2021). Como argumentamos no CRITERIO 5.1 e acabamos de mencionar, os resultados desta enquisa resultan pouco representativos, dada a baixa taxa de participación e tendo en conta ademais o marcado contraste entre os valores desta enquisa e os valores positivos acadados noutras enquisas ao alumnado con mellor taxa de participación, como a enquisa de satisfacción coa docencia recibida.

SATISFACCIÓN COS PROGRAMAS DE MOBILIDADE

Debido á incidencia da COVID-19 non contamos con información sobre a satisfacción cos programas de mobilidade no curso 2019-2020, por iso a comparativa actual está feita con respecto aos resultados do curso 2018-2019. No curso 2020-2021 o grao de satisfacción dos estudantes saíntes cos programas de mobilidade aumentou con respecto ao curso 2018-2019, pasando de 4,12 a 4,51 en 2020-2021 (3,57 en 2017-2018) (IN15G). Como no caso do Informe da enquisa de satisfacción coa mobilidade entrante, contamos só con información global da USC e sabemos que ningún dos enquisados era parte do estudantado do GLLI, de xeito que os valores amosados no informe non son moi significativos para a titulación, pero si hai algúns aspectos xerais que se poden comentar porque afectan a todas as titulacións. Os valores máis altos están principalmente relacionados coa universidade de acollida: as "Infraestruturas e materiais dispoñibles na universidade de destino" foron valorados cun 4,16 moi similar ao 4,11 de 2018-2019 (en 2018-2019 a valoración deste aspecto no ámbito da mobilidade saínte na Facultade de Filoloxía fora 4,50); a valoración das "Xornadas de acollida na universidade de destino" foi o aspecto peor valorado e acadou un 3,08, sensiblemente inferior ao 3,83 de 2018-2019 (a valoración deste aspecto no ámbito da mobilidade saínte na Facultade de Filoloxía fora 4,70 en 2018-2019, 4 en 2017-2018) e, a atención, recepción e acollida foi valorada cun 4,04 en 2020-2021, case imperceptiblemente inferior ao 4,12 de 2018-2019 (en 2018-2019 a valoración deste aspecto no ámbito da mobilidade saínte na Facultade de Filoloxía fora 4,56), a "Formación recibida na universidade de destino" obtivo unha valoración de 4,06 lixeiramente superior ao 3,94 de 2018-2019 (a valoración deste aspecto no ámbito da mobilidade saínte na Facultade de Filoloxía fora 4,70 en 2018-2019 e 4,11 en 2017-2018) e, a satisfacción co profesorado da universidade de acollida foi de 4,16 lixeiramente superior ao 4,04 de 2018-2019 (en 2018-2019 a valoración deste aspecto no ámbito da mobilidade saínte na Facultade de Filoloxía fora 4,50), o grao de integración cos compañeiros obtivo un 3,96, moderadamente máis baixo ca o 4,22 do curso 2018-2019 (en 2018-2019 a valoración deste aspecto no ámbito da mobilidade saínte na Facultade de Filoloxía fora 4,10), e o grao de "Satisfacción xeral co programa de mobilidade" foi de 4,51, moi similar ao 4,58 de 2018-2019 (en 2018-2019 a valoración deste aspecto no ámbito da mobilidade saínte na Facultade de Filoloxía fora 4,60, e 4,56 en 2017-2018). Os aspectos peor valorados foron a preparación lingüística ofrecida pola USC e a contribución económica que obtiveron un 2,78 e 2,68 respectivamente (2,62 e 2,72 respectivamente en 2018-2019). Os cursos de idioma local na universidade de acollida foron valorados cun 3,11, moderadamente superior ao 2,86 de 2018-2019 (en 2018-2019 a valoración deste aspecto no ámbito da mobilidade saínte na Facultade de Filoloxía fora 3). A información ofrecida polo Servicio de Relacións Exteriores da USC foi valorado cun 3,71, a información obtida na web da universidade de acollida cun 3,67 e a información na web da USC cun 3,47. A valoración da información sobre validacións experimentou un considerable ascenso pasando de 2,92 en 2018-2019 a 3,53 en 2020-2021 (en 2018-2019 a valoración deste aspecto no ámbito da mobilidade saínte na Facultade de Filoloxía fora 2,6) (2501099_INF.04_2020-2021; para valores correspondentes ao curso 2018-2019 v. 2501099_INF.04_2018-2019).

Non contamos con indicador sobre a satisfacción dos estudantes entrantes cos programas de mobilidade para o caso específico do GLLI, pero o indicador a nivel da Facultade de Filoloxía indica un aumento no grao de satisfacción que pasa de 3,63 en 2018-2019 a 4,20 en 2020-2021, acercándose de novo ao 4,32 acadado en 2017-2018 (IN16CG). Como no caso da enquisa anterior, pola información que se desprende do informe sobre a enquisa de satisfacción deste grupo de interese a nivel da USC, ningún estudante entrante no GLLI participou nela, pero aínda así podemos comentar algúns dos resultados desta enquisa que non se refiren a aspectos específicos dunha titulación. O aspecto mellor valorado foi a experiencia en xeral, que obtivo un 4,20, seguido da valoración do curso de español organizado polo CLM que foi de 4, mellorando o 3,85 de 2018-2019 (4 en 2018-2019 no ámbito da mobilidade entrante na Facultade de Filoloxía). Preto deste valor estiveron a maior parte do resto dos aspectos, que en xeral descendieron pouco significativamente con respecto ás valoracións do curso 2018-2019: as posibilidades de validación das materias cursadas acadaron un 3,93, mellorando o 3,71 de 2018-2019 (4 en 2018-2019 no ámbito da mobilidade entrante na Facultade de Filoloxía); o ítem sobre a recomendación da USC como universidade de destino foi valorado cun 3,82; as infraestruturas (aulas, laboratorios, talleres...) ofertadas pola USC obtiveron un 3,80, lixeiramente máis baixo que o 3,94 acadado en 2018-2019 (4 en 2018-2019 no ámbito da mobilidade entrante na Facultade de Filoloxía); tanto a calidade de profesorado (tendo en conta que ningún estudante do GLLI respondeu á enquisa, este aspecto non resulta demasiado relevante aos efectos do seguimento da titulación) como a información previa dispoñible mediante a web da USC acadaron un 3,73, o que supón no caso da calidade do profesorado un pequeno descenso con respecto a 2018-2019 (3,82), pero certa mellora no caso da información dispoñible, que fora valorada cun 3,53 en 2018-2019 (4 en 2018-2019 no ámbito da mobilidade entrante na Facultade de Filoloxía); a calidade da formación recibida foi valorada

cun 3,60, o que supón un lixeiro descenso con respecto a 2018-2019 (3,82), pero mellorando o resultado de 2018-2019 no ámbito da mobilidade entrante na Facultade de Filoloxía (3) (de novo este aspecto non afecta ao GLLI dado que ningún dos estudantes que deron resposta a esta enquisa estaba matriculado nesta titulación). Máis moderada foi a valoración de diversos aspectos relacionados coa información: tanto a información ofrecida pola universidade de orixe como a información sobre validacións acadaron un 3,53, mellorando en ambos casos os valores de 2018-2019, que foran 3,12 e 3,41 respectivamente (3 en 2018-2019 no ámbito da mobilidade entrante na Facultade de Filoloxía), e a información previa sobre o sistema de avaliación foi valorada cun 3,27, mellorando case imperceptiblemente o valor de 2018-2019 (3,24) (3 en 2018-2019 no ámbito da mobilidade entrante na Facultade de Filoloxía). O servizo prestado polo servizo de Relacións Exteriores antes da chegada acadou un 3,53, o que supón un descenso considerable con respecto ao curso 2018-2019 (3,94) (4 en 2018-2019 no ámbito da mobilidade entrante na Facultade de Filoloxía). O aspecto peor valorado é o referente ás xornadas de acollida cun 2,69, valoración sensiblemente máis baixa que a do curso 2018-2019, que fora de 3,47 (4 en 2018-2019 no ámbito da mobilidade entrante na Facultade de Filoloxía), seguido polo aspecto relacionado coa valoración dos cursos de galego (3, inferior ao 3,30 do curso 2018-2019; 4 en 2018-2019 no ámbito da mobilidade entrante na Facultade de Filoloxía) e polo aspecto sobre o apoio recibido durante a estancia por parte do Servizo de Relacións Exteriores, valorado cun 3,33 en 2020-2021, lixeiramente inferior ao 3,47 de 2018-2019 (4 en 2018-2019 no ámbito da mobilidade entrante na Facultade de Filoloxía). A valoración dos cursos de galego non parece ser moi representativa dado que o 100% dos enquisados afirmaron non ter participado en ningún curso de galego para estranxeiros (5040_INF.05_2020-2021).

Os resultados das dúas enquisas anteriores vense en xeral corroborados nas enquisas semellantes levadas a cabo polo Decanato da Facultade de filoloxía. Con respecto á enquisa sobre a mobilidade Erasmus entrante, o estudantado enquisado amosou un nivel de satisfacción alto con respecto á acollida e apoio recibidos na USC: o apoio prestado pola oficina de mobilidade foi valorado cun 5 polo 36,4% dos enquisados e cun 4 polo 27,3%; o traballo dos coordinadores Erasmus foi valorado cun 5 polo 27,3% dos enquisados e cun 4 polo 45,5%; o apoio ofrecido pola RAM foi valorado cun 5 polo 33,3% dos enquisados e cun 4 polo 22,2%; en xeral o apoio na USC foi valorado cun 5 polo 45,5% dos enquisados e cun 4 polo 27,3%. En xeral máis do 50% dos enquisados na Facultade de Filoloxía valoraron cun 4 ou 5 o apoio e acollida na USC, o que suxire un lixeiro contraste cos datos do informe elaborado pola ACMP onde as xornadas de acollida e o apoio da Oficina de Relacións Exteriores durante a estancia figuraban entre os peor valorados. Como efecto dos bos resultados referentes ao apoio e acollida, o 9,1% dos enquisados valorou cun 5, o 18,2% cun 4 e o 27,2% cun 3 a relación cos seus compañeiros, e ningún deles manifestou terse sentido so de maneira relevante durante a estadia (o 27,3% valoraron este aspecto cun 5 (nada), o 9,1 cun 4 e o 45,5 cun 3). Con respecto a cuestións académicas, os estudantes entrantes na Facultade de filoloxía manifestaron non ter tido grandes dificultades para adaptarse ás metodoloxías de ensino e aos sistemas de avaliación: polo que se refire á metodoloxía, un 17,3% dos enquisados manifestaron non ter tido ningún problema, un 18,2% case non atopou ningún problema e outro 18,2% manifestou ter atopado algún problema non grave; polo que se refire aos sistemas de avaliación, o 18,2% manifestaron non ter atopado ningún problema e un 36,4% manifestaron case non ter atopado ningún problema. Un 9,1% tiveron moitos problemas coa metodoloxía de ensino e ningún estudante manifestou ter tido moitas dificultades cos sistemas de avaliación. Tampouco atoparon dificultades serias para atopar información sobre cuestións académicas na web (programas, titorías, etc): só 9,1 dos enquisados manifestou ter atopado moitas dificultades, e un 27,3% atoparon tamén certas dificultades. Polo que respecta aos servizos ofrecidos pola USC, os máis insatisfactorios foron os servizos de aloxamento (57,1% dos enquisados consideran este servizo moi insatisfactorio) e deportivos (42,9% dos enquisados consideran este servizo moi insatisfactorio). En contraste, o 30 % dos enquisados valora cun 5 e outro 30% cun 4 o servizo de biblioteca (ningún enquisado valora este servizo con menos dun 3), mentres que o servizo de restauración e cafetería é valorado cun 5 polo 27,3% dos enquisados e cun 4 polo 36,4%. O servizo de reprografía é valorado cun 5 polo 22,2% dos enquisados, cun 4 polo 11,1% e cun 3 polo 33,3%. Valoracións intermedias son as acadadas polo servizo médico (o 57,1% valora este aspecto cun 3), o servizos culturais e de lecer (o 44,4% valora este aspecto cun 3) e os servizos aos estudantes de fóra (un 44,4% valora este aspecto cun 3) (GLLI_Enquisa ERASMUS ENTRANTES_2020-2021; para a valoración da satisfacción coa docencia v. CRITERIO 4.1; para a valoración da satisfacción cos servizos e materiais v. CRITERIO 5.1).

Con respecto á enquisa sobre a mobilidade Erasmus saínte, o estudantado do GLLI tamén valora moi positivamente o apoio recibido tanto na USC coma na universidade de acollida, dado que ningún valor é inferior a 3: o 50% dos enquisados valorou cun 5, e o outro 50% cun 4 o apoio na USC; o apoio da RAM da Facultade de Filoloxía foi valorado cun 5 polo 16,7% dos enquisados, cun 4 polo 66,7% e cun 3 polo 16,7%; o apoio prestado polos coordinadores na USC foi valorado cun 5 polo 50% dos enquisados, cun 4 polo 33,3% e cun 3 polo 16,7%; o apoio na universidade de

acolida foi valorado cun 5 polo 33,3% dos enquisados, cun 4 polo 50% e cun 3 polo 16,7%; e o apoio dos coordinadores na universidade de acolida foi valorado cun 5 polo 50% dos enquisados, cun 4 polo 16,7% e cun 3 polo 33,3%. O grao de integración nas universidades foi positivo dado que ningún dos enquisados valorou este aspecto cun 1 (pobre): o 16,7% valorou este aspecto cun 5, o 33,3% cun 4, o 33,3% cun 3, e o 16,7% cun 2. Só un 17% manifestou terse sentido so nalgún momento da estadia (I4_GLLI_Enquisa ERASMUS SAÍNTE_2020-2021).

SATISFACCIÓN COAS PRÁCTICAS EXTERNAS

Debido á incidencia da COVID-19 non contamos con información sobre a satisfacción coas prácticas externas no curso 2019-2020, por iso a comparativa dos resultados do curso 2020-2021 se realizará con respecto aos valores do curso 2018-2019. O grao de satisfacción dos estudantes coas prácticas externas aumentou en 2020-2021 con respecto ao curso 2018-2019, pasando de 4,78 en 2018-2019 a 5 en 2020-2021 (IN19G). Na enquisa de satisfacción dos estudantes coas prácticas externas todos os ítems acadaron a valoración máxima agás catro: tres obtiveron un 4: "As instalacións e os medios materiais cos que contei na empresa/institución foron axeitados", "A atención recibida por parte do/a titor/ra profesional e do persoal da empresa/institución foi adecuada" e "As actividades desenvolvidas na empresa/institución cumpriron as miñas expectativas". O aspecto peor valorado foi "En xeral, as prácticas supoñen un bo contacto co mercado laboral", que acadou un 3 (2501099_INF.06_2020-2021). Descoñecemos a taxa de participación nesta enquisa, por iso propoñemos unha acción de mellora solicitando a inclusión deste dato no informe.

A satisfacción dos titores profesionais coas prácticas externas tamén aumentou no curso 2020-2021, e pasa de 4,4 en 2018-2019 a 5 en 2020-2021 (4,06 en 2017-2018) (IN20G). Só un aspecto non obtivo a valoración de 5, e foi "Considera que estas prácticas supoñen un bo contacto dos/das estudantes co mundo laboral" que obtivo un 4 (5 en 2018-2019 e 4,67 de media da USC). A porcentaxe de participación nesta enquisa seguiu sendo do 50%, igual ca en 2018-2019, o que en números absolutos supón que un dos dous titores profesionais participaron na enquisa (2501099_INF.07_2020-2021). Este dato fai evidente a necesidade de manter o compromiso de transformar en boas prácticas as Accións de Mellora incluídas en informes de seguimento anteriores (AM-1 do *Informe de Seguimento 2012-2013*, AM-8 do *Informe de Seguimento 2013-2014*, AM-2 do *Informe de Seguimento 2014-2015*). Ademais confirmase a idoneidade de promover unha nova Acción de mellora solicitando comunicación por parte da ACMP no momento en que se vaia a iniciar o período de enquisas e a información pertinente para poder animar á participación dos distintos grupos de interese nas mesmas (2.3).

Non contamos co indicador do grao de satisfacción dos titores académicos coas prácticas externas nin co correspondente informe, o que nos leva a supoñer que non houbo resposta a esta enquisa no ámbito do GLLI, como xa pasara no curso 2018-2019 (2501099_INF.08_2020-2021). De novo isto indica a pertinencia de reforzar as accións consolidadas como boas prácticas cunha nova acción de mellora (AM-2.3).

SATISFACCIÓN EGRESADOS

Non podemos coñecer a satisfacción xeral dos egresados coa titulación porque o informe correspondente á enquisa de satisfacción dos egresados dispoñible refírese á totalidade dos egresados na USC no curso correspondente, de xeito que pouca información pertinente ao grao podemos extraer del. En contraste co Informe da enquisa de satisfacción coa mobilidade entrante e saínte, nos que se valoraban aspectos comúns ao estudiantado de titulacións diversas, no caso do informe de satisfacción dos egresados a maioría dos ítems están especificamente vinculados a cada titulación, de xeito que os datos xerais non son de grande utilidade para a elaboración do presente informe. Tampouco resulta especialmente útil a información sobre a taxa de participación, dado que indica a porcentaxe de participantes de cada titulación na enquisa sobre o total de participantes nela, non a porcentaxe de participantes da titulación sobre o número de invitados de cada titulación. Esta porcentaxe non ten polo tanto en conta o número de estudantes egresados en cada titulación e polo tanto non resulta moi significativa: unha titulación que teña dous egresados e respondan os dous á enquisa sempre terá unha porcentaxe máis baixa de participación no cómputo xeral que unha titulación con dez egresados dos que só tres responden á enquisa. Aínda así compre indicar que no informe referente ao primeiro semestre a porcentaxe das respostas correspondente aos egresados do GLLI foi de 4,55%, mentres que no segundo semestre foi de 5,64% só superada pola porcentaxe dos titulados en medicina (2501099_INF.09_1ºS_2020-2021; 2501099_INF.09_2ºS_2020-2021). Solicitamos á ACMP que o Informe desta enquisa volva a ser desagregado por titulacións nunha acción de mellora (AM-1.1).

SATISFACCIÓN DO PROFESORADO COA DOCENCIA IMPARTIDA

O grao de satisfacción do profesorado coa docencia impartida volveu descender case imperceptiblemente no curso 2020-2021 situándose en 4,08 fronte ao 4,12 do curso 2019-2020, o 4,14 do curso 2018-2019 e o 3,85 do curso 2017-2018 (IN47G), de xeito que segue a resultar bastante equilibrado coa valoración da satisfacción do alumnado coa docencia recibida (3,95). Como no caso da enquisa sobre satisfacción coa docencia recibida, os aspectos mellor valorados son os que afectan á relación co alumnado: o ítem "Amósome accesible ao alumnado nas miñas clases e titorías" e o ítem "Manteño un trato correcto cos estudantes" obtiveron unha valoración de 4,88 e 4,93 respectivamente en 2020-2021 (4,96 en 2019-2020, 4,90 en 2018-2019) entre o profesorado. O ítem "Informo axeitadamente ao meu alumnado dos criterios de avaliación da materia" foi valorado cun 4,78 (4,95 en 2019-2020, 4,84 en 2018-2019) polo PDI. A valoración da titorización do tfg mellorou con respecto ao curso anterior pasando de 3,78 en 2019-2020, a 3,95 en 2020-2021 (3,31 en 2018-2019) aínda que segue a estar entre as valoración máis baixas deste informe. Esta mellora podería estar relacionada co uso do sistema extraordinario de avaliación do tfg propiciado pola incidencia da COVID-19. A posta en práctica deste sistema excepcional serviu ademais para abrir un debate sobre este aspecto entre o PDI da Facultade durante o primeiro semestre do curso 2020-2021 que culminou coa elaboración e aprobación dunha nova Normativa de tfg que entrou en vigor no curso 2021-2022. De novo, os aspectos peor valorados no informe sobre docencia impartida foron os referentes ao nivel co que chega o alumnado que foi valorado cun 3,30 (3,5 en 2019-2020), e "O meu alumnado participa crítica e activamente no desenvolvemento das clases" (3,38 en 2020-2021, 3,76 en 2019-2020, 3,61 en 2018-2019 fronte a 3,41 en 2017-2018). Os seguintes aspectos peor valorados pero xa moi preto do 4 foron: a satisfacción do alumnado co labor docente, que foi valorado cun 3,89; "A coordinación entre as distintas materias e/ou niveis do título" que obtivo un 3,69, lixeiramente inferior ao 3,85 de 2019-2020, pero tamén lixeiramente superior ao 3,55 do curso 2018-2019; "Globalmente estou satisfeita/o co traballo realizado polo alumnado nas miñas clases" (3,64 en 2020-2021, 3,97 en 2019-2020, 3,79 en 2018-2019, e 3,76 en 2017-2018), e "Coñezo o nivel de comprensión dos/as alumnos/as" (3,92 en 2020-2021, 3,93 en 2019-2020, 3,82 en 2018-2019, e 3,95 en 2017-2018). O resto das valoracións superan o 4: a satisfacción xeral co labor docente obtivo un 4,34, moi lixeiramente por debaixo de 4,42 acadado en 2019-2020 (4,21 en 2018-2019), o "Material e servizo de apoio á docencia existentes na universidade" acadou unha valoración de 4,32, significativamente superior ao 4,03 de 2019-2020 (4,29 en 2018-2019 e 4,17 no curso 2017-2018), e o ítem "Organizo e estrutura ben as miñas clases" acadou un 4,53, moi similar ao 4,65 de 2019-2020 (4,49 en 2018-2019) (2501099_INF.14_2020-2021).

Con respecto ás cuestións máis directamente relacionadas coa incidencia da COVID-19, o ítem sobre a experiencia previa no uso das tecnoloxías obtivo un 3,42, moi similar ao 3,33 de 2019-2020. O grao de satisfacción co desenvolvemento da avaliación non presencial posta en marcha tras a declaración do estado de alarma derivada da crise sanitaria foi de 3,59, case imperceptiblemente superior ao 3,52 de 2019-2020; o grao de satisfacción co desenvolvemento da docencia non presencial posta en marcha tras a declaración do estado de alarma derivada da crise sanitaria foi lixeiramente máis alto, 3,76, mellorando o 3,57 de 2019-2020, e o grao de satisfacción coas ferramentas, instrumentos e canais postos a disposición do PDI para desenvolver a docencia na situación imprevista derivada da crise sanitaria foi de 4,11, mellorando substancialmente a valoración do curso 2019-2020, que fora de 3,79 (2501099_INF.14_2020-2021). En xeral o PDI parece ter apreciado melloras nas ferramentas e materiais para a docencia derivadas das esixencias orixinadas polas medidas sanitarias.

En contraste co que ocorrera no curso 2019-2020, a porcentaxe de participación do profesorado na enquisa de satisfacción coa docencia impartida ascendeu considerablemente pasando de 30,70% en 2019-2020 a 42,11% en 2020-2021, o que indica unha recuperación despois de dous cursos seguidos rexistrando descensos (a taxa pasou de 48,33% en 2017-2018 a 35,59% en 2018-2019) (2501099_INF.14_2020-2021; 2501099_INF.14_2019-2020; 2501099_INF.14_2018-2019; 2501099_INF.14_2017-2018). Quizá a posta en marcha da acción de mellora 1 (AM-1) do *Informe de seguimento 2018-2019* contribuíu a mellorar esta participación.

SATISFACCIÓN DO PDI COA TITULACIÓN

A taxa de resposta desta enquisa mellorou no curso 2020-2021, pasando de 16,41% a 20%, pero aínda dista de ser unha taxa razoablemente significativa e non está cerca das taxas rexistradas nos cursos anteriores (46,88% en 2017-2018 e 33,33% en 2018-2019). No *Informe de seguimento 2019-2020* argumentamos que este descenso pode estar

asociado a certa confusión entre esta enquisa e a enquisa de satisfacción coa docencia impartida no segundo semestre, que puidera ter levado a algúns membros do PDI a pensar que xa tiñan respondido a esta enquisa sobre a titulación. Por iso propuxemos unha acción de mellora informativa para que non se volviera a repetir a situación. Como vemos, tal acción de mellora tivo só un éxito relativo. A explicación de esta só relativa efectividade pode estar asociada a dúas causas intimamente vencelladas á estrutura peculiar das titulacións impartidas na Facultade de Filoloxía: (a) por un lado, a maioría do PDI encargado da docencia das materias do maior do GLLI ten alumnado doutras titulacións que toman estas mesmas materias como parte dos seus módulos complementario e optativo, de xeito que figuran entre o profesorado destas outras titulacións e se lles solicita que cubran esta enquisa por cada unha desas titulacións, algo que resulta farragoso e pouco útil; (b) por este mesmo motivo, boa parte do PDI encargado de materias de maior do resto das titulacións impartidas na Facultade de Filoloxía que o estudantado do GLLI toma como materias dos seus módulos complementario e optativo entran no cómputo de invitados a realizar a enquisa de satisfacción coa titulación do GLLI, e tememos que moitos deles non se sintan lexitimados a opinar nesta enquisa. Ademais, a acción de mellora incluída no *Informe de Seguimento 2019-2020* levouse a cabo nada máis entre o PDI encargado das materias do maior do GLLI, de aí o limitado da súa efectividade.

O grao de satisfacción manifestado por este grupo de interese coa titulación foi alta e mellorou a valoración do curso 2019-2020 pasando de 3,85 a 4,14. Practicamente todas as valoracións melloraron con respecto ao curso 2019-2020. No referente aos recursos educativos, aulas e o seu equipamento os valores foron na maior parte dos casos contundentemente mellores: “As vías existentes para participar na mellora da calidade son axeitadas” acadou un 4,17, mellorando tanto o 3,62 de 2019-2020 coma o 4,15 de 2018-2019 (no curso 2017-2018 o ítem “Vías de participación na mellora da calidade da titulación” obtivera un 3,87, e o ítem “Información dispoñible en relación coa calidade” un 3,87); “Os recursos educativos dispoñibles son axeitados” acadou un 4,44, considerablemente superior ao 3,86 de 2019-2020 e moderadamente mellor ca o 4,31 de 2018-2019; “As aulas e o seu equipamento están en bo estado e son adecuadas para o meu labor docente” acadou un 4,33, mellorando o 3,76 de 2019-2020 e moi preto do 4,38 de 2018-2019 (no curso 2017-2018 o ítem “Aulas e o seu equipamento” obtivera un 3,87, e “Laboratorios, as aulas de informática, os obradoiros e espazos experimentais e o seu equipamento” un 3,92); “Consideras que a información que tes sobre a túa titulación é axeitada” acadou un 4,36, moi similar ao 4,33 de 2019-2020 e ao 4,46 de 2018-2019 (no curso 2017-2018 o ítem “Información pública dispoñible sobre a titulación” obtivera un 4,13, e “Información dispoñible dos obxectivos xerais e competencias do plan de estudos” un 4,14); “O campus virtual facilita a miña labor docente” acadou un 4,72, mellorando considerablemente o 4,38 de 2019-2020 e o 4,54 de 2018-2019 (no curso 2017-2018 o ítem “Plataformas de docencia virtual e ferramentas multimedia” obtivera un 4,20); e “Valora a atención prestada polo persoal de administración e servizos” acadou un 4,52, de novo similar aos valores dos cursos anteriores: 4,43 en 2019-2020 e 4,69 en 2018-2019. A mellora xeral nestas valoracións que volven a situarse en valores próximos ou superiores aos amosados nos cursos anteriores á crise da COVID-19 pode deberse por unha parte á volta a unha docencia presencial ou de semipresencialidade e a un certo recoñecemento do esforzo extraordinario levado a cabo para adaptar os recursos e materiais ás esixencias das medidas sanitarias. Non coñecemos os valores medios da USC para poder establecer unha comparativa. Con respecto aos aspectos académicos, as valoracións son de novo maioritariamente mellores ca as do curso 2019-2020: “Os horarios existentes son axeitados” acadou unha valoración de 4,20, considerablemente mellor ca o 3,62 de 2019-2020 e o 3,92 de 2018-2019 (no curso 2017-2018 o ítem “Horarios da titulación” fora valorado de xeito considerablemente máis baixo cun 3,60); o mesmo valor obtivo o aspecto “En xeral, considero que a titulación está ben organizada”, mellorando polo tanto o 4,10 de 2019-2020 e o 4,15 de 2018-2019 (no curso 2017-2018 o ítem “Organización temporal das materias do plan de estudos” obtivera un 3,53); “Valora a calidade docente da túa titulación” acadou un 4,40, moi similar ao 4,43 de 2019-2020 e moderadamente superior ao 4,23 de 2018-2019; “A titulación é equilibrada nos seus contidos teóricos e prácticos” foi valorado cun 4,12, mellorando o 3,95 de 2019-2020 e o 3,83 de 2018-2019 (no curso 2017-2018 o ítem “Proporción entre as sesións teóricas e as prácticas na titulación” fora valorado cun 3,87); “A carga de traballo está ben distribuída” obtivo un 3,88, mellorando así o 3,43 de 2019-2020 e o 3,62 de 2018-2019; “As/os docentes estamos coordinados na organización do título” foi valorado cun 4,04, moderadamente superior ao 3,95 de 2019-2020 e considerablemente mellor ca o 3,54 de 2018-2019 (no curso 2017-2018 o ítem “Coordinación entre as materias do plan de estudos” obtivo unha valoración moi similar, 3,53); o calendario de probas de avaliación foi valorado cun 4,24, sensiblemente superior ao 3,57 de 2019-2020 e o 3,77 de 2018-2019 (esta valoración supera incluso a do curso 2017-2018 cando o ítem “Calendario de probas de avaliación” obtivera un 4,00), e a formación dos alumnos en competencias profesionais cun 3,92, sensiblemente superior ao 3,62 de 2019-2020 e ao 3,54 do curso 2018-2019 (este aspecto tamén figuraba entre os peor valorados no curso 2017-2018, cando o ítem “Orientación profesional e laboral ao alumnado da titulación” foi valorado cun 3,47); a pesar da valoración positiva, este é un dos aspectos peor valorados polo PDI e tamén entre o estudantado. Como

indicamos no CRITERIO 5.1 do presente *Informe de seguimiento 2020-2021*, durante este curso a Facultade retomou a organización das xornadas de empregabilidade interrompidas en 2019-2020 a consecuencia da incidencia da COVID-19, dado que estas xornadas teñen lugar normalmente no segundo semestre. O ítem “En xeral, síntome satisfeito coa titulación” obtén un 4,24, lixeiramente superior ao 4,10 de 2019-2020 e ao 4 de 2018-2019. Tres dos aspectos a valorar no apartado de alumnado melloraron con respecto ao ano pasado e un empeorou: este último foi o aspecto “O alumnado cumpre coa planificación académica sen problemas”, que foi valorado cun 3,68, lixeiramente por debaixo do 3,76 de 2019-2020, pero moi similar ao 3,69 de 2018-2019; “O alumnado está satisfeito coa titulación” acadou unha valoración de 4,04, considerablemente superior ao 3,71 de 2019-2020 e ao 3,62 de 2018-2019; “O alumnado acode con regularidade ás clases” foi valorado cun 3,52, moi similar ao 3,43 de 2019-2020 e ao 3,54 de 2018-2019; e “O alumnado implícase na titulación” obtivo unha valoración de 3,67, sensiblemente superior ao 3,19 de 2019-2020 e similar ao 3,46 de 2018-2019 (2501099_INF.23_2020-2021; para os valores do curso 2018-2019 v. 2501099_INF.23_2018-2019).

SATISFACCIÓN DO PDI COAS ACTIVIDADES DE FORMACIÓN

O grao de satisfacción do PDI da USC coas actividades formativas foi elevado e non mostrou variacións importantes con respecto ao curso 2018-2019. Aínda que non contamos cun cálculo oficial de valoración media, o cómputo aproximado desta valoración media partindo das valoracións específicas do informe daría como resultado 4,5, lixeiramente superior ao 4,36 de 2019-2020, ao 4,32 de 2018-2019 e á valoración media en 2017-2018 que foi de 4,39. Todos os valores superan o 4,3. Estes datos positivos son confirmados polo feito de que unha moita alta porcentaxe dos enquisados declara que recomendaría aos compañeiros matricularse no curso: no informe actual aparecen varios ítems desagregados por curso o que dificulta o cómputo xeral, por iso propoñemos unha acción de mellora para evitar que se repita esta situación (AM-1.2) (5040_INF.10_2020-2021; para os valores do curso 2019-2020 v. 5040_INF.10_2019-2020, para os valores de 2018-2019 v. 5040_INF.10_2018-2019).

SATISFACCIÓN DO PAS

Os resultados da enquisa de satisfacción do PAS na Facultade de Filoloxía son, en xeral, positivos, aínda que lixeiramente máis baixos que a media da USC. A valoración global do traballo foi de 3,67 en 2020-2021, lixeiramente inferior ao 3,75 de 2018-2019 e idéntica á valoración de 2017-2018, e esta valoración está só 17 centésimas por debaixo da media na USC, 3,84 (5040_INF.21_2020-2021) (v. CRITERIO 4.2).

SATISFACCIÓN MEDIA DO PAS COAS ACTIVIDADES FORMATIVAS

O PAS da USC (só contamos co informe global da USC) está en xeral satisfeito coas actividades formativas desenvolvidas e na enquisa do curso 2020-2021 só dous valores non chegaron ao 7 e foron as valoracións das aulas e instalacións (6,87) e da adecuación dos contidos prácticos (6,91). Proba do alto grao de satisfacción é que o 86,9% dos enquisados afirmaron que recomendarían o curso aos compañeiros (5040_INF.11_2020-2021) (v. CRITERIO 4.2).

7.3.- Os valores de inserción laboral dos egresados do título son adecuados ao contexto socio-económico e profesional do título.

Aspectos a valorar:

- Análise dos históricos de resultados existentes nos estudos realizados sobre inserción laboral do título.
- Adecuación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do título.
- Os indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Dado que os datos oficiais sobre inserción laboral cos que contamos (I14: 2501099_EIL-SIIU_2020-2021) seguen a ser os mesmos que os que tiñamos á nosa disposición a curso pasado, remitímonos ás reflexións elaboradas no *Informe de seguimiento 2019-2020*, que recuperaban parcialmente as reflexións xa manifestadas en Informes de seguimento anteriores:

Os resultados de inserción laboral cos que contamos refírense á cohorte de egresados de 2013-2014 (I14: 2501099_EIL-SIIU_2018-2019 “Resultados de inserción laboral”), é dicir, seguen a referirse á mesma cohorte que os informes cos que contabamos en anos anteriores, pero a información está ampliada xa que contamos

con datos de 2017 e 2018. Polo que se refire aos anos 2015 e 2016 cabe de novo remitirnos á reflexión incluída no IRA GLLI 2015-2016, onde concluímos que “aunque los datos de inserción laboral no son todo lo alentadores que sería deseable, sí arrojan una evolución positiva hacia la estabilidad laboral, la mejora de los contratos y el reconocimiento de la formación académica. En este sentido es destacable que incluso en el segundo año casi el 60% tengan reconocida su categoría como graduados universitarios en sus contratos laborales” (IRA GLLI 2016-2017, p. 7). Os novos datos cos que contamos corroboran a tendencia cara á estabilidade laboral e o gradual aumento do número de egresados afiliados á seguridade social coa categoría de titulados: se no ano 2016 a taxa de afiliación era de 25,5% e deses afiliados o 58,3% cotizaba no grupo de titulados, no ano 2017 a taxa de afiliación aumentou considerablemente pasando a ser do 40,4%, dos que o 73,7% cotizaba no grupo de titulados. Este aumento mantívose no ano 2018, cando a taxa de afiliación foi de 46,8% e o 86,5% cotizaban no grupo de titulados. O dato negativo foi o descenso na porcentaxe de contratos indefinidos que pasou do 25% en 2016 e 2017 ao 20% en 2018 (I14: 2501099_EIL-SIIU_2018-2019 “Resultados de inserción laboral”). (*Informe de seguimiento 2019-2020*, p. 45)

Os datos de inserción laboral ofrecidos no informe elaborado pola ACSUG (2501099_EIL_ACSUG_2020-2021) tamén seguen a ser os mesmos que os que tiñamos á nosa disposición para a elaboración do *Informe de seguimiento 2019-2020* e recollen datos actualizados no ano 2017, polo que neste caso recorreremos tamén á reflexión elaborada no pasado informe:

Os datos de inserción laboral ofrecidos no informe elaborado pola ACSUG no que se ofrece unha comparativa das tres universidades do SIUG, poderían ser máis idóneos especialmente se temos en conta que a porcentaxe de estudantes egresados do GLLI que están traballando na actualidade (referida á cohorte de egresados de 2013-2014) é a máis baixa na comparativa coas titulacións semellantes ofrecidas nas outras dúas universidades do SUG: o dato do GLLI é de 53,57% (fronte aos datos da UDC e UVIGO que foron respectivamente de 81,82% e 58,33%) preto da media para artes e humanidades da USC (59,15%). Aínda así este dato mellora a taxa de afiliación á Seguridade Social amosado no informe anterior (46,8%). Este resultado pode estar relacionado co feito de que só un 64,29% declara ter buscado emprego relacionado coa titulación desde que rematou os estudos en contraste co 86,36% da UDC e o 91,76% de UVigo. Entre os egresados do GLLI que buscaron este tipo de emprego un 66,67% atopárono, e a media de tempo que tardaron en atopar o primeiro emprego relacionado coa titulación desde que remataron foi de 13,87 meses, tamén superior á media de tempo das outras dúas universidades do SUG, dato que se explica polo feito de que tamén foi máis baixa a porcentaxe de egresados que empezaron a buscar emprego xusto ao rematar os estudos. Unha importante maioría traballan por conta allea (93,33%), e a porcentaxe de contratos indefinidos é do 21,43%, moi similar á amosada no informe anterior (20%). Tamén é semellante a porcentaxe que realizan funcións de nivel universitario, 66,67%, considerablemente superior á porcentaxe das outras dúas universidades do SUG: 55,56% no caso da UDC e 57,14% no caso da UVigo. O 100% dos egresados do GLLI que teñen emprego na actualidade realizan funcións específicas da titulación, e tamén neste caso se superan os datos da UDC (90%) e de UVigo (75%). O salario medio neto mensual é de 990€, o máis alto entre as tres universidades do SUG. O lugar de traballo dos egresados do GLLI repártese entre a provincia de A Coruña (53,33%) e de Pontevedra (33,33%), mentres que o restante 13,34% repártese por igual entre outros lugares de España fora de Galicia e a UE. Tamén a porcentaxe de egresados do GLLI que seguía a cursar estudos universitarios no curso 2018-2019 é a máis baixa entre as universidades do SUG: 28,57% (fronte ao 40,91% da UDC e ao 58,33% da UVIGO). Entre os egresados do GLLI que seguen a cursar estudos universitarios obsérvase unha tendencia distinta á manifestada nas outras dúas universidades do SUG: mentres que os egresados das outras universidades se decantan claramente polos estudos de máster, o 50% dos egresados do GLLI están facendo programas de doutoramento e o restante 50% repártese por igual entre estudos de máster e de grao. A pesar de que estes datos poderían ser mellores o 100% dos egresados do GLLI declara que volvería a cursar estudos universitarios, un 75% volvería a facer o GLLI e un 90,48% volvería a facelo na USC (2501099_EIL_ACSUG_2018-2019)”. (*Informe de seguimiento 2019-2020*, p. 45-46)

Tampouco resultan útiles os datos incluídos nos informes da enquisa de satisfacción dos egresados (2101099_INF.09_1ºS_2020-2021, 2101099_INF.09_2ºS_2020-2021) (egresados no curso 2019-2020), dado que amosan os resultados globais dos egresados da USC, dos que só un 4,55% no caso do informe correspondente ao primeiro semestre, e un 5,64% no caso do informe correspondente ao segundo, eran egresados do Grao en Lingua e Literatura Inglesas: a porcentaxe de participación dos egresados do GLLI nesta enquisa foi alta en comparación con

outras titulacións, pero aínda así non parece que os resultados referentes a inserción laboral vertidos nestes informes podan considerarse representativos ou significativos para ningunha titulación específica (v. Criterio 7.2). Por iso urxe solicitar á ACMP que os Informes deste enquisa volvan a ser desagregados por titulación (AM-1.1).

3.MODIFICACIÓN DO PLAN DE ESTUDOS

MODIFICACIÓN	XUSTIFICACIÓN
Modificación do número de créditos mínimos necesarios para cursar as prácticas en empresas que pasa de 150 ECTS a 120 ECTS superados aprobado por Consello de Goberno o 25/06/2021.	Co fin de incentivar a participación do alumnado nas prácticas, se propón rebaixar o número mínimo de créditos esixibles a 120. Isto permitiría ao estudantado iniciar as prácticas no segundo semestre do terceiro curso.

4. LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES

Cristerios	Nº	Evidencia / Indicador	Documento/enlace
Todos	E1	Memoria Vixente do título	ACSUG
Todos	E2	Informes de verificación, modificación, seguimento incluíndo os plans de mellora	ACSUG
1	E3	Análise do perfil real de ingreso/egreso	Autoinforme, Criterio 1 E3_GLLI_Enquisa e Informe Alumnado Primeiro_2020-2021
1,6	E4	Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe)	Web do Título
			E4_GLLI_RR 02-09-2020_2020-2021
			E4_GLLI_Directrices docencia presencial Segura_2020-2021
			E4_GLLI_Avance información sobre actividade académica_2020-2021
			E4_GLLI_Distribución docencia_1S_2020-2021
			E4_GLLI_Intsrucción Xerencia 27-01-2021_2020-2021
1,3	E5	Actas das reunións celebradas, polo menos dos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado con acordos adoptados en cada reunión)	E5-GLLI-Actas Comisión Calidade 2020-2021
			E5-GLLI-Actas Comisión Calidade 2019-2020
			E5-GLLI-Actas Comisión GLLI 2020-2021
			E5-GLLI-Actas Comisión GLLI 2019-2020
			E5-GLLI-Actas Comisión Prácticas Externas 2020-2021
			E5-GLLI-Actas Comisión Prácticas Externas 2019-2020
			E5-GLLI-Actas Comisión Titulos de Grao-TFG 2020-2021
			E5-GLLI-Actas Comisión Titulos de Grao 2019-2020
			E5-GLLI-Actas Comisión Docencia 2019-2020
1	E6	Listaxe de estudantes que solicitaron	E6_GLLI_Recoñecementos Graos 2020-2021

		recoñecemento de créditos	
1,6	E8	Informes/documentos onde se recollan as conclusións dos procedementos de consulta internos e externos para valorar a relevancia e actualización do perfil de egreso dos estudantes do título/valoración adquisición resultados da aprendizaxe	Autoinforme, Criterios 1 e 6
1,7	I1	Número de estudantes de novo ingreso por curso académico	2501099_P.Ind_2020-2021
			2501099_INF.16_2020-2021
			2501099_INF.CiUG_2020-2021
1	I2	No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia	--
1	I3	Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados)	2501099_P.Ind_2020-2021
			5040_INF.03_2020-2021
			I3_GLLI_Mobilidade_2020-2021
2	E9	Páxina web da universidade/centro/título (debe ter como mínimo a información referida "Información mínima pública*")	Web da USC
			Web do Centro
			Web do Título
3	E10	Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)	Web do Centro
3	E11	Evidencias da implantación dos procedimentos do SGC(procedementos	Web do Centro

		completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do SGC: Política de calidade, Deseño revisión periódica e melloras dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante, Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información Pública)	
3,7	E1 2	Plans de mellora derivados da implantación do SGC	Web do Centro
3,7	E1 3	Análise das enquisas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,...)	Autoinforme, Criterios 3 e 7 Actas o informes
Todos	I4	Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	2501099_P.Ind_2020-2021
			2501099_INF.04_2020-2021
			5040_INF.05_2020-2021
			2501099_INF.06_2020-2021
			2501099_INF.07_2020-2021
			2501099_INF.08_2020-2021
			2501099_INF.09_2020-2021
			5040_INF.10_2020-2021
			5040_INF.11_2020-2021
			2501099_INF.13_2020-2021
			2501099_INF.14_2020-2021
			5040_INF.21_2020-2021
			2501099_INF.22_2020-2021

			2501099_INF.23_2020-2021
			2501099_Informe_de_indicadores_2020-2021
			I4_GLLI_Enquisa ERASMUS SAINTE_2020-2021
			I4_GLLI_Enquisa ERASMUS ENTRANTE_2020-2021
			I4_GLLI_Informe Satisfacción TFG_2020-2021
3	I5	Resultados dos indicadores que integran o SGC	2501099_P.Ind_2020-2021
			2501099_Informe_de_indicadores_2020-2021
4	E15	Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc)	2501099_E15_2020-2021
4	E16	Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado)	5040_E16_2020-2021
4	E17	Análise das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución, ...)	Autoinforme, Criterio 4 Actas e informes
4	I6	Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5040_I6-17_2020-2021
4	I7	Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5040_I6-17_2020-2021
4	I8	Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados,	2501099_INF.13_2020-2021
			2501099_INF.14_2020-2021

		evolución,...)	
4	I10	Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título)	5040_I10_2020-2021
5	E18	Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título	Web do Centro
5	E19	Información sobre servizos de orientación académica e programas de acollida	Web do Centro
5	E20	Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares	E20_GLLI_PRÁCTICAS EXTERNAS_2020-2021
			E20_GLLI_Oferta-de-prazas_2019-2020
5	I11	Distribución alumnado por centros de prácticas	I11_GLLI_Distribución Prácticas Externas_2020-2021
5	E22	Materiais didácticos e/o tecnolóxicos que permitan unha aprendizaxe a distancia	Campus Virtual
6	E24	Listaxe de traballos fin de grao/máster de, al menos, os últimos cursos académicos (título, titor y calificación)	E24_GLLI_TFG Inglés_2019-2020
6	E25	Informes/listaxe das calificacións de cada unha das materias do título	2501099_INF.15_2020-2021
6	E26	Mecanismos utilizados para a análise da adquisición dos resultados de aprendizaxe	Autoinforme, Criterio 6 Actas o informes
7	E30	Informe/documento onde se recollan os resultados do título	Autoinforme, Criterio 7 Actas o informes

		(incluídos indicadores inserción laboral e SIIU)	
6,7	I12	Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e avaliación facilitaranse tamen por materia): - Taxa de graduación - Taxa de abandono - Taxa de eficiencia - Taxa de rendimient - Taxa de éxito - Taxa de avaliación	2501099_P.Ind_2020-2021
			2501099_INF.17_2020-2021
			2501099_INF.18_2020-2021
			2501099_INF.19_2020-2021
			2501099_INF_SIIU_2020-2021
			2501099_Informe_de_indicadores_2020-2021
			I12_GLLI_Informe Provisional ACSUG Modificación Memoria_2017-2018
			I12_GLLI_Memoria Actualización Resultados_2017-2018
7	I13	Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso	2501099_P.Ind_2020-2021
			2501099_INF.CiUG_2020-2021
			2501099_Informe_de_indicadores_2020-2021
7	I14	Resultados de inserción laboral	2501099_EIL-SIIU_2020-2021
			2501099_EIL-ACSUG_2020-2021
1,4,5	I15	Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)	2501099_P.Ind_2020-2021
			2501099_Informe_de_indicadores_2020-2021
			2501099_MedUSC_2020-2021
			I15_GLLI_Proposta PDA_2020-2021
			I15_GLLI_PAA_2020-2021

ACCION DE MELLORA	
Código	AM-1 (Curso 2020-2021)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento
Análise causa	Detéctase baixo nivel de satisfacción coa distribución da carga de traballo no Informe da enquisa de satisfacción do alumnado coa titulación.
Definición/ descripción proposta	Comunicación por parte da coordinadora e/ou dos coordinadores de curso a cada profesor sobre a conveniencia de informar ao alumnado das datas de entregas de traballos, probas, etc de avaliación continua coa máxima antelación posible.
Datas	Finalización: 15/09/2021; Inicio: 20/04/2021
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Susana Jiménez Placer

<u>ACCION DE MELLORA</u>	
Código	AM-2 (Curso 2020-2021)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento
Análise causa	Detectado descenso na taxa de participación na enquisa de satisfacción coa titulación do PDI que pode ser debido a certa posible confusión entre as enquisas de satisfacción coa docencia impartida e a enquisa de satisfacción coa titulación.
Definición/ descripción proposta	Informar ao PDI claramente sobre a distinción entre a enquisa de satisfacción coa docencia impartida e a enquisa de satisfacción coa titulación e sobre os prazos de apertura de ambas.
Datas	Finalización: 30/07/2021; Inicio: 20/04/2021
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Susana Jiménez Placer

